

PLENO DO EXCMO. CONCELLO.- NUM. 21

SESION ORDINARIA DO 28 DE DECEMBRO DE 2006

ASISTENTES

Excma. Sra. Alcaldesa
Bermúdez Pérez, Silvia
Caballero Miguez, Gonzalo
Calviño Rodríguez, Xullo
Coello Bufill, Antonio
Comesaña Abalde, Carlos
Cotobad Tombo, Elías Carlos
Couto Pérez, José Manuel
Fernández Fernández, Amador
Figuroa Vila, José Manuel
Garrido González, Alicia
Graña Barcia, María Luisa

Guerra Fernández, Javier Jorge
Losada Álvarez, Abel
López-Chaves Castro, Ignacio Javier
Martíns Vilanova, Margarida Rosa
Méndez Piñeiro, María Xosé
Molares Pérez, Lucía Emilia
Polo Lima, María Soledad
Ruiz Cenicerros, Mauricio
Sío Lourido, Belén
Soto Ferreiro, Manoel
Toba Girón, Xabier

NON ASISTEN:

Alonso Vázquez, Xulio
Arias Moreira, José Carlos
Iglesias Carrera, José Manuel
Vieitez Alonso, Henrique

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, as oito horas e corenta e cinco minutos do día vinteito de decembro do ano dous mil seis, coa Presidencia da Excma. Sra. Alcaldesa, D^a M^a Corina Porro Martínez, e asistencia dos concelleiros Sres. e Sras. Bermúdez Pérez, Caballero Míguez, Calviño Rodríguez, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Cotobad Tombo, Couto Pérez, Fernández Fernández, Figuroa Vila, Garrido González, Graña Barcia, Guerra Fernández, López-Chaves Castro, Losada Álvarez, Martíns Vilanova, Méndez Piñeiro, Molares Pérez, Polo Lima, Ruiz Cenicerros, Sío Lourido, Soto Ferreiro e Toba Girón, actuando como Secretario Xeral do Pleno que asina D. José Riesgo Boluda, constituíuse o Pleno da Excma. Corporación en sesión ORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a tódolos Sres. concelleiros coa antelación legalmente requirida. Non asisten os Sres. Alonso Vázquez, Arias Moreira, Iglesias Carrera e Vieitez Alonso. Están tamén presentes a membro da Xunta de Goberno Local, D^a Marta Iglesias Bueno, e mailo Interventor Xeral, don Juan Ramón González Carnero.

O Presidente declara aberta a sesión en primeira convocatoria e procédese a trata-los asuntos da orde do día.

1.- (249).-ACTA ANTERIOR (SESIÓN 29.09.06).

(Están ausentes os Sres. Alonso Vázquez, Arias Moreira, Iglesias Carrera e Vieitez Alonso).

Por unanimidade dos vintetrés membros presentes da Corporación, dos vintecatro que a constituen de dereito e de feito, acórdase aprobar a acta correspondente á sesión ordinaria do Pleno da Corporación que tivo lugar o día 29 de setembro de 2006.

2.- (250).-DAR CONTA DE ESCRITO DO GRUPO MUNICIPAL DO PSDEG-PSOE, DO 30 DE NOVIEMBRE DE 2006, POLO QUE COMUNICA A DESIGNACIÓN DE VOCEIRO E VOCEIRO ADXUNTO DO DEVANDITO GRUPO

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 1 de decembro de 2006, a concelleira do Grupo municipal Socialista, Sra. Graña Barcia, comunica o nomeamento dos concelleiros don Xulio Calviño Rodríguez e don Abel Losada Alvarez, como voceiro e voceiro adxunto, respectivamente, do devandito grupo.

Do anterior a Presidencia da conta ó Pleno da Corporación quedando enterado.

3.- (251).-AUTORIZACIÓN DE INCREMENTO DA PARTIDA DE PRODUCTIVIDADE DO CAPÍTULO I DO ORZAMENTO DO 00.AA. MUNICIPAL PARQUE DAS CIENCIAS-VIGO ZOO PARA O ANO 2006.

ANTECEDENTES.- Con data 17 de novembro de 2006, o director de Réxime Interior do organismos autónomo municipal Parque das Ciencias VigoZoo, coa conformidade do presidente, emite o seguinte informe-proposta:

"O presidente do Consello de Administración do Parque das Ciencias VigoZoo, con data 17 de novembro de 2006, dictou orde de servizo para que se proceda coa maior urxencia por parte dos servizos económicos deste organismo autónomo municipal á realización dos trámites administrativos necesarios para o sometemento ó criterio do órgano competente, tanto do organismo autónomo como da Corporación Municipal, do incremento da partida orzamentaria 4523.150.00.00 "productividade", pola contía necesaria para atender ás propostas de produtividade que poidan realizarse a través da dirección do parque con cargo ó orzamento de 2006.

A contía necesaria para afrontar os compromisos pendentes polo devandito concepto ascende a un importe de 4.000 euros, podéndose financiar mediante a minoración do crédito da partida 4523.151.00.00 "gratificacións", reducible sen perturbación do normal funcionamento do servizo ó quedaren cubertas as posibles obrigas que puideran xurdir ata finais de ano.

Por todo o exposto, previos os informes xurídicos correspondentes e o informe de fiscalización da Intervención Xeral, efectúase a seguinte proposta:

1.- Autoricar o incremento na cantidade global destinada á partida 4523.150.00.00 "productividade", nunha contía máxima de 4.000 €, sobre a dotación existente na actualidade, mediante a aplicación do crédito sobrante na partida 1210.151.00.00, "gratificacións".

2.- Aprobar e propoñer á súa vez ó Pleno da Corporación o incremento da partida 4523.150.00.00 "gratificacións", na cantidade de 4.000 €."

Con data 29 de novembro o interventor delegado de VigoZoo, informa favorablemente a proposta formulada.

O Consello de Administración do Parque das Ciencias VigoZoo, en sesión do 1 de decembro, aprobou a anterior proposta.

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do 18 de decembro, dictamina favorablemente.

(Están ausentes os Sres. Alonso Vázquez, Arias Moreira, Iglesias Carrera e Viéitez Alonso).

VOTACIÓN E ACORDO.- Con nove votos a favor dos Sres. e Sras. Coello Bufill, Comesaña Abalde, Couto Pérez, Figueroa Vila, Guerra Fernández, López-Chaves Castro, Molares Pérez, Polo Lima e a Presidencia, e trece abstencións dos Sres. e Sras. Bermúdez Pérez, Caballero Miguez, Calviño Rodríguez, Cotobad Tombo, Fernández Fernández, Garrido González, Graña Barcia, Losada Alvarez, Martíns Vilanova, Méndez Piñeiro, Ruiz Ceniceros, Sío Lourido, Soto Ferreiro e Toba Girón,

ACÓRDASE:

Autorizar a implementación da partida 4523.150.00.00 "Productividade" na cantidade de 4000 €

4.- (252).-ADENDA Ó CONVENIO DE DATA 3 DE FEBREIRO DE 2005 ENTRE O CONSORCIO DA ZONA FRANCA DE VIGO, O INSTITUTO GALEGO DE VIVENDA E SOLO E O CONCELLO DE VIGO PARA A CREACIÓN DUN CONSORCIO QUE TEN POR OBXECTO A REHABILITACIÓN DO CASCO VELLO DE VIGO.

ANTECEDENTES.- O Pleno do Concello, en sesión do 31 de xaneiro de 2005, aprobou o texto do convenio interadministrativo entre o Consorcio da Zona Franca de Vigo, Instituto Galego da Vivenda e Solo e o Concello de Vigo para a creación dun Consorcio que teña por obxecto a rehabilitación do Casco Vello de Vigo.

Preséntase á aprobación do Pleno o texto dunha adenda ó citado convenio no sentido de modificar a súa cláusula terceira na forma que se sinala na parte dispositiva deste acordo.

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do 18 de decembro, dictamina favorablemente.

(Están ausentes os Sres. Alonso Vázquez, Arias Moreira, Iglesias Carrera e Viéitez Alonso).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vintetrés membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constituen de dereito e de feito, acórdase:

Primeiro.- Modificar a cláusula terceira do convenio de data 3 de febreiro de 2005 na que se recollía o réxime das aportacións dinerarias do Instituto Galego de Vivenda e Solo ó Consorcio do Casco Vello de Vigo de xeito que as mesmas quedan como se reflicte a continuación:

ANUALIDADE	17.90.331A.607.0	17.90.331A.608.1	17.90.331A.854.0	TOTAL
2005	500.000		2.258.817,98	2.758.817,98
2006	1.300.000	3.998.817,98	3.201.182,02	8.500.000
2007	200.000	241.182,02	300.000	741.182,02
TOTAL	2.000.000	4.240.000	5.760.000	12.000.000

Segundo.- As aportacións do Consorcio da Zona Franca de Vigo e do Concello de Vigo non sofren variación, persistindo as fixadas no citado convenio de data 3 de febreiro de 2005.

**A PRESIDENCIA SOMETE CONXUNTAMENTE A DEBATE OS PUNTOS 5 Ó 29 DA ORDE DO
DÍA, AMBOS INCLUÍDOS.**

DEBATE.- SR. GUERRA FERNÁNDEZ: Bos días a todos e feliz Nadal.

Se lembran vostedes o día 30 de outubro pasado aprobamos de xeito inicial as taxas e os impostos municipais para o ano 2007. No período de exposición pública produciuse unha alegación asinada por dona Carmen Rodal González en representación da Asociación de Mulleres Viúvas Demócratas Europeas de Vigo. O sentido da alegación era que valoráramos dentro das taxas e impostos municipais a situación de viuvez como un motivo de exención nas taxas.

Estudado este tema polos servizos municipais e analizándoo polo miúdo, legalmente non se pode establecer nos impostos municipais unha exención por un motivo como é a viuvez, ó igual que non se podería por orfandade. Este tipo de cousas non poden ser consideradas senón que teñen que seren obxecto dunha lei, pero si hai algunha posibilidade dentro das taxas de prestación de servizos públicos. Ó igual que no momento da aprobación inicial de taxas falabamos das familias numerosas poderíase considerar como fixemos naquel caso o tema da valoración da renda da persoa individual como un motivo para poder establecer esa exención.

Tendo iso en conta e actuando co maior espírito positivo cara a petición que nos facía esta asociación coidamos que poderíamos incluír dentro das taxas municipais unha exención vinculada co tema da viuvez, xa lles digo que non pode ser considerado como motivo de exención pero vinculado dalgún xeito como segue: o tema da renda é o elemento clave para poder establecer esa exención e logo esa renda que se establecería en 3.200 euros per cápita, se vería matizada por dous elementos correctores no caso de que a persoa fora maior de 65 anos e/ou vivira soa, que son as circunstancias máis usuais no caso de viuvez.

Deste xeito, aínda que de maneira formal tiveramos que rexeitar a petición desta asociación, no fondo estamos tratando de cubrir esa alegación e quedaría do seguinte xeito o que propoño ó Pleno: Desestimar a alegación presentada pola Asociación de Mulleres Viúvas Demócratas Europeas de Vigo por motivos de carácter legal. Estimar en parte a devandita alegación nos

supostos nos que a condición de viuvez vaia acompañada de xeito efectivo dunha situación económica precaria (que é a que viría determinada por eses 3.200 euros) nos termos que se aplicaría a este colectivo de igual forma que outros colectivos familiares de reducidos recursos económicos.

Así mesmo propono derrogar expresamente o texto complementario da Ordenanza Fiscal Xeral do ano 89 e establecer as seguintes taxas: taxa reguladora de documentos que expida ou que entenda a administración do Concello, quedaría modificada con esta limitación de renda per cápita. O mesmo para servizos de cemiterios municipais; a taxa pola recollida de lixo que no seu caso particular se especifica os coeficientes correctores de 0,50 para persoas de máis de 65 anos e de 0,75 para persoas que vivan soas. Tamén se modificaría a ordenanza fiscal de inspección sanitaria, análises químicas, bacteriolóxicas, etc.; a taxa por servizos de sanidade, as taxas por primeira etapa de educación infantil, de Vigo Zoo, prezos públicos por prestación de ensinos especiais e a modificación e utilización do Instituto Municipal dos Deportes, que é onde nós poderíamos aplicar esta exención.

De xeito concreto o que propono ó Pleno é a modificación das taxas no sentido de establecer unha exención ata 3.200 euros de renda per cápita e con dous coeficientes correctores, un para as persoas que viven soas de 0,75 de xeito que a renda destas persoas quedaría fixada en 4.256 euros e para as persoas de máis de 65 anos un coeficiente corrector de 0,5 de xeito que quedarían exentas ata 6.400 euros de renda per cápita.

No caso de persoas de 65 anos que ademais vivan soas a renda quedaría en 8.512 euros per cápita.

Non sei se fun o suficientemente claro pero iso é o que propono para a aprobación plenaria.

SRA. GRAÑA BARCIA: Cando presentaron para aprobación provisional as ordenanzas dixémoslles que tiñan falla de estudos e de análises económicas, que eran unha mostra de mala xestión política e de demagogia e que todo isto era a carta de presentación das ordenanzas. Non presentaron a modificación da taxa da auga, modificación prometida e de xustiza e ó noso entender burlábanse das familias numerosas con anuncios e sen realidades.

Lonxe de atender ós nosos argumentos, absténdonos na votación, non só non melloran hoxe a súa proposta, senón que nalgúns casos entendemos que a empeoran, abondando máis se cabe en titulares demagóxicos.

Non repetiremos o que xa expuxemos no Pleno de aprobación provisional, pero si analizaremos os cambios que se produciron respecto á proposta de

ordenanzas que se nos propuxo naquel Pleno do mes de outubro porque houbo unha reclamación e unha estimación parcial da mesma e iso afecta ó contido social das ordenanzas.

Estas ordenanzas fiscais que hoxe presentan para aprobación definitiva tralo período de alegacións son, entre outras cousas, fiel reflexo da súa política social, da súa parca e mesquiña política social, da súa falla de iniciativa en política social e por iso do seu nulo ou estreito compromiso social.

As únicas novidades de contido social que presentaron son: a mellora do tratamento fiscal das familias numerosas no Pleno anterior, unha moción presentada pola miña compañeira, Sra. Sío, moción polo tanto deste Grupo municipal Socialista e hoxe presentan unha suposta mellora do tratamento fiscal para persoas de reducidos ingresos, produto da reclamación presentada pola Asociación de Mulleres Viúvas.

Como xa dixemos no Pleno anterior respecto ás familias numerosas, estas novidades non son tales porque o tratamento diferenciado para persoas máis desfavorecidas xa existía, Sr. Guerra, e porque non tiveron a iniciativa nin foron quen de atender suficientemente as iniciativas presentadas por outros, tanto pola asociación de viúvas como por este grupo coa presentación daquela moción.

É máis, en troques de tratar ou solucionar os problemas, crearon outros novos. En troques de aproveitar a reclamación presentada polo colectivo de viúvas en período de alegacións para mellorar a súa proposta inicial, crearon problemas onde antes non existían. Coa súa actual proposta cidadáns con escasas rendas que antes podían disfrutar dun tratamento favorable, agora pérdeno. En troques de igualar a todos no mellor melloraron a uns en detrimento doutros. Familias de escasos recursos, cun só salario ou persoas con escasos medios económicos que vivan soas e que teñan menos de 65 anos, teñen menos beneficios agora que os que tiñan antes.

Antes a referencia ó salario mínimo interprofesional, 570,60 euros ó mes, 6.847,2 euros ó ano e ó modificaren esta referencia ó salario mínimo interprofesional polos agora 3,200 euros, é dicir 266 euros ó mes, desprotexeron a cidadáns que antes disfrutaban dun tratamento mellor. Pode ser que este goberno estime que quen cobra máis de 266 euros e menos de 570 ó mes ten suficiente para vivir, pero nós coidamos que non.

Poderían alomenos estender o mesmo tratamento que aplicaron para as familias numerosas: 5.000 euros ó ano, pero nin iso; ou sinxelamente deixar

as cousas coma estaban e incorporar os índices correctores tratando de mellorar a persoas soas e maiores de 65 anos.

Todo isto rematou sendo un barullo provocado e provocador de cifras e titulares que pretendía, aínda que non o acada, tapar o desaguisado que orixinaron, non mellorar significativamente a situación de persoas con escasos recursos e nalgúns casos ata empeoralala partindo da política da mediocridade pois do total de ordenanzas só se aplican bonificacións en oito delas con importantes exemplos, como a taxa pola prestación de servizos de inspección sanitaria habitualmente utilizada, ou a taxa pola prestación de servizos de sanidade preventiva ou de desratización, tamén cotiamente utilizada tanto por familias numerosas como por persoas viúvas, maiores de 65 e que viven soas.

Isto non só o di este grupo, Sr. Guerra, tamén o di a asociación de familias numerosas e aquí temos recollido en hemeroteca como a propia asociación de familias numerosas mantivo o irrisorio desta proposta, é dicir, os supostos beneficiarios das súas propostas.

Para rematar, estas ordenanzas fiscais non respostan a unha política solidaria, a unha política dirixida ós máis desfavorecidos e tiveron a oportunidade. Entendemos que a desaproveitaron e que ademais empeoraron as cousas.

SR. GUERRA FERNÁNDEZ: Sobre o tema da mala xestión eu non vou contestar porque xa me semella completamente recorrente e que non ven ó caso nestes momentos.

Sobre o tema do contido social que menciona nas taxas, lémbrolle que vostede tivo responsabilidade de goberno no seu momento e non lembro ningún caso no que vostedes presentaran cambios sobre este tipo de cousas.

Pero efectivamente no tema das familias numerosas eu recoñecín neste Pleno que foi por iniciativa da Sra. Sío que eu recollín con todo o cariño, moi positivamente, agradezino e por iso estaba recollido nas taxas.

Dicir que as taxas tiveron problemas de xestión ou de incapacidade cando hai unha única alegación dunha asociación seméllame excesivo e fóra de lugar. É unha única alegación a que se presentou e polo tanto nós a estudamos con todo o cariño do mundo, tentando valorar a situación destas persoas. Pero lle lembro novamente, teño aquí a lei e vostede seguramente sabe máis ca min de leis, concretamente é o RD 2/2004 o que regula todo este tema das exencións e dende o punto de vista dos beneficios fiscais, terminante e expresamente non permite ás Corporacións locais fixar máis

beneficios fiscais que os que estean estruturados por lei. Polo tanto temos esta limitación, esta limitación existe, semella que vostede a descoñece e fai por elevación como se nós non quixeramos aplicar máis beneficios fiscais e o caso é que non os podemos aplicar porque existe unha limitación legal.

É por iso polo que se tenta considerar nas taxas de prestación de servizos que en todo caso son algunhas destas que vostede mencionou. Ademais di exactamente a lei: "...Para a determinación da conta das taxas poderán terse en conta criterios xenéricos de capacidade económica dos suxeitos obrigados a satisfacelas", que son os que estamos aplicando neste caso. Non existe a posibilidade legal do aplicar a todos os ingresos fiscais deste Concello, pódese facer para as taxas de prestación de servizos e é aí onde o aplicamos. Quizais nos gustaría o aplicar noutros moitos pero non é posible por un tema legal.

O tema dos números sinceiramente non o entendo Sra. Graña. Segundo a información que eu teño antes dispoñían dunha exención as persoas que tiñan 2.400 euros de ingresos ó ano; se agora estamos cambiando a exención a 5.000 no caso das familias numerosas e no caso das persoas que viven soas e de 65 anos a 8.512, ás persoas maiores de 65 a 6.400 e ás persoas de 65 anos que viven soas en 4.256, estamos dobrando a renda mínima pola que unha persoa ten dereito a esa exención. É un cálculo meramente matemático e polo tanto non entendo moi ben ó que vostede se refire.

A política social deste grupo municipal amósase claramente cando diante de iniciativas deste estilo o primeiro que facemos é tentar considerarlo positivamente e por riba máis que se duplica, nalgúns casos se triplica o nivel mínimo para poder acceder a aqueles beneficios fiscais que a lei nos permite. Cos que a lei non permite non podemos facer outra cousa.

Esta é a situación, sinceiramente non entendo todo o lío de números que vostede tenta montar pero vou repetir para que quede claro todo isto ó que vostede chama "follón": as familias numerosas, familias con 5 membros que teñan 5.000 euros de renda per cápita, por persoa, quedan exentas das taxas e impostos municipais sobre os que nós podemos decidir. As persoas maiores de 65 anos que viven soas, 8.512; as persoas maiores de 65 anos que viven acompañadas, a súa renda per cápita 6.400; as persoas menores de 65 anos que viven soas, 4.256.

Eu non vexo ningún tipo de dificultade, está absolutamente claro, son cálculos matemáticos. Si hai un dato que lle quero dar e é que para tomar os datos, tanto da renda das familias numerosas como o dato de persoas

maiores de 65 anos que viven soas, tomamos dous criterios completamente obxectivos que son o índice de gastos de familias na área de Vigo e o índice do límite da pobreza da OCDE que é de 3.000 euros. Nós incrementamos ese índice a 3.200 por se había erros estatísticos e ademais aplicamos dous coeficientes correctores: un por 65 anos e outro por vivir só.

SRA. GRAÑA BARCIA: Coido que a min me ocorre o mesmo, Sr. Guerra, voulle repetir porque ou me expresei mal ou non me entendeu. Repítolle para que tamén quede claro: familias de escasos recursos cun só salario ou persoas con escasos medios económicos que vivan soas e que teñan menos de 65 anos, teñen menos beneficios agora que os que tiñan antes, pode vostede facer as contas. Existe un cambio de topes, antes utilizábase como referencia o salario mínimo interprofesional, agora modifícano vostedes por 3.200 euros/ano e hai unha diferenza significativa entre o que importa o salario mínimo interprofesional que é unha cantidade máis elevada que 3.200 euros/ano e así determinadas persoas que antes gozaban de beneficios, agora pérdenos.

Ademais repito de novo que coidamos que existía unha solución. Non consideramos que lle esteamos presentando unha modificación que non teña unha previsión legal porque lles estamos a falar do mesmo que vostedes fixeron, estámolle dicindo que ou ben poderían ter utilizado o mesmo tratamento que se lle deu en canto a cantidade límite ás familias numerosas, 5.000 euros/ano, en troques da cantidade de 3.200, ou ben se poderían ter deixado as cousas como estaban, coa referencia do salario mínimo interprofesional, e incorporar os índices correctores que neste momento nos presentan de persoas que viven soas e maiores de 65 anos.

Non vou discutir máis, Sr. Guerra, vostede expuxo como entende que debe ser a política de exencións, dándolle un tratamento diferenciado a aqueles que non gozan duns recursos elevados e nós entendemos que a posición correcta sería esta: manter o salario mínimo interprofesional como cantidade de referencia e no seu caso mellorar, pero non mellorar ó mellor a determinadas persoas ou colectivos en detrimento doutros, senón manter o que xa existía e no seu caso incorporar outro tipo de persoas ou colectivos que non dispoñen de suficientes recursos. Coidamos que coa solución que presentaron isto non se acadou.

SR. GUERRA FERNÁNDEZ: Sra. Graña, se poñemos 5.000 euros como límite para poder disfrutar da exención e o cambiamos a 6.000, hai máis persoas que se

benefician. Non sei se dá conta, nós o que estamos é ampliando o rango. Se vostede considera o nivel de renda do salario mínimo interprofesional, considérase a un grupo de persoas limitado; se ampliamos iso, que é o que estamos facendo, hai máis persoas que saen beneficiadas, Sra. Graña, é sinxelamente así, non sei se se dá conta disto pero é que vostede me di que o tratamento das familias numerosas era de 5.000 euros pero é que agora estamos aplicando ós maiores de 65 con 8.500, polo tanto estamos beneficiando a máis persoas.

5.- (253).-EXPEDIENTE DE RESOLUCIÓN DE ALEGACIÓN E APROBACIÓN DEFINITIVA
DA ORDENANZA FISCAL XERAL PARA O EXERCICIO 2007.

ANTECEDENTES.- Con data 12 de decembro de 2006, a directora de Ingresos, coa conformidade do interventor xeral e máis do secretario xeral do Pleno, informa do que segue:

“No Boletín Oficial da Provincia do 31 de outubro de 2006 e na prensa local con data 3 de novembro de 2006, publicáronse sendos anuncios de exposición pública dos acordos provisionais adoptados en sesión plenaria do 30 de outubro de 2006 sobre modificacións de ordenanzas fiscais e de prezos públicos contidas nos puntos 7 a 31 da orde do día, todo isto de conformidade co artigo 17.2 do RDL 2/2004 do 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Durante o período de exposición pública de trinta días hábiles comprendidos entre o día 1 de novembro e 7 de decembro pasado, tivo entrada no rexistro xeral documento nº 60119115 con data 14.11.06 constitutivo de alegación asinada por D^a Carmen Rodal Gonzalez en representación da Asociación de mulleres viúvas demócratas europeas de Vigo.

O contido da alegación alude á situación económica precaria de persoas integrantes do colectivo de viúvas e viuvos, poñendo de manifesto que, en moitos casos, o seu único ingreso consistiría en pensións de viudedade de escasa contía. Solicitan que “se incorporen ás ordenanzas fiscais para 2007, exencións e bonificacións no pagamento de tributos locais específicas para o colectivo de persoas viúvas, ó igual que se contemplan para outros colectivos”.

Diante do solicitado, compre informar o seguinte:

O relativo a beneficios fiscais en materia tributaria debe estar regulado expresamente en norma con rango de lei formal. O principio de “reserva de lei en materia tributaria” está consagrado no título VII da Constitución Española, referíndose especificamente o seu artigo 133 ás potestades tributarias que deben regularse mediante lei. En concordancia co citado principio constitucional, o artigo 8 da lei 58/2003 do 17 de decembro, Xeral Tributaria establece que “regularanse, en todo caso, por lei:d.) o

establecemento, modificación, supresión e prórroga de exencións, reducións, bonificacións, deducións e demais beneficios ou incentivos fiscais”

A norma legal que regula os tributos locais é o RDL 2/2004 do 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais. Conforme dispón o seu artigo 9 apartado 1: “Non poderán recoñecerse outros beneficios fiscais nos tributos locais non sendo os que estean expresamente previstos en normas con rango de lei ou os derivados de tratados internacionais”. Este texto, xunto coa Lei Xeral Tributaria, constitúen o marco legal de aplicación para a exacción dos tributos locais.

No que atinxe a beneficios fiscais, o RDL 2/2004 non contempla en ningún dos impostos municipais a facultade de que os concellos establezan ningún beneficio fiscal por razón de viudedade, en consecuencia non sería viable, dende o punto de vista estrictamente legal, propoñer ó Concello Pleno un beneficio fiscal no ámbito dos impostos municipais. Sucede o mesmo coas taxas de utilización privativa ou aproveitamento especial de dominio público local (entradas de vehículos, reservas de aparcadoiro, aperturas de gabias etc.).

En relación coas taxas de prestación de servizos, aínda non previndo o RDL 2/2004 suposto ningún de beneficio fiscal, o artigo 24.4 permite atemperar a carga fiscal nestas taxas segundo a capacidade económica:

“Para a determinación da contía das taxas poderán terse en conta criterios xenéricos de capacidade económica dos suxeitos obrigados a satisfacelas”

Tomando en conta os criterios de capacidade económica, o Concello de Vigo ven establecendo nas diferentes ordenanzas fiscais algún tipo de redución no pagamento de taxas de prestación de servizos. O Texto complementario da Ordenanza Fiscal Xeral, en materia de exencións e bonificacións de taxas por prestación de servizos aprobado o 23 de decembro de 1989 regula determinados beneficios fiscais. Igualmente ocorre nas ordenanzas fiscais de escolas infantís, axuda no fogar, centro de día de maiores, zoo e mesmo nos prezos públicos do IMD e ensinanzas especiais de música e teatro.

O fundamento dos anteriores beneficios fiscais é a escasa capacidade económica das persoas obrigadas a satisfacer as taxas. Do mesmo modo, as exencións ou reducións aprobadas provisionalmente o 30 de outubro pasado, para familias numerosas, fundaméntanse na presunción de que estas familias ven diminuída a súa “capacidade económica efectiva” por razón dos gastos fixos que ocasionan os fillos. En definitiva, tamén neste caso estase atendendo directamente ó criterio de capacidade económica.

Segundo esta liña, estímase oportuno propoñer uns criterios xenéricos de capacidade económica para todo tipo de familias, atendendo ós ingresos brutos per capita con certas ponderacións para persoas que viven soas e tamén para maiores de 65 anos.

A ponderación para a persoas que viven soas (aplicaríase un coeficiente de 0,75 os seus ingresos) iría destinada a compensar o maior peso de gastos fixos por vivenda sobre os gastos totais. A ponderación para maiores de 65 anos (aplicaríase un coeficiente de 0,50 ós seus ingresos) tería en conta o gran peso que, para este colectivo, teñen os gastos de carácter asistencial, médico e outros propios da terceira idade.

O proposto no parágrafo precedente substituiría o regulado no Texto Complementario da Ordenanza Fiscal Xeral en materia de exencións e bonificacións de taxas pola prestación de servizos aprobado o 23 de decembro de 1989, no que a súa redacción da lugar a un tratamento desigual e pouco equitativo, ó considerar ingresos totais da "unidade familiar" en lugar de ingresos per capita. Dende o punto de vista do procedemento así como doutros elementos substantivos, este texto resulta, na actualidade, moi deficiente, dende o punto de vista técnico-xurídico. Por estes motivos propónse a continuación a derogación do citado texto complementario.

Por outra parte para unha correcta aplicación da equidade así como para unha correcta e eficiente xestión de cada taxa, non debe regularse igual o beneficio fiscal nun tributo periódico como é a taxa de lixo que nun tributo esporádico como unha licenza de inhumación ou un certificado de empadramento polo que se considera oportuno incluír unha regulación específica en cada ordenanza fiscal, mantendo iso sí os mesmos criterios de capacidade económica. Por motivos de economía na xestión e comodidade para os obrigados a satisfacer as diferentes taxas propónse a regulación dos diferentes aspectos de procedementos e documentos por resolución da Concellería de Economía e Facenda, dado que, en cada caso, os procedementos e as esixencias de aportación de documentos para acreditar a condición de suxeito pasivo, con dereito a disfrutar do beneficio fiscal, virían determinados pola taxa específica."

Visto o anterior a directora de Ingresos emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do 18 de decembro, dictamina favorablemente a devandita proposta.

(Están ausentes os Sres. Alonso Vázquez, Arias Moreira, Iglesias Carrera e Viéitez Alonso).

VOTACIÓN E ACORDO.- Con nove votos a favor dos Sres. e Sras. Coello Bufill, Comesaña Abalde, Couto Pérez, Figueroa Vila, Guerra Fernández, López-Chaves Castro, Molares Pérez, Polo Lima e a Presidencia, e catorce abstencións dos Sres. e Sras. Bermúdez Pérez, Caballero Miguez, Calviño Rodríguez, Cotobad Tombo, Fernández Fernández, Garrido González, Graña Barcia, Losada Alvarez, Martíns Vilanova, Méndez Piñeiro, Ruiz Cenicerós, Sío Lourido, Soto Ferreiro e Toba Girón, acórdase:

Primeiro.- Desestimar a alegación presentada pola Asociación de mulleres viúvas demócratas europeas de Vigo no que se refire á condición específica de viudedade, por motivos de carácter legal. Estimar, en parte, a citada alegación, núm. documento 60119115, nos supostos en que a condición de viudedade vaia acompañada de forma efectiva dunha situación económica precaria, nos termos en que se aplicaríase a este colectivo de igual forma

que para outros colectivos familiares de reducidos recursos económicos, expresados aqueles no apartado 3º deste acordo.

Segundo.- Derrogar expresamente o vixente Texto Complementario da Ordenanza Fiscal Xeral, en materia de exencións e bonificacións de taxas por prestación de servizos aprobado o 23 de decembro de 1989, que resulta substituído polas regulacións específicas en cada ordenanza fiscal.

Terceiro.- Publicar no BOP o texto correspondente á Modificación da Ordenanza Fiscal Xeral aprobada definitivamente para o exercizo 2007.

Cuarto.- Facultar á Dirección de Ingresos para a elaboración dos correspondentes textos refundidos coa finalidade da edición do libro de Ordenanzas Fiscais e de Prezos Públicos 2007.

6.- (254).-EXPEDIENTE DE RESOLUCIÓN DE ALEGACIÓN E APROBACIÓN DEFINITIVA DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES.

ANTECEDENTES.- Con data 12 de decembro de 2006, a directora de Ingresos, coa conformidade do interventor xeral e máis do secretario xeral do Pleno, informa do que segue:

"No Boletín Oficial da Provincia do 31 de outubro de 2006 e na prensa local con data 3 de novembro de 2006, publicáronse sendos anuncios de exposición pública dos acordos provisionais adoptados en sesión plenaria do 30 de outubro de 2006 sobre modificacións de ordenanzas fiscais e de prezos públicos contidas nos puntos 7 a 31 da orde do día, todo isto de conformidade co artigo 17.2 do RDL 2/2004 do 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Durante o período de exposición pública de trinta días hábiles comprendidos entre o día 1 de novembro e 7 de decembro pasado, tivo entrada no rexistro xeral documento nº 60119115 con data 14.11.06 constitutivo de alegación asinada por D^a Carmen Rodal Gonzalez en representación da Asociación de mulleres viúvas demócratas europeas de Vigo.

O contido da alegación alude á situación económica precaria de persoas integrantes do colectivo de viúvas e viuvos, poñendo de manifesto que, en moitos casos, o seu único ingreso consistiría en pensións de viudedade de escasa contía. Solicitan que "se incorporen ás ordenanzas fiscais para 2007, exencións e bonificacións no pagamento de tributos locais específicas para o colectivo de persoas viúvas, ó igual que se contemplan para outros colectivos".

Diante do solicitado, compre informar o seguinte:

O relativo a beneficios fiscais en materia tributaria debe estar regulado expresamente en norma con rango de lei formal. O principio de "reserva de

lei en materia tributaria" está consagrado no título VII da Constitución Española, referíndose especificamente o seu artigo 133 ás potestades tributarias que deben regularse mediante lei. En concordancia co citado principio constitucional, o artigo 8 da lei 58/2003 do 17 de decembro, Xeral Tributaria establece que "regularanse, en todo caso, por lei:d.) o establecemento, modificación, supresión e prórroga de exencións, reducións, bonificacións, deducións e demais beneficios ou incentivos fiscais"

A norma legal que regula os tributos locais é o RDL 2/2004 do 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais. Conforme dispón o seu artigo 9 apartado 1: "Non poderán recoñecerse outros beneficios fiscais nos tributos locais non sendo os que estean expresamente previstos en normas con rango de lei ou os derivados de tratados internacionais". Este texto, xunto coa Lei Xeral Tributaria, constitúen o marco legal de aplicación para a exacción dos tributos locais.

No que atinxe a beneficios fiscais, o RDL 2/2004 non contempla en ningún dos impostos municipais a facultade de que os concellos establezan ningún beneficio fiscal por razón de viudedade, en consecuencia non sería viable, dende o punto de vista estritamente legal, propoñer ó Concello Pleno un beneficio fiscal no ámbito dos impostos municipais. Sucede o mesmo coas taxas de utilización privativa ou aproveitamento especial de dominio público local (entradas de vehículos, reservas de aparcadoiro, aperturas de gabias etc.).

..."

Visto o anterior a directora de Ingresos emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do 18 de decembro, dictamina favorablemente a devandita proposta.

(Están ausentes os Sres. Alonso Vázquez, Arias Moreira, Iglesias Carrera e Viéitez Alonso).

VOTACIÓN E ACORDO.- Con nove votos a favor dos Sres. e Sras. Coello Bufill, Comesaña Abalde, Couto Pérez, Figueroa Vila, Guerra Fernández, López-Chaves Castro, Molares Pérez, Polo Lima e a Presidencia, e catorce abstencións dos Sres. e Sras. Bermúdez Pérez, Caballero Miguez, Calviño Rodríguez, Cotobad Tombo, Fernández Fernández, Garrido González, Graña Barcia, Losada Alvarez, Martíns Vilanova, Méndez Piñeiro, Ruiz Cenicerós, Sío Lourido, Soto Ferreiro e Toba Girón, acórdase:

Primeiro.- Desestimar a alegación presentada pola Asociación de mulleres viudas demócratas europeas de Vigo no que se refire á condición específica de viudedade, por motivos de carácter legal.

Segundo.- Aprobar definitivamente o texto da modificación da ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre bens inmobles, coa redacción aprobada provisionalmente en sesión plenaria de data 30 de outubro de 2006.

Terceiro.- Publicar no BOP o texto correspondente á citada modificación aprobada definitivamente para o exercizo 2007.

Cuarto.- Facultar á Dirección de Ingresos para a elaboración dos correspondentes textos refundidos coa finalidade da edición do libro de Ordenanzas Fiscais e de Prezos Públicos 2007.

7.- (255).-EXPEDIENTE DE RESOLUCIÓN DE ALEGACIÓN E APROBACIÓN DEFINITIVA DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA.

ANTECEDENTES.- Con data 12 de decembro de 2006, a directora de Ingresos, coa conformidade do interventor xeral e máis do secretario xeral do Pleno, informa do que segue:

“No Boletín Oficial da Provincia do 31 de outubro de 2006 e na prensa local con data 3 de novembro de 2006, publicáronse sendos anuncios de exposición pública dos acordos provisionais adoptados en sesión plenaria do 30 de outubro de 2006 sobre modificacións de ordenanzas fiscais e de prezos públicos contidas nos puntos 7 a 31 da orde do día, todo isto de conformidade co artigo 17.2 do RDL 2/2004 do 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Durante o período de exposición pública de trinta días hábiles comprendidos entre o día 1 de novembro e 7 de decembro pasado, tivo entrada no rexistro xeral documento nº 60119115 con data 14.11.06 constitutivo de alegación asinada por D^a Carmen Rodal Gonzalez en representación da Asociación de mulleres viúvas demócratas europeas de Vigo.

O contido da alegación alude á situación económica precaria de persoas integrantes do colectivo de viúvas e viuvos, poñendo de manifesto que, en moitos casos, o seu único ingreso consistiría en pensións de viudedade de escasa contía. Solicitan que “se incorporen ás ordenanzas fiscais para 2007, exencións e bonificacións no pagamento de tributos locais específicas para o colectivo de persoas viúvas, ó igual que se contemplan para outros colectivos”.

Diante do solicitado, compre informar o seguinte:

O relativo a beneficios fiscais en materia tributaria debe estar regulado expresamente en norma con rango de lei formal. O principio de “reserva de lei en materia tributaria” está consagrado no título VII da Constitución Española, referíndose especificamente o seu artigo 133 ás potestades tributarias que deben regularse mediante lei. En concordancia co citado

principio constitucional, o artigo 8 da lei 58/2003 do 17 de decembro, Xeral Tributaria establece que "regularanse, en todo caso, por lei:d.) o establecemento, modificación, supresión e prórroga de exencións, reducións, bonificacións, deducións e demais beneficios ou incentivos fiscais"

A norma legal que regula os tributos locais é o RDL 2/2004 do 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais. Conforme dispón o seu artigo 9 apartado 1: "Non poderán recoñecerse outros beneficios fiscais nos tributos locais non sendo os que estean expresamente previstos en normas con rango de lei ou os derivados de tratados internacionais". Este texto, xunto coa Lei Xeral Tributaria, constitúen o marco legal de aplicación para a exacción dos tributos locais.

No que atinxe a beneficios fiscais, o RDL 2/2004 non contempla en ningún dos impostos municipais a facultade de que os concellos establezan ningún beneficio fiscal por razón de viudedade, en consecuencia non sería viable, dende o punto de vista estrictamente legal, propoñer ó Concello Pleno un beneficio fiscal no ámbito dos impostos municipais. Sucede o mesmo coas taxas de utilización privativa ou aproveitamento especial de dominio público local (entradas de vehículos, reservas de aparcadoiro, aperturas de gabias etc.).
..."

Visto o anterior a directora de Ingresos emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do 18 de decembro, dictamina favorablemente a devandita proposta.

(Están ausentes os Sres. Alonso Vázquez, Arias Moreira, Iglesias Carrera e Viéitez Alonso).

VOTACIÓN E ACORDO.- Con nove votos a favor dos Sres. e Sras. Coello Bufill, Comesaña Abalde, Couto Pérez, Figueroa Vila, Guerra Fernández, López-Chaves Castro, Molares Pérez, Polo Lima e a Presidencia, e catorce abstencións dos Sres. e Sras. Bermúdez Pérez, Caballero Miguez, Calviño Rodríguez, Cotobad Tombo, Fernández Fernández, Garrido González, Graña Barcia, Losada Alvarez, Martíns Vilanova, Méndez Piñeiro, Ruiz Cenicerós, Sío Lourido, Soto Ferreiro e Toba Girón, acórdase:

Primeiro.- Desestimar a alegación presentada pola Asociación de mulleres viúvas demócratas europeas de Vigo no que se refire á condición específica de viudedade, por motivos de carácter legal.

Segundo.- Aprobar definitivamente o texto da modificación da ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre vehículos de tracción mecánica, coa

redacción aprobada provisionalmente en sesión plenaria de data 30 de outubro de 2006.

Terceiro.- Publicar no BOP o texto correspondente á citada modificación aprobada definitivamente para o exercizo 2007.

Cuarto.- Facultar á Dirección de Ingresos para a elaboración dos correspondentes textos refundidos coa finalidade da edición do libro de Ordenanzas Fiscais e de Prezos Públicos 2007.

8.- (256).-EXPEDIENTE DE RESOLUCIÓN DE ALEGACIÓN E APROBACIÓN DEFINITIVA DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE ACTIVIDADES ECONÓMICAS.

ANTECEDENTES.- Con data 12 de decembro de 2006, a directora de Ingresos, coa conformidade do interventor xeral e máis do secretario xeral do Pleno, informa do que segue:

“No Boletín Oficial da Provincia do 31 de outubro de 2006 e na prensa local con data 3 de novembro de 2006, publicáronse sendos anuncios de exposición pública dos acordos provisionais adoptados en sesión plenaria do 30 de outubro de 2006 sobre modificacións de ordenanzas fiscais e de prezos públicos contidas nos puntos 7 a 31 da orde do día, todo isto de conformidade co artigo 17.2 do RDL 2/2004 do 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Durante o período de exposición pública de trinta días hábiles comprendidos entre o día 1 de novembro e 7 de decembro pasado, tivo entrada no rexistro xeral documento nº 60119115 con data 14.11.06 constitutivo de alegación asinada por D^a Carmen Rodal Gonzalez en representación da Asociación de mulleres viúvas demócratas europeas de Vigo.

O contido da alegación alude á situación económica precaria de persoas integrantes do colectivo de viúvas e viuvos, poñendo de manifesto que, en moitos casos, o seu único ingreso consistiría en pensións de viudedade de escasa contía. Solicitan que “se incorporen ás ordenanzas fiscais para 2007, exencións e bonificacións no pagamento de tributos locais específicas para o colectivo de persoas viúvas, ó igual que se contemplan para outros colectivos”.

Diante do solicitado, compre informar o seguinte:

O relativo a beneficios fiscais en materia tributaria debe estar regulado expresamente en norma con rango de lei formal. O principio de “reserva de lei en materia tributaria” está consagrado no título VII da Constitución Española, referíndose especificamente o seu artigo 133 ás potestades tributarias que deben regularse mediante lei. En concordancia co citado principio constitucional, o artigo 8 da lei 58/2003 do 17 de decembro, Xeral Tributaria establece que “regularanse, en todo caso, por lei:d.) o

establecemento, modificación, supresión e prórroga de exencións, reducións, bonificacións, deducións e demais beneficios ou incentivos fiscais"

A norma legal que regula os tributos locais é o RDL 2/2004 do 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais. Conforme dispón o seu artigo 9 apartado 1: "Non poderán recoñecerse outros beneficios fiscais nos tributos locais non sendo os que estean expresamente previstos en normas con rango de lei ou os derivados de tratados internacionais". Este texto, xunto coa Lei Xeral Tributaria, constitúen o marco legal de aplicación para a exacción dos tributos locais.

No que atinxe a beneficios fiscais, o RDL 2/2004 non contempla en ningún dos impostos municipais a facultade de que os concellos establezan ningún beneficio fiscal por razón de viudedade, en consecuencia non sería viable, dende o punto de vista estrictamente legal, propoñer ó Concello Pleno un beneficio fiscal no ámbito dos impostos municipais. Sucede o mesmo coas taxas de utilización privativa ou aproveitamento especial de dominio público local (entradas de vehículos, reservas de aparcadoiro, aperturas de gabias etc.).
..."

Visto o anterior a directora de Ingresos emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do 18 de decembro, dictamina favorablemente a devandita proposta.

(Están ausentes os Sres. Alonso Vázquez, Arias Moreira, Iglesias Carrera e Viéitez Alonso).

VOTACIÓN E ACORDO.- Con nove votos a favor dos Sres. e Sras. Coello Bufill, Comesaña Abalde, Couto Pérez, Figueroa Vila, Guerra Fernández, López-Chaves Castro, Molares Pérez, Polo Lima e a Presidencia, e catorce abstencións dos Sres. e Sras. Bermúdez Pérez, Caballero Miguez, Calviño Rodríguez, Cotobad Tombo, Fernández Fernández, Garrido González, Graña Barcia, Losada Alvarez, Martíns Vilanova, Méndez Piñeiro, Ruiz Cenicerós, Sío Lourido, Soto Ferreiro e Toba Girón, acórdase:

Primeiro.- Desestimar a alegación presentada pola Asociación de mulleres viúvas democratas europeas de Vigo no que se refire á condición específica de viudedade, por motivos de carácter legal.

Segundo.- Aprobar definitivamente o texto da modificación da ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre actividades económicas, coa redacción aprobada provisionalmente en sesión plenaria de data 30 de outubro de 2006.

Terceiro.- Publicar no BOP o texto correspondente á citada modificación aprobada definitivamente para o exercizo 2007.

Cuarto.- Facultar á Dirección de Ingresos para a elaboración dos correspondentes textos refundidos coa finalidade da edición do libro de Ordenanzas Fiscais e de Prezos Públicos 2007.

9.- (257).-EXPEDIENTE DE RESOLUCIÓN DE ALEGACIÓN E APROBACIÓN DEFINITIVA DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE CONSTRUCCIÓN E OBRAS. INSTALACIÓNS E OBRAS.

ANTECEDENTES.- Con data 12 de decembro de 2006, a directora de Ingresos, coa conformidade do interventor xeral e máis do secretario xeral do Pleno, informa do que segue:

"No Boletín Oficial da Provincia do 31 de outubro de 2006 e na prensa local con data 3 de novembro de 2006, publicáronse sendos anuncios de exposición pública dos acordos provisionais adoptados en sesión plenaria do 30 de outubro de 2006 sobre modificacións de ordenanzas fiscais e de prezos públicos contidas nos puntos 7 a 31 da orde do día, todo isto de conformidade co artigo 17.2 do RDL 2/2004 do 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Durante o período de exposición pública de trinta días hábiles comprendidos entre o día 1 de novembro e 7 de decembro pasado, tivo entrada no rexistro xeral documento nº 60119115 con data 14.11.06 constitutivo de alegación asinada por D^a Carmen Rodal Gonzalez en representación da Asociación de mulleres viúvas demócratas europeas de Vigo.

O contido da alegación alude á situación económica precaria de persoas integrantes do colectivo de viúvas e viuvos, poñendo de manifesto que, en moitos casos, o seu único ingreso consistiría en pensións de viudedade de escasa contía. Solicitan que "se incorporen ás ordenanzas fiscais para 2007, exencións e bonificacións no pagamento de tributos locais específicas para o colectivo de persoas viúvas, ó igual que se contemplan para outros colectivos".

Diante do solicitado, compre informar o seguinte:

O relativo a beneficios fiscais en materia tributaria debe estar regulado expresamente en norma con rango de lei formal. O principio de "reserva de lei en materia tributaria" está consagrado no título VII da Constitución Española, referíndose especificamente o seu artigo 133 ás potestades tributarias que deben regularse mediante lei. En concordancia co citado principio constitucional, o artigo 8 da lei 58/2003 do 17 de decembro, Xeral Tributaria establece que "regularanse, en todo caso, por lei: ...d.) o establecemento, modificación, supresión e prórroga de exencións, reducións, bonificacións, deducións e demais beneficios ou incentivos fiscais"

A norma legal que regula os tributos locais é o RDL 2/2004 do 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

S.Ordinaria 28.12.06

Conforme dispón o seu artigo 9 apartado 1: "Non poderán recoñecerse outros beneficios fiscais nos tributos locais non sendo os que estean expresamente previstos en normas con rango de lei ou os derivados de tratados internacionais". Este texto, xunto coa Lei Xeral Tributaria, constitúen o marco legal de aplicación para a exacción dos tributos locais.

No que atinxe a beneficios fiscais, o RDL 2/2004 non contempla en ningún dos impostos municipais a facultade de que os concellos establezan ningún beneficio fiscal por razón de viudedade, en consecuencia non sería viable, dende o punto de vista estrictamente legal, propoñer ó Concello Pleno un beneficio fiscal no ámbito dos impostos municipais. Sucede o mesmo coas taxas de utilización privativa ou aproveitamento especial de dominio público local (entradas de vehículos, reservas de aparcadoiro, aperturas de gabias etc.).
..."

Segundo.- Aprobar definitivamente o texto da modificación da ordenanza fiscal reguladora das taxas por aproveitamento especial da vía pública con estacionamento de vehículos de tracción mecánica en determinadas rúas municipais, coa redacción aprobada provisionalmente en sesión plenaria de data 30 de outubro de 2006.

Terceiro.- Publicar no BOP o texto correspondente á citada modificación aprobada definitivamente para o exercizo 2007.

Cuarto.- Facultar á Dirección de Ingresos para a elaboración dos correspondentes textos refundidos coa finalidade da edición do libro de Ordenanzas Fiscais e de Prezos Públicos 2007.

24.- (272).-EXPEDIENTE DE RESOLUCIÓN DE ALEGACIÓN E APROBACIÓN DEFINITIVA DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DOS DEREITOS E TAXAS POLA CONCESIÓN DE LICENZAS PARA CONSTRUCCIÓNS, OBRAS E INSTALACIÓNS TRAMITADAS POLA XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO ASÍ COMO POLA ADMINISTRACIÓN DO CONCELLO QUE FIGURA NO PRESENTE EXPEDIENTE.

ANTECEDENTES.- Con data 12 de decembro de 2006, a directora de Ingresos, coa conformidade do interventor xeral e máis do secretario xeral do Pleno, informa do que segue:

"No Boletín Oficial da Provincia do 31 de outubro de 2006 e na prensa local con data 3 de novembro de 2006, publicáronse sendos anuncios de exposición pública dos acordos provisionais adoptados en sesión plenaria do 30 de outubro de 2006 sobre modificacións de ordenanzas fiscais e de prezos públicos contidas nos puntos 7 a 31 da orde do día, todo isto de conformidade co artigo 17.2 do RDL 2/2004 do 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Durante o período de exposición pública de trinta días hábiles comprendidos entre o día 1 de novembro e 7 de decembro pasado, tivo entrada no rexistro xeral documento nº 60119115 con data 14.11.06 constitutivo de alegación asinada por D^a Carmen Rodal Gonzalez en representación da Asociación de mulleres viúvas demócratas europeas de Vigo.

O contido da alegación alude á situación económica precaria de persoas integrantes do colectivo de viúvas e viuvos, poñendo de manifesto que, en moitos casos, o seu único ingreso consistiría en pensións de viudedade de escasa contía. Solicitan que "se incorporen ás ordenanzas fiscais para 2007, exencións e bonificacións no pagamento de tributos locais específicas para o colectivo de persoas viúvas, ó igual que se contemplan para outros colectivos".

Diante do solicitado, compre informar o seguinte:

O relativo a beneficios fiscais en materia tributaria debe estar regulado expresamente en norma con rango de lei formal. O principio de "reserva de lei en materia tributaria" está consagrado no título VII da Constitución Española, referíndose especificamente o seu artigo 133 ás potestades tributarias que deben regularse mediante lei. En concordancia co citado principio constitucional, o artigo 8 da lei 58/2003 do 17 de decembro, Xeral Tributaria establece que "regularanse, en todo caso, por lei:d.) o establecemento, modificación, supresión e prórroga de exencións, reducións, bonificacións, deducións e demais beneficios ou incentivos fiscais"

A norma legal que regula os tributos locais é o RDL 2/2004 do 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais. Conforme dispón o seu artigo 9 apartado 1: "Non poderán recoñecerse outros beneficios fiscais nos tributos locais non sendo os que estean expresamente previstos en normas con rango de lei ou os derivados de tratados internacionais". Este texto, xunto coa Lei Xeral Tributaria, constitúen o marco legal de aplicación para a exacción dos tributos locais.

No que atinxe a beneficios fiscais, o RDL 2/2004 non contempla en ningún dos impostos municipais a facultade de que os concellos establezan ningún beneficio fiscal por razón de viudedade, en consecuencia non sería viable, dende o punto de vista estrictamente legal, propoñer ó Concello Pleno un beneficio fiscal no ámbito dos impostos municipais. Sucede o mesmo coas taxas de utilización privativa ou aproveitamento especial de dominio público local (entradas de vehículos, reservas de aparcadoiro, aperturas de gabias etc.).

..."

Visto o anterior a directora de Ingresos emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do 18 de decembro, dictamina favorablemente a devandita proposta.

(Están ausentes os Sres. Alonso Vázquez, Arias Moreira, Iglesias Carrera e Viéitez Alonso).

VOTACIÓN E ACORDO.- Con nove votos a favor dos Sres. e Sras. Coello Bufill, Comesaña Abalde, Couto Pérez, Figueroa Vila, Guerra Fernández, López-Chaves Castro, Molares Pérez, Polo Lima e a Presidencia, e catorce abstencións dos Sres. e Sras. Bermúdez Pérez, Caballero Miguez, Calviño Rodríguez, Cotobad Tombo, Fernández Fernández, Garrido González, Graña Barcia, Losada Alvarez, Martíns Vilanova, Méndez Piñeiro, Ruiz Cenicerros, Sío Lourido, Soto Ferreiro e Toba Girón, acórdase:

Primeiro.- Desestimar a alegación presentada pola Asociación de mulleres viúvas demócratas europeas de Vigo no que se refire á condición específica de viudedade, por motivos de carácter legal.

Segundo.- Aprobar definitivamente o texto da modificación da ordenanza fiscal reguladora dos dereitos e taxas pola concesión de licenzas para construcións, obras e instalacións tramitadas pola Xerencia Municipal de Urbanismo, así como pola administración do Concello, coa redacción aprobada provisionalmente en sesión plenaria de data 30 de outubro de 2006.

Terceiro.- Publicar no BOP o texto correspondente á citada modificación aprobada definitivamente para o exercizo 2007.

Cuarto.- Facultar á Dirección de Ingresos para a elaboración dos correspondentes textos refundidos coa finalidade da edición do libro de Ordenanzas Fiscais e de Prezos Públicos 2007.

25.- (273).-EXPEDIENTE DE RESOLUCIÓN DE ALEGACIÓN E APROBACIÓN DEFINITIVA DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS POR LICENZAS DE ACTIVIDADES E INSTALACIÓNS QUE FIGURA NO PRESENTE EXPEDIENTE.

ANTECEDENTES.- Con data 12 de decembro de 2006, a directora de Ingresos, coa conformidade do interventor xeral e máis do secretario xeral do Pleno, informa do que segue:

"No Boletín Oficial da Provincia do 31 de outubro de 2006 e na prensa local con data 3 de novembro de 2006, publicáronse sendos anuncios de exposición

pública dos acordos provisionais adoptados en sesión plenaria do 30 de outubro de 2006 sobre modificacións de ordenanzas fiscais e de prezos públicos contidas nos puntos 7 a 31 da orde do día, todo isto de conformidade co artigo 17.2 do RDL 2/2004 do 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Durante o período de exposición pública de trinta días hábiles comprendidos entre o día 1 de novembro e 7 de decembro pasado, tivo entrada no rexistro xeral documento nº 60119115 con data 14.11.06 constitutivo de alegación asinada por D^a Carmen Rodal Gonzalez en representación da Asociación de mulleres viúvas demócratas europeas de Vigo.

O contido da alegación alude á situación económica precaria de persoas integrantes do colectivo de viúvas e viuvos, poñendo de manifesto que, en moitos casos, o seu único ingreso consistiría en pensións de viuvez de escasa contía. Solicitan que "se incorporen ás ordenanzas fiscais para 2007, exencións e bonificacións no pagamento de tributos locais específicas para o colectivo de persoas viúvas, ó igual que se contemplan para outros colectivos".

Diante do solicitado, compre informar o seguinte:

O relativo a beneficios fiscais en materia tributaria debe estar regulado expresamente en norma con rango de lei formal. O principio de "reserva de lei en materia tributaria" está consagrado no título VII da Constitución Española, referíndose especificamente o seu artigo 133 ás potestades tributarias que deben regularse mediante lei. En concordancia co citado principio constitucional, o artigo 8 da lei 58/2003 do 17 de decembro, Xeral Tributaria establece que "regularanse, en todo caso, por lei:d.) o establecemento, modificación, supresión e prórroga de exencións, reducións, bonificacións, deducións e demais beneficios ou incentivos fiscais"

A norma legal que regula os tributos locais é o RDL 2/2004 do 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais. Conforme dispón o seu artigo 9 apartado 1: "Non poderán recoñecerse outros beneficios fiscais nos tributos locais non sendo os que estean expresamente previstos en normas con rango de lei ou os derivados de tratados internacionais". Este texto, xunto coa Lei Xeral Tributaria, constitúen o marco legal de aplicación para a exacción dos tributos locais.

No que atinxe a beneficios fiscais, o RDL 2/2004 non contempla en ningún dos impostos municipais a facultade de que os concellos establezan ningún beneficio fiscal por razón de viuvez, en consecuencia non sería viable, dende o punto de vista estrictamente legal, propoñer ó Concello Pleno un beneficio fiscal no ámbito dos impostos municipais. Sucede o mesmo coas taxas de utilización privativa ou aproveitamento especial de dominio público local (entradas de vehículos, reservas de aparcadoiro, aperturas de gabias etc.).
..."

Visto o anterior a directora de Ingresos emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do 18 de decembro, dictamina favorablemente a devandita proposta.

(Están ausentes os Sres. Alonso Vázquez, Arias Moreira, Iglesias Carrera e Viéitez Alonso).

VOTACIÓN E ACORDO.- Con nove votos a favor dos Sres. e Sras. Coello Bufill, Comesaña Abalde, Couto Pérez, Figueroa Vila, Guerra Fernández, López-Chaves Castro, Molares Pérez, Polo Lima e a Presidencia, e catorce abstencións dos Sres. e Sras. Bermúdez Pérez, Caballero Miguez, Calviño Rodríguez, Cotobad Tombo, Fernández Fernández, Garrido González, Graña Barcia, Losada Alvarez, Martíns Vilanova, Méndez Piñeiro, Ruiz Cenicerros, Sío Lourido, Soto Ferreiro e Toba Girón, acórdase:

Primeiro.- Desestimar a alegación presentada pola Asociación de mulleres viúvas demócratas europeas de Vigo no que se refire á condición específica de viudedade, por motivos de carácter legal.

Segundo.- Aprobar definitivamente o texto da modificación da ordenanza fiscal reguladora das taxas por licenzas de actividades e instalacións, coa redacción aprobada provisionalmente en sesión plenaria de data 30 de outubro de 2006.

Terceiro.- Publicar no BOP o texto correspondente á citada modificación aprobada definitivamente para o exercizo 2007.

Cuarto.- Facultar á Dirección de Ingresos para a elaboración dos correspondentes textos refundidos coa finalidade da edición do libro de Ordenanzas Fiscais e de Prezos Públicos 2007.

26.- (274).-EXPEDIENTE DE RESOLUCIÓN DE ALEGACIÓN E APROBACIÓN DEFINITIVA DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS POLOS SERVIZOS QUE PRESTA O ORGANISMO AUTÓNOMO MUNICIPAL PARQUE DAS CIENCIAS "VIGO-ZOO" A TRAVÉS DO SEU PARQUE ZOOLOXICO.

ANTECEDENTES.- Con data 12 de decembro de 2006, a directora de Ingresos, coa conformidade do interventor xeral e máis do secretario xeral do Pleno, informa do que segue:

"No Boletín Oficial da Provincia do 31 de outubro de 2006 e na prensa local con data 3 de novembro de 2006, publicáronse sendos anuncios de exposición

pública dos acordos provisionais adoptados en sesión plenaria do 30 de outubro de 2006 sobre modificacións de ordenanzas fiscais e de prezos públicos contidas nos puntos 7 a 31 da orde do día, todo isto de conformidade co artigo 17.2 do RDL 2/2004 do 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Durante o período de exposición pública de trinta días hábiles comprendidos entre o día 1 de novembro e 7 de decembro pasado, tivo entrada no rexistro xeral documento nº 60119115 con data 14.11.06 constitutivo de alegación asinada por D^a Carmen Rodal Gonzalez en representación da Asociación de mulleres viúvas demócratas europeas de Vigo.

O contido da alegación alude á situación económica precaria de persoas integrantes do colectivo de viúvas e viuvos, poñendo de manifesto que, en moitos casos, o seu único ingreso consistiría en pensións de viuvez de escasa contía. Solicitan que "se incorporen ás ordenanzas fiscais para 2007, exencións e bonificacións no pagamento de tributos locais específicas para o colectivo de persoas viúvas, ó igual que se contemplan para outros colectivos".

Diante do solicitado, compre informar o seguinte:

O relativo a beneficios fiscais en materia tributaria debe estar regulado expresamente en norma con rango de lei formal. O principio de "reserva de lei en materia tributaria" está consagrado no título VII da Constitución Española, referíndose especificamente o seu artigo 133 ás potestades tributarias que deben regularse mediante lei. En concordancia co citado principio constitucional, o artigo 8 da lei 58/2003 do 17 de decembro, Xeral Tributaria establece que "regularanse, en todo caso, por lei:d.) o establecemento, modificación, supresión e prórroga de exencións, reducións, bonificacións, deducións e demais beneficios ou incentivos fiscais"

A norma legal que regula os tributos locais é o RDL 2/2004 do 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais. Conforme dispón o seu artigo 9 apartado 1: "Non poderán recoñecerse outros beneficios fiscais nos tributos locais non sendo os que estean expresamente previstos en normas con rango de lei ou os derivados de tratados internacionais". Este texto, xunto coa Lei Xeral Tributaria, constitúen o marco legal de aplicación para a exacción dos tributos locais.

No que atinxe a beneficios fiscais, o RDL 2/2004 non contempla en ningún dos impostos municipais a facultade de que os concellos establezan ningún beneficio fiscal por razón de viuvez, en consecuencia non sería viable, dende o punto de vista estrictamente legal, propoñer ó Concello Pleno un beneficio fiscal no ámbito dos impostos municipais. Sucede o mesmo coas taxas de utilización privativa ou aproveitamento especial de dominio público local (entradas de vehículos, reservas de aparcadoiro, aperturas de gabias etc.).

En relación coas taxas de prestación de servizos, aínda non previndo o RDL 2/2004 suposto ningún de beneficio fiscal, o artigo 24.4 permite atemperar a carga fiscal nestas taxas segundo a capacidade económica:

"Para a determinación da contía das taxas poderán terse en conta criterios xenéricos de capacidade económica dos suxeitos obrigados a satisfacelas"

Tomando en conta os criterios de capacidade económica, o Concello de Vigo ven establecendo nas diferentes ordenanzas fiscais algún tipo de redución no pagamento de taxas de prestación de servizos. O Texto complementario da Ordenanza Fiscal Xeral, en materia de exencións e bonificacións de taxas por prestación de servizos aprobado o 23 de decembro de 1989 regula determinados beneficios fiscais. Igualmente ocorre nas ordenanzas fiscais de escolas infantís, axuda no fogar, centro de día de maiores, zoo e mesmo nos prezos públicos do IMD e ensinanzas especiais de música e teatro.

O fundamento dos anteriores beneficios fiscais é a escasa capacidade económica das persoas obrigadas a satisfacer as taxas. Do mesmo modo, as exencións ou reducións aprobadas provisionalmente o 30 de outubro pasado, para familias numerosas, fundámense na presunción de que estas familias ven diminuída a súa "capacidade económica efectiva" por razón dos gastos fixos que ocasionan os fillos. En definitiva, tamén neste caso estase atendendo directamente ó criterio de capacidade económica.

Seguindo esta liña, estímase oportuno propoñer uns criterios xenéricos de capacidade económica para todo tipo de familias, atendendo ós ingresos brutos per capita con certas ponderacións para persoas que viven soas e tamén para maiores de 65 anos.

A ponderación para a persoas que viven soas (aplicaríase un coeficiente de 0,75 os seus ingresos) iría destinada a compensar o maior peso de gastos fixos por vivenda sobre os gastos totais. A ponderación para maiores de 65 anos (aplicaríase un coeficiente de 0,50 ós seus ingresos) tería en conta o gran peso que, para este colectivo, teñen os gastos de carácter asistencial, médico e outros propios da terceira idade.

O proposto no parágrafo precedente substituiría o regulado no Texto Complementario da Ordenanza Fiscal Xeral en materia de exencións e bonificacións de taxas pola prestación de servizos aprobado o 23 de decembro de 1989, no que a súa redacción da lugar a un tratamento desigual e pouco equitativo, ó considerar ingresos totais da "unidade familiar" en lugar de ingresos per capita. Dende o punto de vista do procedemento así como doutros elementos substantivos, este texto resulta, na actualidade, moi deficiente, dende o punto de vista técnico-xurídico. Por estes motivos propónse a continuación a derogación do citado texto complementario.

Por outra parte para unha correcta aplicación da equidade así como para unha correcta e eficiente xestión de cada taxa, non debe regularse igual o beneficio fiscal nun tributo periódico como é a taxa de lixo que nun tributo esporádico como unha licenza de inhumación ou un certificado de empadramento polo que se considera oportuno incluír unha regulación específica en cada ordenanza fiscal, mantendo iso sí os mesmos criterios de capacidade económica. Por motivos de economía na xestión e comodidade para os obrigados a satisfacer as diferentes taxas propónse a regulación dos diferentes aspectos de procedementos e documentos por resolución da Concellería de Economía e Facenda, dado que, en cada caso, os procedementos e as esixencias de aportación de documentos para acreditar a condición de suxeito pasivo, con dereito a disfrutar do beneficio fiscal, virían determinados pola taxa específica."

Visto o anterior a directora de Ingresos emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do 18 de decembro, dictamina favorablemente a devandita proposta.

(Están ausentes os Sres. Alonso Vázquez, Arias Moreira, Iglesias Carrera e Viéitez Alonso).

VOTACIÓN E ACORDO.- Con nove votos a favor dos Sres. e Sras. Coello Bufill, Comesaña Abalde, Couto Pérez, Figueroa Vila, Guerra Fernández, López-Chaves Castro, Molares Pérez, Polo Lima e a Presidencia, e catorce abstencións dos Sres. e Sras. Bermúdez Pérez, Caballero Miguez, Calviño Rodríguez, Cotobad Tombo, Fernández Fernández, Garrido González, Graña Barcia, Losada Alvarez, Martíns Vilanova, Méndez Piñeiro, Ruiz Cenicerros, Sío Lourido, Soto Ferreiro e Toba Girón, acórdase:

Primeiro.- Desestimar a alegación presentada pola Asociación de mulleres viúvas demócratas europeas de Vigo no que se refire á condición específica de viudedade, por motivos de carácter legal. Estimar, en parte, a citada alegación, núm. documento 60119115, nos supostos en que a condición de viudedade vaia acompañada de forma efectiva dunha situación económica precaria, nos termos en que se aplicaría a este colectivo de igual forma que para outros colectivos familiares de reducidos recursos económicos, expresados aqueles no apartado 2º deste acordo.

Segundo.- Aprobar definitivamente o texto da modificación da ordenanza fiscal reguladora das taxas polos servizos que presta o organismo autónomo municipal Parque das Ciencias VigoZoo a través do seu Parque Zoolóxico, aprobada provisionalmente en sesión do 30 de outubro de 2006, agás a seguinte modificación:

Substituír o apartado 1.c) do artigo 3 polo seguinte texto:

Apartado 1.c).- Estarán exentos das taxas reguladas na presente ordenanza, os membros de familias con ingresos brutos anuais per capita inferiores a 3.200 €. A titularidade de Bens Inmóbles de Natureza Urbana, a excepción da vivenda na que residen, non deberá superar un valor catastral total de 46.000 €.

Para o disfrute desta exención dictarase resolución da Concellería de Economía e Facenda establecendo o procedemento así como a documentación necesaria que acredite o cumprimento da condición anterior.

Terceiro.- Publicar no BOP o texto correspondente á modificación da citada ordenanza fiscal aprobada definitivamente para o exercizo 2007.

Cuarto.- Facultar á Dirección de Ingresos para a elaboración dos correspondentes textos refundidos coa finalidade da edición do libro de Ordenanzas Fiscais e de Prezos Públicos 2007.

27.- (275).-EXPEDIENTE DE RESOLUCIÓN DE ALEGACIÓN E APROBACIÓN DEFINITIVA DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS POLA PRESTACIÓN DE SERVIZOS DE SUBMINISTRACIÓN DE AUGA POTABLE, REDE DE SUMIDOIROS, SANEAMENTO E DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS QUE FIGURA NO PRESENTE EXPEDIENTE.

ANTECEDENTES.- Con data 12 de decembro de 2006, a directora de Ingresos, coa conformidade do interventor xeral e máis do secretario xeral do Pleno, informa do que segue:

"No Boletín Oficial da Provincia do 31 de outubro de 2006 e na prensa local con data 3 de novembro de 2006, publicáronse sendos anuncios de exposición pública dos acordos provisionais adoptados en sesión plenaria do 30 de outubro de 2006 sobre modificacións de ordenanzas fiscais e de prezos públicos contidas nos puntos 7 a 31 da orde do día, todo isto de conformidade co artigo 17.2 do RDL 2/2004 do 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Durante o período de exposición pública de trinta días hábiles comprendidos entre o día 1 de novembro e 7 de decembro pasado, tivo entrada no rexistro xeral documento nº 60119115 con data 14.11.06 constitutivo de alegación asinada por D^a Carmen Rodal Gonzalez en representación da Asociación de mulleres viúvas demócratas europeas de Vigo.

O contido da alegación alude á situación económica precaria de persoas integrantes do colectivo de viúvas e viuvos, poñendo de manifesto que, en moitos casos, o seu único ingreso consistiría en pensións de viudedade de escasa contía. Solicitan que "se incorporen ás ordenanzas fiscais para 2007, exencións e bonificacións no pagamento de tributos locais específicas para o colectivo de persoas viúvas, ó igual que se contemplan para outros colectivos".

Diante do solicitado, compre informar o seguinte:

O relativo a beneficios fiscais en materia tributaria debe estar regulado expresamente en norma con rango de lei formal. O principio de "reserva de lei en materia tributaria" está consagrado no título VII da Constitución Española, referíndose especificamente o seu artigo 133 ás potestades tributarias que deben regularse mediante lei. En concordancia co citado principio constitucional, o artigo 8 da lei 58/2003 do 17 de decembro, Xeral Tributaria establece que "regularanse, en todo caso, por lei:d.) o establecemento, modificación, supresión e prórroga de exencións, reducións, bonificacións, deducións e demais beneficios ou incentivos fiscais"

S.Ordinaria 28.12.06

A norma legal que regula os tributos locais é o RDL 2/2004 do 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais. Conforme dispón o seu artigo 9 apartado 1: "Non poderán recoñecerse outros beneficios fiscais nos tributos locais non sendo os que estean expresamente previstos en normas con rango de lei ou os derivados de tratados internacionais". Este texto, xunto coa Lei Xeral Tributaria, constitúen o marco legal de aplicación para a exacción dos tributos locais.

No que atinxe a beneficios fiscais, o RDL 2/2004 non contempla en ningún dos impostos municipais a facultade de que os concellos establezan ningún beneficio fiscal por razón de viudedade, en consecuencia non sería viable, dende o punto de vista estrictamente legal, propoñer ó Concello Pleno un beneficio fiscal no ámbito dos impostos municipais. Sucede o mesmo coas taxas de utilización privativa ou aproveitamento especial de dominio público local (entradas de vehículos, reservas de aparcadoiro, aperturas de gabias etc.).
..."

Visto o anterior a directora de Ingresos emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do 18 de decembro, dictamina favorablemente a devandita proposta.

(Están ausentes os Sres. Alonso Vázquez, Arias Moreira, Iglesias Carrera e Viéitez Alonso).

VOTACIÓN E ACORDO.- Con nove votos a favor dos Sres. e Sras. Coello Bufill, Comesaña Abalde, Couto Pérez, Figueroa Vila, Guerra Fernández, López-Chaves Castro, Molares Pérez, Polo Lima e a Presidencia, e catorce abstencións dos Sres. e Sras. Bermúdez Pérez, Caballero Miguez, Calviño Rodríguez, Cotobad Tombo, Fernández Fernández, Garrido González, Graña Barcia, Losada Alvarez, Martíns Vilanova, Méndez Piñeiro, Ruiz Ceniceros, Sío Lourido, Soto Ferreiro e Toba Girón, acórdase:

Primeiro.- Desestimar a alegación presentada pola Asociación de mulleres viudas demócratas europeas de Vigo no que se refire á condición específica de viudedade, por motivos de carácter legal.

Segundo.- Aprobar definitivamente o texto da modificación da ordenanza fiscal reguladora das taxas pola prestación de servizos de subministración de auga potable, rede de sumidoiros, saneamento e depuración de augas residuais, coa redacción aprobada provisionalmente en sesión plenaria de data 30 de outubro de 2006.

Terceiro.- Publicar no BOP o texto correspondente á citada modificación aprobada definitivamente para o exercizo 2007.

Cuarto.- Facultar á Dirección de Ingresos para a elaboración dos correspondentes textos refundidos coa finalidade da edición do libro de Ordenanzas Fiscais e de Prezos Públicos 2007.

28.- (276).-EXPEDIENTE DE RESOLUCIÓN DE ALEGACIÓN E APROBACIÓN DEFINITIVA DA ORDENANZA REGULADORA DOS PREZOS PÚBLICOS POLA PRESTACIÓN DE ENSINANZAS ESPECIAIS E OUTRAS ACTIVIDADES EN ESTABLECEMENTOS MUNICIPAIS.

ANTECEDENTES.- Con data 12 de decembro de 2006, a directora de Ingresos, coa conformidade do interventor xeral e máis do secretario xeral do Pleno, informado que segue:

"No Boletín Oficial da Provincia do 31 de outubro de 2006 e na prensa local con data 3 de novembro de 2006, publicáronse sendos anuncios de exposición pública dos acordos provisionais adoptados en sesión plenaria do 30 de outubro de 2006 sobre modificacións de ordenanzas fiscais e de prezos públicos contidas nos puntos 7 a 31 da orde do día, todo isto de conformidade co artigo 17.2 do RDL 2/2004 do 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Durante o período de exposición pública de trinta días hábiles comprendidos entre o día 1 de novembro e 7 de decembro pasado, tivo entrada no rexistro xeral documento nº 60119115 con data 14.11.06 constitutivo de alegación asinada por D^a Carmen Rodal Gonzalez en representación da Asociación de mulleres viúvas demócratas europeas de Vigo.

O contido da alegación alude á situación económica precaria de persoas integrantes do colectivo de viúvas e viuvos, poñendo de manifesto que, en moitos casos, o seu único ingreso consistiría en pensións de viudedade de escasa contía. Solicitan que "se incorporen ás ordenanzas fiscais para 2007, exencións e bonificacións no pagamento de tributos locais específicas para o colectivo de persoas viúvas, ó igual que se contemplan para outros colectivos".

Diante do solicitado, compre informar o seguinte:

O relativo a beneficios fiscais en materia tributaria debe estar regulado expresamente en norma con rango de lei formal. O principio de "reserva de lei en materia tributaria" está consagrado no título VII da Constitución Española, referíndose especificamente o seu artigo 133 ás potestades tributarias que deben regularse mediante lei. En concordancia co citado principio constitucional, o artigo 8 da lei 58/2003 do 17 de decembro, Xeral Tributaria establece que "regularanse, en todo caso, por lei:d.) o establecemento, modificación, supresión e prórroga de exencións, reducións, bonificacións, deduccións e demais beneficios ou incentivos fiscais"

S.Ordinaria 28.12.06

A norma legal que regula os tributos locais é o RDL 2/2004 do 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais. Conforme dispón o seu artigo 9 apartado 1: "Non poderán recoñecerse outros beneficios fiscais nos tributos locais non sendo os que estean expresamente previstos en normas con rango de lei ou os derivados de tratados internacionais". Este texto, xunto coa Lei Xeral Tributaria, constitúen o marco legal de aplicación para a exacción dos tributos locais.

No que atinxe a beneficios fiscais, o RDL 2/2004 non contempla en ningún dos impostos municipais a facultade de que os concellos establezan ningún beneficio fiscal por razón de viudedade, en consecuencia non sería viable, dende o punto de vista estrictamente legal, propoñer ó Concello Pleno un beneficio fiscal no ámbito dos impostos municipais. Sucede o mesmo coas taxas de utilización privativa ou aproveitamento especial de dominio público local (entradas de vehículos, reservas de aparcadoiro, aperturas de gabias etc.).

En relación coas taxas de prestación de servizos, aínda non previndo o RDL 2/2004 suposto ningún de beneficio fiscal, o artigo 24.4 permite atemperar a carga fiscal nestas taxas segundo a capacidade económica: "Para a determinación da contía das taxas poderán terse en conta criterios xenéricos de capacidade económica dos suxeitos obrigados a satisfacelas"

Tomando en conta os criterios de capacidade económica, o Concello de Vigo ven establecendo nas diferentes ordenanzas fiscais algún tipo de redución no pagamento de taxas de prestación de servizos. O Texto complementario da Ordenanza Fiscal Xeral, en materia de exencións e bonificacións de taxas por prestación de servizos aprobado o 23 de decembro de 1989 regula determinados beneficios fiscais. Igualmente ocorre nas ordenanzas fiscais de escolas infantís, axuda no fogar, centro de día de maiores, zoo e mesmo nos prezos públicos do IMD e ensinanzas especiais de música e teatro.

O fundamento dos anteriores beneficios fiscais é a escasa capacidade económica das persoas obrigadas a satisfacer as taxas. Do mesmo modo, as exencións ou reducións aprobadas provisionalmente o 30 de outubro pasado, para familias numerosas, fundaméntanse na presunción de que estas familias ven diminuída a súa "capacidade económica efectiva" por razón dos gastos fixos que ocasionan os fillos. En definitiva, tamén neste caso estase atendendo directamente ó criterio de capacidade económica.

Seguindo esta liña, estímase oportuno propoñer uns criterios xenéricos de capacidade económica para todo tipo de familias, atendendo ós ingresos brutos per capita con certas ponderacións para persoas que viven soas e tamén para maiores de 65 anos.

A ponderación para a persoas que viven soas (aplicaríase un coeficiente de 0,75 os seus ingresos) iría destinada a compensar o maior peso de gastos fixos por vivenda sobre os gastos totais. A ponderación para maiores de 65 anos (aplicaríase un coeficiente de 0,50 ós seus ingresos) tería en conta o gran peso que, para este colectivo, teñen os gastos de carácter asistencial, médico e outros propios da terceira idade.

O proposto no parágrafo precedente substituiría o regulado no Texto Complementario da Ordenanza Fiscal Xeral en materia de exencións e bonificacións de taxas pola prestación de servizos aprobado o 23 de decembro de 1989, no que a súa redacción da lugar a un tratamento desigual

e pouco equitativo, ó considerar ingresos totais da "unidade familiar" en lugar de ingresos per capita. Dende o punto de vista do procedemento así como doutros elementos substantivos, este texto resulta, na actualidade, moi deficiente, dende o punto de vista técnico-xurídico. Por estes motivos propónse a continuación a derogación do citado texto complementario.

Por outra parte para unha correcta aplicación da equidade así como para unha correcta e eficiente xestión de cada taxa, non debe regularse igual o beneficio fiscal nun tributo periódico como é a taxa de lixo que nun tributo esporádico como unha licenza de inhumación ou un certificado de empadramento polo que se considera oportuno incluír unha regulación específica en cada ordenanza fiscal, mantendo iso sí os mesmos criterios de capacidade económica. Por motivos de economía na xestión e comodidade para os obrigados a satisfacer as diferentes taxas propónse a regulación dos diferentes aspectos de procedementos e documentos por resolución da Concellería de Economía e Facenda, dado que, en cada caso, os procedementos e as esixencias de aportación de documentos para acreditar a condición de suxeito pasivo, con dereito a disfrutar do beneficio fiscal, virían determinados pola taxa específica."

Visto o anterior a directora de Ingresos emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do 18 de decembro, dictamina favorablemente a devandita proposta.

(Están ausentes os Sres. Alonso Vázquez, Arias Moreira, Iglesias Carrera e Viéitez Alonso).

VOTACIÓN E ACORDO.- Con nove votos a favor dos Sres. e Sras. Coello Bufill, Comesaña Abalde, Couto Pérez, Figuroa Vila, Guerra Fernández, López-Chaves Castro, Molares Pérez, Polo Lima e a Presidencia, e catorce abstencións dos Sres. e Sras. Bermúdez Pérez, Caballero Miguez, Calviño Rodríguez, Cotobad Tombo, Fernández Fernández, Garrido González, Graña Barcia, Losada Alvarez, Martíns Vilanova, Méndez Piñeiro, Ruiz Ceniceros, Sío Lourido, Soto Ferreiro e Toba Girón, acórdase:

Primeiro.- Desestimar a alegación presentada pola Asociación de mulleres viúvas demócratas europeas de Vigo no que se refire á condición específica de viudedade, por motivos de carácter legal. Estimar, en parte, a citada alegación, núm. documento 60119115, nos supostos en que a condición de viudedade vaia acompañada de forma efectiva dunha situación económica precaria, nos termos en que se aplicaría a este colectivo de igual forma que para outros colectivos familiares de reducidos recursos económicos, expresados aqueles no apartado 2º deste acordo.

Segundo.- Aprobar definitivamente o texto da modificación da ordenanza fiscal reguladora dos prezos públicos pola prestación de ensinanzas especiais e outras actividades en establecementos municipais, aprobada provisionalmente en sesión do 30 de outubro de 2006, agás a seguinte modificación:

- Substituír o apartado e) do artigo 3 polo seguinte texto:

Apartado e).- Estarán exentos dos Prezos Públicos regulados na presente ordenanza, os membros de familias con ingresos brutos anuais per capita inferiores a 3.200 €. A titularidade de Bens Inmóbles de Natureza Urbana, a excepción da vivenda na que residen, non deberá superar un valor catastral total de 46.000 €.

Para o disfrute desta exención dictarase resolución da Concellería de Economía e Facenda establecendo o procedemento así como a documentación necesaria que acredite o cumprimento da condición anterior.

Terceiro.- Publicar no BOP o texto correspondente á modificación da citada ordenanza fiscal aprobada definitivamente para o exercizo 2007.

Cuarto.- Facultar á Dirección de Ingresos para a elaboración dos correspondentes textos refundidos coa finalidade da edición do libro de Ordenanzas Fiscais e de Prezos Públicos 2007.

29.- (277).-EXPEDIENTE DE RESOLUCIÓN DE ALEGACIÓN E APROBACIÓN DEFINITIVA DA ORDENANZA REGULADORA DOS PREZOS PÚBLICOS POR UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS, PERTECENTES O "INSTITUTO MUNICIPAL DOS DEPORTES.

ANTECEDENTES.- Con data 12 de decembro de 2006, a directora de Ingresos, coa conformidade do interventor xeral e máis do secretario xeral do Pleno, informa do que segue:

"No Boletín Oficial da Provincia do 31 de outubro de 2006 e na prensa local con data 3 de novembro de 2006, publicáronse sendos anuncios de exposición pública dos acordos provisionais adoptados en sesión plenaria do 30 de outubro de 2006 sobre modificacións de ordenanzas fiscais e de prezos públicos contidas nos puntos 7 a 31 da orde do día, todo isto de conformidade co artigo 17.2 do RDL 2/2004 do 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Durante o período de exposición pública de trinta días hábiles comprendidos entre o día 1 de novembro e 7 de decembro pasado, tivo entrada no rexistro xeral documento nº 60119115 con data 14.11.06 constitutivo de alegación

S.Ordinaria 28.12.06

asinada por D^a Carmen Rodal Gonzalez en representación da Asociación de mulleres viúvas demócratas europeas de Vigo.

O contido da alegación alude á situación económica precaria de persoas integrantes do colectivo de viúvas e viuvos, poñendo de manifesto que, en moitos casos, o seu único ingreso consistiría en pensións de viuvez de escasa contía. Solicitan que "se incorporen ás ordenanzas fiscais para 2007, exencións e bonificacións no pagamento de tributos locais específicas para o colectivo de persoas viúvas, ó igual que se contemplan para outros colectivos".

Diante do solicitado, compre informar o seguinte:

O relativo a beneficios fiscais en materia tributaria debe estar regulado expresamente en norma con rango de lei formal. O principio de "reserva de lei en materia tributaria" está consagrado no título VII da Constitución Española, referíndose especificamente o seu artigo 133 ás potestades tributarias que deben regularse mediante lei. En concordancia co citado principio constitucional, o artigo 8 da lei 58/2003 do 17 de decembro, Xeral Tributaria establece que "regularanse, en todo caso, por lei:d.) o establecemento, modificación, supresión e prórroga de exencións, reducións, bonificacións, deducións e demais beneficios ou incentivos fiscais"

A norma legal que regula os tributos locais é o RDL 2/2004 do 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais. Conforme dispón o seu artigo 9 apartado 1: "Non poderán recoñecerse outros beneficios fiscais nos tributos locais non sendo os que estean expresamente previstos en normas con rango de lei ou os derivados de tratados internacionais". Este texto, xunto coa Lei Xeral Tributaria, constitúen o marco legal de aplicación para a exacción dos tributos locais.

No que atinxe a beneficios fiscais, o RDL 2/2004 non contempla en ningún dos impostos municipais a facultade de que os concellos establezan ningún beneficio fiscal por razón de viuvez, en consecuencia non sería viable, dende o punto de vista estrictamente legal, propoñer ó Concello Pleno un beneficio fiscal no ámbito dos impostos municipais. Sucede o mesmo coas taxas de utilización privativa ou aproveitamento especial de dominio público local (entradas de vehículos, reservas de aparcadoiro, aperturas de gabias etc.).

En relación coas taxas de prestación de servizos, aínda non previndo o RDL 2/2004 suposto ningún de beneficio fiscal, o artigo 24.4 permite atemperar a carga fiscal nestas taxas segundo a capacidade económica:

"Para a determinación da contía das taxas poderán terse en conta criterios xenéricos de capacidade económica dos suxeitos obrigados a satisfacelas"

Tomando en conta os criterios de capacidade económica, o Concello de Vigo ven establecendo nas diferentes ordenanzas fiscais algún tipo de redución no pagamento de taxas de prestación de servizos. O Texto complementario da Ordenanza Fiscal Xeral, en materia de exencións e bonificacións de taxas por prestación de servizos aprobado o 23 de decembro de 1989 regula determinados beneficios fiscais. Igualmente ocorre nas ordenanzas fiscais de escolas infantís, axuda no fogar, centro de día de maiores, zoo e mesmo nos prezos públicos do IMD e ensinanzas especiais de música e teatro.

O fundamento dos anteriores beneficios fiscais é a escasa capacidade económica das persoas obrigadas a satisfacer as taxas. Do mesmo modo, as exencións ou reducións aprobadas provisionalmente o 30 de outubro pasado, para familias numerosas, fundaméntanse na presunción de que estas familias ven diminuída a súa "capacidade económica efectiva" por razón dos gastos fixos que ocasionan os fillos. En definitiva, tamén neste caso estase atendendo directamente ó criterio de capacidade económica.

Seguindo esta liña, estímase oportuno propoñer uns criterios xenéricos de capacidade económica para todo tipo de familias, atendendo ós ingresos brutos per capita con certas ponderacións para persoas que viven soas e tamén para maiores de 65 anos.

A ponderación para a persoas que viven soas (aplicaríase un coeficiente de 0,75 os seus ingresos) iría destinada a compensar o maior peso de gastos fixos por vivenda sobre os gastos totais. A ponderación para maiores de 65 anos (aplicaríase un coeficiente de 0,50 ós seus ingresos) tería en conta o gran peso que, para este colectivo, teñen os gastos de carácter asistencial, médico e outros propios da terceira idade.

O proposto no parágrafo precedente substituiría o regulado no Texto Complementario da Ordenanza Fiscal Xeral en materia de exencións e bonificacións de taxas pola prestación de servizos aprobado o 23 de decembro de 1989, no que a súa redacción da lugar a un tratamento desigual e pouco equitativo, ó considerar ingresos totais da "unidade familiar" en lugar de ingresos per capita. Dende o punto de vista do procedemento así como doutros elementos substantivos, este texto resulta, na actualidade, moi deficiente, dende o punto de vista técnico-xurídico. Por estes motivos propónse a continuación a derogación do citado texto complementario.

Por outra parte para unha correcta aplicación da equidade así como para unha correcta e eficiente xestión de cada taxa, non debe regularse igual o beneficio fiscal nun tributo periódico como é a taxa de lixo que nun tributo esporádico como unha licenza de inhumación ou un certificado de empadramento polo que se considera oportuno incluír unha regulación específica en cada ordenanza fiscal, mantendo iso sí os mesmos criterios de capacidade económica. Por motivos de economía na xestión e comodidade para os obrigados a satisfacer as diferentes taxas propónse a regulación dos diferentes aspectos de procedimentos e documentos por resolución da Concellería de Economía e Facenda, dado que, en cada caso, os procedimentos e as esixencias de aportación de documentos para acreditar a condición de suxeito pasivo, con dereito a disfrutar do beneficio fiscal, virían determinados pola taxa específica."

Visto o anterior a directora de Ingresos emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do 18 de decembro, dictamina favorablemente a devandita proposta.

(Están ausentes os Sres. Alonso Vázquez, Arias Moreira, Iglesias Carrera e Viéitez Alonso).

VOTACIÓN E ACORDO.- Con nove votos a favor dos Sres. e Sras. Coello Bufill, Comesaña Abalde, Couto Pérez, Figueroa Vila, Guerra Fernández, López-Chaves Castro, Molares Pérez, Polo Lima e a Presidencia, e catorce abstencións dos Sres. e Sras. Bermúdez Pérez, Caballero Miguez, Calviño Rodríguez, Cotobad Tombo, Fernández Fernández, Garrido González, Graña Barcia, Losada Alvarez, Martíns Vilanova, Méndez Piñeiro, Ruiz Cenicerós, Sío Lourido, Soto Ferreiro e Toba Girón, acórdase:

Primeiro.- Desestimar a alegación presentada pola Asociación de mulleres viudas demócratas europeas de Vigo no que se refire á condición específica de viudedade, por motivos de carácter legal. Estimar, en parte, a citada alegación, núm. documento 60119115, nos supostos en que a condición de viudedade vaia acompañada de forma efectiva dunha situación económica precaria, nos termos en que se aplicaría a este colectivo de igual forma que para outros colectivos familiares de reducidos recursos económicos, expresados aqueles no apartado 2º deste acordo.

Segundo.- Aprobar definitivamente o texto da modificación da ordenanza fiscal reguladora dos prezos públicos por utilización das instalacións deportivas municipais pertencentes ó Instituto Municipal dos Deportes, aprobada provisionalmente en sesión do 30 de outubro de 2006, agás a seguinte modificación:

- Substituír o apartado b) do artigo 6 polo seguinte texto:

Apartado e).- Estarán exentos os alumnos de Escolas deportivas que sexan membros de familias con ingresos brutos anuais per capita inferiores a 3.200 €. A titularidade de Bens Inmóveis de Natureza Urbana, a excepción da vivenda na que residen, non deberá superar un valor catastral total de 46.000 €.

Para o disfrute desta exención dictarase resolución da Concellería de Economía e Facenda establecendo o procedemento así como a documentación necesaria que acredite o cumprimento da condición anterior.

Terceiro.- Publicar no BOP o texto correspondente á modificación da citada ordenanza fiscal aprobada definitivamente para o exercizo 2007.

Cuarto.- Facultar á Dirección de Ingresos para a elaboración dos correspondentes textos refundidos coa finalidade da edición do libro de Ordenanzas Fiscais e de Prezos Públicos 2007.

Explicación de voto do voceiro do Grupo municipal do PG, Sr. Soto Ferreiro, ós puntos 5 ó 29, de resolución de alegacións e aprobación definitiva das ordenanzas fiscais e prezos públicos:

Sra. Alcaldesa, permítame dar antes unha explicación ó tema das ordenanzas, non intervín antes a mantenta.

Reitérome nos argumentos do por qué me abstiven no seu día, especialmente no feito de que a política de ingresos que sigue a facenda municipal non é correcta e iso fainos pagar máis ós que pagamos axudando ou coadxuvando a que os que non pagan realmente segan desfrutando dese paraíso fiscal vigués.

30.- (278).-PROPOSTA CAMBIO DENOMINACIÓN CENTRO EDUCATIVO ESCOLA DE EDUCACIÓN INFANTIL "STA. TEGRA" POLO DE ESCOLA DE EDUCACIÓN INFANTIL "MONTE DA GUÍA". EPTE. 8027/332.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data 25 de abril de 2006, a dirección da escola de educación infantil Santa Tegra, no barrio de Teis, solicita o cambio de nome da devandita escola polo de "Monte da Guía".

Con data 26 de outubro de 2006, a xefa do servizo de Educación, coa conformidade do concelleiro delegado, emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

A comisión informativa de Asuntos Sociais, en sesión do 20 de novembro, dase por enterada da anterior proposta.

(Están ausentes os Sres. Alonso Vázquez, Arias Moreira, Iglesias Carrera e Viéitez Alonso).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vintetrés membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constituen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Que a escola de educación infantil "Santa Tegra" de Teis-Vigo, de conformidade coa solicitude formulada pola dirección do centro, pase a denominarse escola de educación infantil "Monte da Guía".

31.- (279).-PROPOSTA PARA NOMEAR A RÚA "JOAQUÍN NOGUEIRA ALONSO".
EXPTE.820/234.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data 12 de decembro de 2006, a xefa de Estatística do Concello, coa conformidade da concelleira delegada, informa do que segue:

S.Ordinaria 28.12.06

"Segundo a orde de servizo do concelleiro delegado da Área de Asuntos Sociais, á vista da documentación que figura neste expediente relativa a D. Joaquín Nogueira Alonso: notas bibliográficas, informe do Cronista da Cidade Sr. Vázquez Gil, glosa de Heriberto Blanco "Helenor", informes familiares e demais documentación diversa, e tendo en conta o escrito do seu bisneto que propón que podería darse o nome a actual 1ª travesía da rúa Victoria polos seguintes requisitos:

- a) Esta vía non tén sinalado nome propio, polo que non habería agravios.
- b) A pesar de ser un fondo de saco, é unha vía céntrica, de adecuada dignidade arquitectónica e urbanística e cunha viva actividade comercial, sobre todo no sector da restauración.
- c) Está situada nunha zona de Vigo onde esta persoa tivo a súa residencia."

Polo anteriormente exposto, a xefa de Estatística formula a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

A comisión informativa de Asuntos Sociais, en sesión do 19 de decembro, quedou enterada da anterior proposta.

(Están ausentes os Sres. Alonso Vázquez, Arias Moreira, Iglesias Carrera e Viéitez Alonso).

VOTACIÓN E ACORDO: Por unanimidade dos vintetrés membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Dar o nome de "Joaquín Nogueira Alonso" a actual primeira Travesía da rúa Victoria.

Explicación de voto do Sr. Fernández Fernández polo Grupo municipal do BNG:

Estes son os pequenos temas que en política para moitos son importantísimos.

Logo de dous xenerais golpistas, de dúas dictaduras, dous períodos democráticos, un deles o estamos a desfrutar, 81 anos, 4 meses e 19 días, que se lle recoñeza historicamente un dereito a un cidadán insigne desta cidade coido que merece unha explicación e que quede constancia o meu agradecemento ó Cronista Oficial da Cidade porque sen o traballo de seu, sen Miguel Vázquez Gil, dende logo non teríamos este momento que é importante para unha familia que leva dúas lexislaturas tentando que se lle recoñeza un dereito, unha honra que lle deron os seus antepasados.

Por isto eu me sinto moi satisfeito de poder votar a favor para que esta familia teña a honra recuperada dos seus familiares que fixeron moito por esta cidade. Pódolles dicir que é un dos insignes grandes descoñecidos pero foi quen fixo que o tranvía existira en Vigo e que esta cidade pegara un grande pulo no século XX. Por todo isto eu e máis o meu grupo estamos convecidos de que este é un momento de moita satisfacción política e persoal e coido que o resto da Corporación o entenderá igual ca nós.

32.- (280).-INCORPORACIÓN DO CONCELLO DE VIGO Ó CONSORCIO GALEGO DE SERVIZOS DE IGUALDADE E BENESTAR.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data 28 de novembro, o xefe do sector de Acción Social, coa conformidade da delegada da área de Participación Cidadá, formula o seguinte informe-proposta:

"O Diario Oficial de Galicia nº 131, do 7 de xullo de 2006, pública Resolución do 4 do mesmo mes, da Secretaria Xeral e de Relacións Institucionais, polo que se dá publicidade ao convenio de colaboración entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e unha serie de concellos para a constitución do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar.

A Resolución publica igualmente, como Anexo, os Estatutos do Consorcio.

As conversacións mantidas pola Vicepresidencia e Concello deron lugar a que, con data 15.11.06 se subscribira o protocolo de colaboración que se achega onde se manifesta a intención municipal de integrarse no Consorcio.

Para isto, e de conformidade co artigo 33º dos Estatutos do mesmo, resulta necesaria a adopción do correspondente acordo do Pleno Corporativo solicitando a incorporación, aprobación e aceptación dos Estatutos do Consorcio así como das condicións fixadas."

Polo exposto, o funcionario informante emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

Oon data 18 de decembro, o titular da Asesoría Xurídica emite informe favorable que figura no expediente.

A comisión informativa de Asuntos Sociais, en sesión do 22 de decembro, dictamina favorablemente a citada proposta.

(Están ausentes os Sres. Alonso Vázquez, Arias Moreira, Iglesias Carrera e Viéitez Alonso).

INTERVENCIÓN DA SRA. IGLESIAS BUENO: Como todos saben no mes de abril deste ano a vicepresidenta de Igualdade e do Benestar da Xunta de Galicia e a FEGAMP asinaron un protocolo de colaboración para a xestión dos servizos sociais de ámbito local que contemplaba a creación do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar como medio idóneo para o desenvolvemento da cooperación interadministrativa en materia de servizos de igualdade e benestar. Este Consorcio que se constituía en xuño deste ano nacia co obxectivo de implantar un modelo homoxéneo de prestación de servizos sociais que permita garantir o acceso de todos os galegos a uns servizos sociais públicos de calidade, incrementar os seus niveis de cobertura e intensidade e garantir a súa distribución efectiva entre a poboación.

Dende este goberno do Concello de Vigo somos conscientes da conveniencia de aunar esforzos e pular iniciativas, programas e accións conxuntas dirixidas a mellorar as condicións de vida das persoas máis necesitadas de protección social e así garantir o acceso de todos os vigueses e as viguesas a uns servizos públicos de calidade.

Por iso asinamos un protocolo de colaboración con data 15 de novembro, no que por unha banda o Concello de Vigo manifestaba a súa vontade de integrarse no Consorcio Galego de Servizos Sociais e é este punto o que hoxe traemos aquí ó Pleno para o cumprimento deste protocolo, que por outra banda contempla ademais unha importante mellora no financiamento dos servizos sociais municipais que desenvolven programas e prestan axudas de participación, integración e benestar social.

Así o Concello de Vigo recibirá no ano 2007 da Xunta de Galicia unha achega a maiores de 850.183 euros, que irán destinados principalmente á prestación do servizo de axuda no fogar, á eliminación de barreiras arquitectónicas, ó servizo de axuda a domicilio á infancia, ó mantemento do Centro de Acollida dos Irmáns Misioneiros dos Enfermos Pobres e ó mantemento de fogares de persoas maiores que viven soas.

En virtude deste protocolo e coa adhesión ó Consorcio, Vicepresidencia manifesta tamén a súa vontade de incrementar o número de prazas residenciais públicas co obxectivo de acadar de xeito progresivo os índices de cobertura recomendados no Plan Xerontolóxico Nacional e paliar así o déficit de prazas existentes.

Ademais, tanto o Concello de Vigo como a Xunta de Galicia, imos colaborar na creación e xestión de importantes equipamentos nos vindeiros anos que se traducen nun programa de construción, mantemento e xestión de catro

escolas infantís; a inclusión no Consorcio Galego de Igualdade e Benestar das escolas infantís existentes ou en construción; un programa de construción, mantemento e xestión de seis centros sociocomunitarios, ademais da xestión do centro de día Atalaia en Teis; e un programa de construción, mantemento e xestión dunha residencia para persoas maiores, dun centro de emerxencia social e dun centro especializado en Alzheimer, así como a creación doutro centro de promoción de empresas de mulleres de base tecnolóxica.

Para a consecución de todos estes obxectivos o Concello de Vigo facilitará os terreos necesarios para a localización dos centros de nova creación, e para o seguemento e coordinación das actuacións previstas crearase unha comisión mixta e paritaria con representantes de cada unha das partes.

Mellorar as condicións de vida das persoas con menos recursos, dos maiores e dos nenos, das mulleres con problemas e promover a súa participación social e fornecer a cooperación administrativa entre institucións é unha parte importante da política social das administracións que hoxe se reflicte coa aprobación desta adhesión.

Por iso quero pedirilles ós grupos municipais o seu voto a favor para que cada día Vigo teña máis e mellores servizos sociais.

VOTACIÓN E ACORDO: Por unanimidade dos vintetrés membros presentes da Corporación, dos vinte sete que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Primeiro.- Solicitar a incorporación do Concello de Vigo no Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar de conformidade co artigo 33 dos seus Estatutos publicados no DOG nº 131, do 07.07.06, aceptando os mesmos e as condicións fixadas para a incorporación.

Segundo.- Facultar á Sra. Alcaldesa-Presidenta do Concello para a execución de cantos trámites sexan pertinentes para o bo fin deste acordo, en particular para a subscrición dos documentos pertinentes para a formalización e desenvolvemento da incorporación ao Consorcio.

Terceiro.- Designar como representante deste Concello nos órganos rectores do Consorcio a D^a Corina Porro Martínez, Alcaldesa-Presidenta.

Explicación de voto da concelleira do Grupo municipal do BNG, Sra. Méndez:

Como dicía a Sra. Iglesias, coido que coa creación do Consorcio Galego dos Servizos de Igualdade e Benestar, por parte da Vicepresidencia da Xunta de Galicia preténdese dar resposta a unha débeda histórica contraída polas

diferentes administracións coa poboación que é a de garantir o acceso de todos os galegos e galegas a uns servizos sociais públicos, equitativos e de calidade.

O modelo actual amosouse que é fragmentario e insuficiente e precidamente o que se pretende con este Consorcio é facer un modelo homoxéneo onde se lle dea resposta ás necesidades de toda a poboación e fundamentalmente a aquelas persoas que teñen máis problemas a nivel social, ás persoas con máis necesidades.

No Consorcio prevese investir 130 millóns de euros ata o 2010; pénsase que se van acadar ó redor de 4.000 postos de traballo, cousa que coido que é moi importante.

Este Concello e a cidade de Vigo deben felicitarase por acadar este acordo porque é moi importante e dalgún xeito demostra a aposta decidida da Vicepresidencia por esta cidade. A Sra. Iglesias daba estes datos, falaba da construción de seis centros de día, de catro escolas infantís, dunha residencia, dun centro de exclusión social e de todas estas infraestructuras necesarias e precisas.

Coido que xa dende hoxe, dende este Concello debémonos poñer a traballar para que isto sexa unha realidade porque é unha grande necesidade sentida por toda a poboación como ben dicíamos antes. Penso que ese solo necesario se ten que poñer o máis axiña posible ó dispor da Vicepresidencia e non só se trata de poñer o solo para as infraestructuras necesarias, senón tamén que nos próximos anos ese incremento de orzamento que penso que acada o 100% no que se lle dá o Concello de Vigo que eran 850.133 euros, xamais houbo un orzamento similar a nivel de servizos sociais. Eu quero facer dende aquí un chamamento para que nos orzamentos do próximo ano e os dos anos seguintes isto teña unha contrapartida no Concello de Vigo e é que se incrementen os orzamentos para servizos sociais dentro dos Concellos como dalgún xeito se vai pedir na nova lei de servizos sociais e que estes acaden o 6% que sería o necesario para nos poñer a un nivel acadado dentro do que é a nova Europa.

Explicación de voto da concelleira do Grupo municipal Socialista, Sra. Sío Lourido:

Nós tamén votamos a favor deste convenio porque coidamos que é importante poñer o benestar social desta cidade onde ten que estar xa que non se puxo en anos anteriores con outros gobernos da Xunta de Galicia.

Digo isto porque este compromiso xa ía no pacto de goberno que asinaron o BNG e o PSOE para estas eleccións á Xunta de Galicia e o goberno de Galicia está a cumprir co que se comprometeu.

33.- (281).-PROPOSTA DE DECLARACIÓN DO CONCELLO DE VIGO SOBRE CONDENA DE VIOLACIÓNS DE DEREITOS HUMANOS EN GUANTÁNAMO E NOUTROS LUGARES.

ANTECEDENTES.- Preséntase a aprobación do Pleno da Corporación a seguinte proposta de declaración asinada polos voceiros dos catro Grupos Municipais deste Concello sobre a condena de violacións dos dereitos humanos en Guantánamo e noutros lugares, co seguinte texto:

Os abaixo asinantes, voceiros dos grupos municipais do Concello de Vigo EXPOÑEN:

Tendo en conta que en xaneiro de 2007 cumpríranse cinco anos da apertura do centro de detención de Guantánamo, onde aproximadamente 500 homes seguen detidos de xeito ilegal, moitos deles tras teren sufrido torturas ou malos tratos en Guantánamo ou noutros centros de detención estadounidenses.

Considerando que a tortura é un delito prohibido polo dereito internacional e asumindo o Concello de Vigo, tal como pide ás institucións a Declaración Universal de Dereitos Humanos da ONU de 1948, o compromiso de traballar a prol das vítimas de violacións de dereitos humanos.

Preocupados polo feito de que en 2006 máis de 104 países empregaran a tortura e os malos tratos.

Alarmados polo programa de "entregas extraordinarias" impulsado polos EE.UU., práctica ilícita pola que se detén ilegalmente a unha persoa para levala vía aérea en segredo a un terceiro país onde é vítima de torturas, malos tratos e desaparición.

Preocupados polo número indeterminado de persoas secuestradas en diferentes países e trasladadas en voos secretos da CIA nos últimos anos, dos que polo menos 1.200 fixeron escala en territorio europeo.

Acollendo con satisfacción as investigacións xudiciais en España sobre este tema, así como noutros países.

Propoñemos ao Concello Pleno, previo dictame da Comisión Informativa de Asuntos Sociais, a adopción do seguinte acordo:

1.- Condenar pública e oficialmente a tortura e outros tratos crueis, inhumanos e degradantes e solicitar que cesen tales prácticas.

2.- Pedir o peche inmediato do centro de detención de Guantánamo, así como solicitar ao Presidente dos EE.UU. que libere a todas as persoas detidas en Guantánamo se non van ser xulgadas coas debidas garantías ante tribunais

estadounidenses, de conformidade co dereito internacional e sen posibilidade de aplicar a pena de morte.

3.- Solicitar a investigación imparcial sen demora de todas as denuncias sobre torturas e tratos crueis, inhumanos e degradantes inflixidos a persoas detidas en Guantánamo ou noutros centros de detención baixo a custodia estadounidense.

4.- Pedir ao goberno dos EE.UU. que poña fin ás súas prácticas de entrega extraordinaria, tortura, tratos crueis, inhumanos e degradantes e detención ilegal en todo o mundo e obrigue a respostar dos seus actos a todo quen teña participado en tales prácticas.

5.- Pedir garantías de que todas as personas recluídas en Guantánamo reciben asistencia médica axeitada e contactan coas súas familias.

6.- Solicitar que se faga pública unha lista completa de todas as personas detidas por Estados Unidos como parte da 'guerra contra o terror' en Guantánamo e noutros lugares.

7.- Instar ó Goberno español que pida públicamente o peche de Guantánamo e condee expresamente as violacións de dereitos humanos que están producíndose alí e esixa, xunto aos demais Estados Membros da UE, ao Goberno de EE.UU. o acceso de observadores da ONU como o Relator Especial sobre a Tortura.

8.- Solicitar ao goberno español a súa total colaboración coa xustiza nas súas investigación para a posta en marcha dunha investigación independente para determinar o grao de responsabilidade do Estado con relación á utilización de aeroportos de España para voos secretos da CIA.

9.- Encargar á Alcaldesa-Presidenta do Concello que faga chegar esta resolución ó Presidente, Secretario de Defensa e Secretario de Xustiza dos EE.UU., así como ao Embaixador de EE.UU. en España, ademais do Presidente do Goberno Español, e ós Ministros de Xustiza e Asuntos Exteriores."

A comisión informativa de Asuntos Sociais, en sesión do día 22 de decembro, dictaminou favorablemente a anterior proposta declaración.

O Sr. Secretario Xeral do Pleno da lectura ó texto da declaración que se transcribe nos antecedenes deste acordo.

(Están ausentes os Sres. Alonso Vázquez, Arias Moreira, Iglesias Carrera e Viéitez Alonso).

VOTACIÓN E ACORDO: Por unanimidade dos vintetrés membros presentes da Corporación, dos vinte sete que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar a declaración do Concello de Vigo sobre a condena de violación dos dereitos humanos en Guantánamo e noutros lugares, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

En cumprimento de acordo plenario, neste intre a Corporación e todas as persoas presentes no salón de Plenos, postos en pé, gardan un minuto de silencio polas mulleres vítimas da violencia de xénero.

34.- (282).-MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PG RELATIVA Ó CONSULADO DE PORTUGAL EN GALICIA.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data 18 de decembro, o voceiro do Grupo municipal do Partido Galeguista formula a seguinte moción:

“Vaia por diante que as decisións que poida tomar o Goberno dun País irmán como Portugal en uso das súas propias competencias, merecen todos os respectos do Partido Galeguista e estamos convencidos que da práctica totalidade da sociedade viguesa e da galega.

Iso non quere dicir que, co obxectivo de conseguir unha rectificación sobre as presuntas intencións de pechar o Consulado de Portugal en Vigo, non elevemos a nosa voz discrepante sobre un feito puntual, máis ben importante, que sen dúbida prexudicaría dun xeito grave as relacións entre Portugal e Galicia, e máis concretamente entre Galicia e o Norte de Portugal.

O Consulado de Portugal ven prestando un bo servizo a todos os cidadáns portugueses que teñen precisado del ó tempo que, alén dese importante cometido, tenlle prestado un enorme e impagábel servizo ás relacións entre Galicia e Portugal, e máis concretamente entre o Norte de Portugal e Galicia.

O Concello de Vigo ten feito esforzos evidentes a prol do estreitamento das relacións entre Portugal e Galicia. Un estreitamento máis ca conveniente, necesario. Boa proba diso son feitos deseñados por mín cando era Alcalde de Vigo, como a iniciativa da irmandade entre Vigo e Porto, ou a merca da Casa de Arines pra cedela logo ás autoridades portuguesas cara á axuda de intercambios de toda orde entre Galicia e Portugal. Máis tarde foi a Corporación presidida polo Alcalde Sr. González Príncipe quen seguiu a desenvolver aquel deseño político cun feito importante como foi o establecemento do eixo Atlántico, institución á que non se lle prestou a atención que merecía e merece.

Certo é que ó actual goberno municipal debémoslle dar unha reprobación enérxica por ter as nosas relacións con Porto e o Norte de Portugal absolutamente abandonadas, cousa que só se debe a súa falla de competencia política e ó seu deixamento. E tamén a algo máis: ó seu escaso respecto pola democracia.

En efecto, témonos queixado de que o goberno non cumpre acordos plenarios: fai o "paripé" de votar acordos que non ten a máis mínima intención de cumprir pra non quedar mal no momento e logo, consonte coa súa premeditada actitude antidemocrática, non os cumpre.

Boa proba diso é o feito de que, aprobada por unanimidade unha moción presentada por este concelleiro o 14 de novembro do ano 2005, relativa entre outros aspectos ó establecemento de relacións cos Concellos do Norte de Portugal co obxectivo de planificar traballos conxuntos sobre algo tan vital pra Galicia e o Norte de Portugal como é a Alta Velocidade, é hoxe o día no que a Sra. Alcaldesa de Vigo, culpable evidente en primeirísima persoa, xunto co seu goberno, aínda non deron nin un só paso pra cumprir aquela moción.

E agora temos que saír ás estradas para evitar algo tan transcendente como o anunciado posíbel peche do Consulado de Portugal pra o Noroeste do Estado Español, con residencia na nosa cidade. Nada menos!

Cómpre que todas as institucións deamos pasos pra evitar que algo tan prezado como ese Consulado desapareza por mor de inconvenientes previsións de políticos portugueses, e por incompetentes actuacións de políticos galegos como a Sra. Alcaldesa de Vigo.

Os pobos de Portugal e de Galicia, que queremos colaborar e complementarnos cada día máis estreitando lazos en todas as ordes, non merecemos unha decisión tan nefasta como a anunciada.

Consonte co antedito propoñemos:

1.- Dirixirmos á Deputación Provincial de Pontevedra, á Xunta de Galicia e ó Goberno de España pra que mediante as negociacións oportunas pidan e consigan o mantemento do Consulado de Portugal radicado en Vigo.

2.- Dirixirmos a todos e cada un dos Concellos do Norte de Portugal, comezando por Porto, Vilanova de Gaia, Braga, Monçao e Valença, para que a súa vez dean os pasos que consideren oportunos, diante do goberno do seu País, de xeito que o Consulado de Portugal en Vigo siga a prestar os bos e utilísimos servizos que ten prestado até o día de hoxe."

A comisión informativa de Asuntos Sociais, en sesión do 18 de decembro, quedou enterada do contido da anterior moción.

DEBATE.- SR. SOTO FERREIRO: Deséxolles a nivel persoal a todos que teñan un próspero ano xunto coas súas familias e amigos.

Contrariamente ó que adoito facer nas intervencións, neste caso coa mestura dun país irmán, vou ler a moción que teño escrita porque non quero que algunha verba poidera ser inconveniente cara ás relacións cun país fraterno, alomenos na concepción do Partido Galeguista.

O Sr. Soto Ferreiro procede a ler o texto da moción que se transcribe nos antecedentes.

SR. SOTO FERREIRO: Por certo e entre paréntese dicir que a Corporación anterior si lle prestou algún tipo de atención ó Eixo Atlántico e que nesta Corporación a atención foi absolutamente nula na miña opinión.

Ó mellor cómpre lembrar aquí a quen non o faga con puntual atención que o eixo de Cerdedo é tan válido para o norte de Portugal como para o sur de Galicia, que se beneficiarian tanto dende Porto ata a fronteira os portugueses como os galegos e que polo tanto o sur de Galicia e o norte de Portugal estableceríamos unha liña de comunicación con Madrid de primeirísima magnitude.

SR. LOSADA ALVAREZ: Dende o Grupo municipal Socialista evidentemente imos apoiar esta moción como non podía ser doutro xeito. A intensidade das relacións entre Galicia e o norte de Portugal, xa que aproximadamente 40,000 portugueses residen neste momento na Comunidade Autónoma, Portugal é o noso segundo cliente e o noso segundo provedor en termos de comercio exterior, e aínda que só fosen estas razóns estrictamente cuantitativas e materiais, serían máis que suficientes para xustificar esa existencia.

Efectivamente a situación económica do Goberno portugués é recoñecido internacionalmente que é difícil, hai programas de axustamento lamentablemente en moitos Ministerios, en moitos ámbitos da administración pública portuguesa e esta proposta evidentemente forma parte dese mecanismo de axuste.

En todo caso o que nos gustaría é que dende a Alcaldía de Vigo, a Alcaldesa, o Partido Popular, foran coherentes coa defensa dos intereses da cidade de Vigo e do conxunto de Galicia. Gustaríame saber que fixo a Alcaldesa ata o de agora, non sei se a estrexia vai ser similar á dos presupostos da Comunidade Autónoma, de enviar cartas ós reis magos unha vez que estes presupostos están pechados. Gustaríame que actuara antes de que o Consulado se pechara de xeito efectivo, caso de que así ocorra, e dende logo gustaríame que o presidente do Partido Popular de Galicia, Sr. Núñez Feijóo, fora agora correndo a facerse unha fotografía co alcalde de Porto, Sr. Ruíz Río, para cuestionar as decisións dos Gobernos de España e Portugal, tal como fixeron inmediatamente logo do cumio hispano-luso de Badajoz, poñendo absolutamente en cuestión decisións políticas e entre elas unha que afecta de xeito notable a esta cidade que é a posta ó mesmo nivel,

tanto en termos estratéxicos como cronolóxicos, do tren de alta velocidade Madrid-Lisboa e Vigo-Porto.

Gustaríame que neste caso os partidos de dereita, tanto en España como en Portugal, que sempre miraron respectivamente a Lisboa e a Madrid e sempre viron con recelo a conformación desta eurorrexión Galicia-Norte de Portugal que dunha ou outra maneira restaba protagonismo e poder político ás dúas capitales, neste caso demostraran esa pretendida vocación de eurorrexión e actuaran con dilixencia e na medida do posible tamén con eficacia, sendo conscientes de que é unha decisión dun goberno soberano.

Gustaríanos tamén presentar unha emenda de engádega á moción presentada polo grupo do Partido Galeguista no sentido de que a decisión deste Pleno do Concello de Vigo se traslade tamén non só ó ámbito político administrativo español, á Xunta de Galicia e ó propio Goberno de Madrid, senón tamén á propia cónsul de Portugal en Vigo porque ela mesma manifestou explicitamente nos xornais a necesidade de que este Consulado permaneza aberto. Probablemente pode ser tamén un mecanismo de presión política diante do Goberno de Lisboa por parte do que sería o corpo diplomático portugués que seguro que non quere que peche o Consulado de Vigo porque ningún corpo diplomático de ningún estado quere que diminua o volume das representacións diplomáticas dese estado no exterior.

SR. FIGUEROA VILA: Semella que a ineficacia nas xestións dalgúns gobernos téntase trasladar á Alcaldesa de Vigo, semella que esta é o centro de atención de todas as críticas cando pasa algo no contorno de Galicia ou do do norte de Portugal.

Sr. Losada, o problema de Portugal é que un goberno socialista levou á ruína a ese País. Ese é o problema que hai e como non son quen de xestionar nin en España, nin en Portugal as tarefas encomendadas, consecuentemente ven esta toma de decisións. É única e exclusivamente unha cuestión puramente económica e polo tanto coido que o que tiña que facer vostede é facerlle a crítica ó Goberno socialista de Portugal e ó de España que de momento, con respecto ás infraestructuras de conexión con Galicia e o norte de Portugal, cero de cero. Díganme vostedes qué acordos, resolucións ou que postas en marcha teñen. Postas en escea e fotografías teñen moitas.

Segunda cuestión: Sabe vostede quen preside o Eixo Atlántico, é dicir, a unión das cidades de Galicia e o norte de Portugal? É o Sr. Alcalde de Santiago, magnífico xestor das relacións de Galicia co norte de Portugal; xestor cero porque non lle interesa.

Pero vostedes terán responsabilidades dentro do seu partido para tentar que o alcalde de Santiago acentúe as relacións de Galicia co norte de Portugal porque o Eixo Atlántico está desaparecido do mapa, non existe. Díganme vostedes cal é a xestión. Seguramente a do xerente facer política con algún candidato e con vostede mesmo. Hai moitos libros e moitos proxectos europeos cun financiamento que os cidadáns non perciben.

O Eixo Atlántico tivo uns anos importantes dende o ano 95 ó ano 2002-2003 e a partir daí desapareceu do mapa, pero seguramente vostedes utilizan ó seu xerente para facer política. Benvidos.

A terceira cuestión é que eu coido que vostede está mal informado sobre os temas de Vigo, ó mellor no Parlamento de Santiago teñen outra perspectiva da situación.

O Sr. Touriño veu á cidade de Vigo en visita oficial e diante de todos os voceiros se lle entregou un dossier das necesidades de Vigo. Coido que foi ós dous ou tres meses do seu nomeanto. Agradecemoslle a visita, estaban todos os voceiros de todos os grupos políticos e presentámoslle un dossier que lle repetimos na elaboración dos orzamentos do ano pasado. Este ano voltamos repetirlle o mesmo dossier a el e máis á conselleira de Política Territorial que é de Vigo, cos orzamentos e as demandas máis importantes; a cada unha das Consellerías.

Polo tanto non fale de cartas porque coido que descoñece a realidade. A realidade é que o Sr. Touriño ten no seu poder as reclamacións e as demandas que lle presentou a cidade.

Coido que a estratexia ten que ser distinta. Quen boicotea as relacións entre o Concello de Vigo e a Xunta de Galicia é o Grupo municipal Socialista na cidade de Vigo e algún candidato. As relacións empezan a seren magníficas cando vostedes desaparecen do mapa, cando non están no medio as relacións son magníficas e as xestións acádanse; acádanse coa Consellería de Vivenda que inviste en Navia sen ningún tipo de problema, coa de Medio Ambiente malia todos vostedes, malia os atrancos e todas as problemáticas que vostedes poñen no medio; acádanse acordos coa Consellería de Sanidade e coas demais Consellerías, non hai ningún tipo de problema. Acabamos de asinar un convenio coa Vicepresidencia do Goberno Galego que aquí todos louvaron.

Polo tanto este Concello ten magníficas relacións coa Xunta de Galicia cando se tratan individualmente, pero cando se mete o Grupo municipal Socialista as desfán porque non lles interesan esas relacións.

Esa é a realidade que xa coñece toda a cidade, non pense que é algo que lles estou poñendo agora neste Pleno. Dentro do seu grupo hai persoas que non queren que se aprobe o Plan Xeral, hainas que non querían que se acadara un acordo no tema da depuradora, que non queren que se fagan investimentos en infraestrutura porque pensan que van en menoscabo dos seus intereses electorais e non pensan na cidade. Pero todo isto xa o sabe a cidade, non fai falla volver abrir este discurso porque o sabe perfectamente.

Polo tanto a alcaldesa de Vigo está no seu sitio e demóstrao paseniño, ós poucos, custa un pouquiño máis. Eu sempre digo que esta é unha carreira de fondo con obstáculos, cada 100 metros hai un obstáculo que hai que saltar. Nós imos saltando os obstáculos. O acordo co AVE está a pique de concretarse tamén polo esforzo que está facendo o Concello de Vigo co Ministerio de Fomento e coa propia Consellería de Política Territorial.

Eu coido que esta cidade segue avanzando malia o grupo municipal socialista, por desgracia para esta cidade; quero deixar claro que non o Partido Socialista, senón o Grupo municipal Socialista na cidade de Vigo.

Con respecto ó tema do Consulado parécenos moi ben que vostedes, a falla de xestión dun goberno, neste caso do Goberno portugués que está pechando case todas as delegacións exteriores en todos os países, lla achaquen á alcaldesa de Vigo. Sra. Alcaldesa, coido que a temos que felicitar porque o final é vostede o centro de todas as críticas de todo o que pasa.

Sr. Soto, dende logo que se non retira a motivación desta moción nós imos votar en contra. Xa sei que non a vai retirar, pero coido que as nosas xestións se están facendo a nivel da alcaldesa cos representantes portugueses, coido que os representantes de Portugal na cidade de Vigo teñen o apoio da alcaldesa e do goberno desta cidade e nós por suposto que non imos entrar neste tipo de situacións porque a partir de agora virán moitas electorais e claramente políticas.

Polo tanto, se non retira a motivación da súa moción imos votala en contra e dun xeito claro porque imos seguir facendo xestións, imos acadar que a representación portuguesa en Vigo sexa a mellor posible, pero o que está claro é que non lle poden botar vostedes a culpa á alcaldesa de Vigo dunha mala xestión dun goberno, neste caso do goberno portugués, porque a situación do País irmán é unha situación delicada.

Con respecto ó que dicía vostede das cidades, nós participamos en todas as reunións do Eixo Atlántico ás que se nos invita e coido que teríamos que facer algún debate sobre el e saber que está pasado en concreto nos últimos

anos. Ese sería un debate interesante: coñecer os obxectivos do Eixo Atlántico, qué foi o que se acadou, qué tipo de política se está seguindo, quen fai un control dese Eixo Atlántico, se ó mellor hai algúns alcaldes do Partido Socialista en Galicia ós que non lles interesa que se potencie e dinamice o Eixo Atlántico.

Estamos totalmente convencidos de que non. Volvemos pensar o mesmo: de Santiago cara arriba non pensamos o mesmo que dende Pontevedra cara abaixo. Ó mellor volvemos outra vez a ese discurso: hai persoas ás que non lles interesa que a relación de Vigo co norte de Portugal sexa boa porque Vigo está no centro da eurorrexión de Galicia e do norte de Portugal. Estamos falando de que nunha hora e media estamos conectados con 7 millóns de habitantes e iso seguramente non lle interesa a moita xenta, a moitos responsables políticos.

Quen preside o Eixo Atlántico é o alcalde de Santiago de Compostela e dende que preside este señor o Eixo Atlántico non dá sinais de vida; si as dá para que o seu director-xerente faga política con algún candidato e marxine ós demais, nin conte con eles. Se queren falamos da Axenda 21 e do que pasou no Eixo Atlántico que cunha subvención de máis de 400 millóns das antigas pesetas aínda non fomos quen do levar a piques e tiveron que rescindir o contrato.

Falamos do Eixo Atlántico cando vostedes queiran pero non por culpa da Alcaldesa, nin do goberno da cidade de Vigo, ó mellor será por outros responsables políticos ós que lles interesa dun xeito claro que existan diferencias entre Vigo e o norte de Portugal. A Alcaldesa ten magníficas relacións con todos os presidentes das Cámaras do norte de Portugal e co de Porto dunha maneira especial.

SR. SOTO FERREIRO: Sr. Losada, quédome coa parte positiva do seu discurso. Acepto a súa engádegas cunha matización: trasladarlllo ó Consulado de Portugal para que lle dea traslado ó seu Goberno, ó Goberno a quen representa neste caso e iso paréceme positivo.

Sinceiramente que vostede introduza no debate elementos alleos ó tema estrictamente de Vigo era moi fácil para este concelleiro pero non o quixo facer. Éralles moi fácil a vostedes, Partido Popular e Partido Socialista, con calquera desculpa montar un balbordo falando da depuradora e de todo menos do Consulado de Portugal e non se lles cae a cara de vergoña nin nada, non se cortan.

Seríame tan fácil dicir que nin o goberno da Xunta do PP, nin o da Xunta actual resolveron ese problema. Cómo non se entera o goberno de España de que iso se ía producir? Para qué serven os cumios bilaterais? Podería dicir cen cousas desas pero non as quero dicir, non ven ó caso, a min o que me preocupa é o mantemento do Consulado e non andar a liortas políticas que é o único que lles preocupa a vostedes; con liortas políticas entre uns e outros semella que queren acadar só votos con líos entre vostedes dous permanentemente, non resolvendo problemas.

O debate do Eixo Atlántico podémolo facer cando vostedes queiran, eu recollo a luba porque vou presentar unha moción sobre o Eixo Atlántico para debater sobre el no Pleno do Concello. Pero na miña opinión non toca hoxe con respecto a resolucións do tema, toca moito máis dende logo que a depuradora, por certo.

Independentemente de quen preside ou non, se o norte de Galicia ou non, din vostedes que non son proclives á unión con Portugal. Encantado de escoitalles dicir que Vigo está chamado a seren un punto neurálxico dese Eixo Atlántico porque cando eu falaba dese feito político hai xa moitos anos cando era Alcalde de Vigo, a vostedes só lles escoitei chanzas; dende o irmanamento con Porto do que dicían que íamos tomar tazas e comilonas, pasando polo Eixo Atlántico. Cando había ese deseño político vostedes só se chanceaban.

Non sei cantos anos despois "caen da burra" ou sinxelamente facían daquela o que fan agora: estar en contra para defender intereses políticos de partido, non de Vigo nin de Galicia, só de partido que é ó que están. Se erro perdoen e ademais corríxanme pero coido que é a primeira vez que abeirándose en que non lles gusta a exposición de motivos non se vote o fondo do tema. Dende logo e perdoen que o diga con esta rotundidade, é unha estupidez política dun nivel fóra do común porque ou vostedes non queren manter o Consulado en Vigo e están axudando obxectivamente a non o manter, ou qué é o que vostedes non queren? Dirixirse á Deputación? Ó goberno da Xunta de Galicia? Ó de España? O mellor o que non queren é dirixirse ós concellos do norte de Portugal porque non o fixeron cando eu llo pedín noutra moción.

Sr. Figueroa, vostede falou de cen cousas, moitas que non tocan, pero non falou dunha soa: por qué non tomaron a responsabilidade de asumir unha moción votada por unanimidade neste Pleno e dirixirse ós concellos do norte de Portugal para tratar temas bilaterais? Non é que sexamos responsables no Concello de Vigo, nin o Goberno municipal de Vigo sexa o último responsable

de se se quere manter ou non un Consulado, pero dende logo que os estreitamentos das relacións benefician a todo o entramado sociopolítico e entre eles ó mantemento dun Consulado, iso por suposto.

Vostedes renunciaron sen ningunha explicación política porque tampouco lla escoitei agora. Dígolles publicamente que os reto a que digan politicamente por qué non cumpriron esa moción plenaria porque isto si que toca e é cousa do Concello de Vigo. Que no norte non queren traballar? Razón de máis para que nós turremos máis do carro, pero vostedes coa súa inibição son culpables dun estado de cousas negativa para Vigo, para Galicia e para o norte de Portugal.

En todo caso a min esa negatividade das súas actuacións xamais me permitiría estar en contra de temas que vostedes formulen se son positivos obxectivamente para a cidade. Alá vostedes co seu voto en contra.

Non me resisto a dicirlle outra cousa aínda que sexa de pasada: vostedes votarán aquí o que queiran, que máis dá, acaban de votar unha moción sobre Guantánamo que recoñezo que é unha moción calificable de esquerda dura e vótana sen se cortar nada. Eu si que a votei conscientemente, pero dá igual ou semella que a algúns lles dá igual pase o que pase.

Vostedes votan esa moción pero anuncian que non van votar traballar polo mantemento do Consulado de Portugal en Vigo. Vaia desastre de Grupo popular. Dende logo que ó Grupo socialista non é para lle dar aplausos (non me importa llo dicir) pero o seu tamén ten delicto.

SR. TOBA GIRÓN: Sincieramente nós non tiñamos pensado intervir nesta moción e xa o dixeramos na Xunta de Voceiros, mesmo nela se presentara a posibilidade de que a resolución fora un acordo da propia Xunta de Voceiros, posición que ademais coido lembrar que a propuxo a Sra. Graña, polo Grupo municipal socialista aínda que o Sr. Soto ó final se decidiu a manter a súa moción coas explicacións pertinentes, pero sinceramente na Xunta de Voceiros eu pensei que estabamos todos de acordo en que a Corporación unida tiña que reivindicar o mantemento do Consulado de Portugal en Vigo. Non escoitei voces que disentiran dalgo que é tan evidente porque eu non vou glosar a importancia de Vigo para a Eurorrexión que xa se glosou polo Sr. Losada e polo Sr. Soto e polo tanto non vou redundar pero si o vou facer nun cousa.

Sres. e Sras. Corporativos e Corporativas, se non nos poñemos de acordo nalgo tan sinxelo como reivindicar que se manteña o Consulado de Portugal en Vigo, aviados estamos porque os nosos cidadáns non van entender a este

Pleno e non van poder entender que se monte unha liorta entre o Partido Socialista, o Partido Popular, o Partido Galeguista, mesmo o BNG chegado o caso, por un asunto tan evidente.

Vigo efectivamente debe ser a capital desa Eurorrexión, é moi evidente e xa o sabemos todos; é verdade que as relacións exteriores non son competencia municipal, nin siquera do Goberno galego porque son competencia do Ministerio de Asuntos Exteriores. Pero a competencia non é o que se debate neste Pleno, o que se debate é o compromiso da Corporación e a transmisión dese compromiso tamén ó Goberno central, ó Ministerio de Asuntos Exteriores para que tome cartas no asunto. Isto é o que debatemos neste Pleno e o que temos que facer é transmitir unha mensaxe clara de conxunto, da totalidade da Corporación e, por favor, non con votos negativos agás se o que queremos é que mesmo o Ministerio de Asuntos Exteriores diga que non nos entendemos nin para manter un Consulado na nosa cidade.

Nós sinceramente imos votar a favor da moción porque coidamos que é bo para a cidade de Vigo, para Galicia enteira e para Portugal manter ese Consulado en Vigo. Hoxe non toca discutir da xestión do Eixo Atlántico e de todas estas institucións que están nun estado que eu diría que basicamente levan uns tres anos na UCI porque dende o ano 2003 non se fai ningunha xestión por parte de ninguén, enténdanme que non vou facer partidismo, para que esa institución que tivo unha rotunda importancia na posta en marcha, na significación, mesmo no recoñecemento da Eurorrexión que é o noso futuro dentro da nova Europa, esa institución e outras están case en estado "catatónico" dende hai tres anos; iso tamén é evidente.

Iso é malo porque evidentemente iso tería que ser utilizado como unha institución de conexión entre Galicia e Portugal e polo tanto deberan fraguar os acordos en infraestructuras pero tamén neste tipo de cousas. É malo porque nos quedamos sen "lobby", sen conexión. Calquera país europeo ten "lobbys", nós tamén os debemos ter e ese é o noso aliado para o noso "lobby". Polo tanto defender ese Consulado é parte significativa desa defensa estratéxica do que representa o conxunto da Eurorrexión e do que representamos porque é o noso futuro, o futuro de Vigo e de Galicia.

Evidentemente que nós poderíamos discutir aspectos da exposición de motivos nos que non coincidimos coa posición do Sr. Soto e el sábeo, pero o que votamos é evidentemente o acordo, a resolución e esta di que nos imos dirixir á Deputación provincial de Pontevedra, á Xunta de Galicia, ó Goberno de España para que se manteña o Consulado de Portugal. Iso é o que imos votar. Esta Corporación non pode votar iso por unanimidade? Eu coido

que si e quen non o vote que asuma as súas consecuencias, pero en todo caso isto é un clamor, estou pedindo a cidadanía de Vigo, os cidadáns portugueses que xa residen en Vigo unha boa parte deles.

Polo tanto imos votar a favor e imos deixar, se vostedes queren, as liortas partidistas que se están poñendo enriba da mesa por unha vez, por un tema coma este que é tan importante porque é un tema de cidade aínda que pareza que non, deixemos un pouco aparcadas as banderías e esteamos á altura do que necesita a cidade neste asunto. Insisto en que pode semellar un asunto de pouca importancia pero para nós ten moita relevancia política.

Eu pregaríalles un esforzo de xenerosidade, de abandoar por un momento, trinta segundos, mentres votamos, nada máis, a bandería de partido e votemos por unanimidade porque sinceramente calquera outra votación non sería comprensible.

Xustificarse detrás dunha exposición de motivos, Sr. Figueroa, non semella razoable. Onte mesmo tivemos un Pleno da Corporación provincial no que discutimos algunha moción que non vou citar pero no que mesmo nós presentamos unha emenda, como vostede lembrará, que non se aceptou polo Grupo popular, cunha exposición de motivos do Grupo popular que vaia exposición de motivos, sendo conscientes de que votabamos o acordo resolutivo. Por certo, logo non aceptaron nin a emenda nin nada e alí foron eles, pero as exposicións de motivos son iso: exposicións de motivos que fraguan a posición política, do Partido Galeguista neste caso, neste asunto, pero o que aquí vota a Corporación é o que está na resolución. Fagamos un esforzo porque xa sería absurdo que este Pleno da Corporación non poidera poñerse de acordo nalgo que todos sabemos que reclamamos aquí e fóra aquí, cando falamos nos corredores, na Xunta de Voceiros e que nolo está reclamando a cidade.

SR. SOTO FERREIRO: Sr. Toba, ten razón e como a ten e o importante é o importante, a prol do que interesa o Partido Galeguista retira toda a exposición de motivos, enteira, pero lles vai vir enteira nunha próxima moción ó próximo Pleno da Corporación no que xa mirarán o que imos debater.

SR. TOBA GIRÓN: Gracias, Sr. Soto, moitas gracias.

SR. FIGUEROA VILA: Nós tamén llo agradecemos porque así imos votar a favor.

Emenda formulada polo concelleiro do Grupo Socialista, Sr. Losada Alvarez, e matizada polo relator, Sr. Soto Ferreiro, durante o curso do debate:

Trasladar o presente acordo ó Consulado de Portugal para que dea traslado do mesmo ó Goberno que representa.

(No momento da votación están ausentes os Sres. Alonso Vázquez, Arias Moreira, Iglesias Fernández e Viéitez Alonso)

VOTACIÓN E CORDO: Por unanimidade dos vintetrés membros presentes da Corporación, dos vinte sete que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Primeiro.- Dirixirmos á Deputación Provincial de Pontevedra, á Xunta de Galicia e ó Goberno de España pra que mediante as negociacións oportunas pidan e consigan o mantemento do Consulado de Portugal radicado en Vigo.

Segundo.- Dirixirmos a todos e cada un dos Concellos do Norte de Portugal, comezando por Porto, Vilanova de Gaia, Braga, Monção e Valença, para que a súa vez dean os pasos que consideren oportunos, diante do goberno do seu País, de xeito que o Consulado de Portugal en Vigo siga a prestar os bos e utilísimos servizos que ten prestado até o día de hoxe."

Terceiro.- Trasladar o presente acordo ó Consulado de Portugal para que dea traslado do mesmo ó Goberno que representa.

35.- (283).-MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSDEG-PSOE RELATIVA Ó INCUMPRIMENTO DO CONTRATO POR PARTE DA CONCESIONARIA DO SERVIZO PÚBLICO DE CONSERVACIÓN E REPOSICIÓN DE ZONAS VERDES E PARQUES INFANTÍS.

ANTECEDENTES.- A concelleira do Grupo municipal Socialista, Sra. Graña Barcia, por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 16 de decembro de 2006, formula a seguinte moción:

"A Xunta de Goberno Local, en sesión do 8 de novembro de 2004, aprobou o expediente de contratación da xestión do servizo público de conservación e reposición de zonas verdes e parques infantís do Concello de Vigo, así como a convocatoria do concurso para a elección do contratista.

A Xunta de Goberno, en sesión do 29 de marzo, adxudicou a contratación do mantemento e conservación de zonas verdes do Concello de Vigo, por un precio anual de 3.539.490,17 euros, segundo os pregos de cláusulas

administrativas e condicións técnicas que rexeron o expediente de contratación.

O Concello de Vigo, en data 6 de xuño de 2005, subscribiu contrato para a prestación do servizo de mantemento e conservación de parques e xardíns do Concello de Vigo coa adjudicataria.

A cláusula cuarta do contrato establece que o prazo será de oito anos, contado dende o 1 de maio de 2005.

Trancorrido máis dun ano de vida na relación contractual coa adjudicataria, estimamos que é necesario facer un balance e, en concreto, sinalar determinados incumprimentos:

Relativos ao Prego de Bases Técnicas e á oferta presentada pola adjudicataria:

- O prego de Bases establece a instalación dun sistema GPS nos vehículos do servizo (Base 9). Esta medida, claramente orientada a mellorar o labor do control e seguimento da adjudicataria que debe realizar o Goberno Municipal, non está en funcionamento.
- Na súa oferta, a adjudicataria realizou unha proposta de melloras gratuítas, melloras técnicas e outras melloras. Tamén propuxo, no caso de que resultara adjudicataria, a realización dun informe que realice un repaso dos diferentes criterios a considerar no aproveitamento das augas residuais rexeradas para o rego en xardiñería. Non consta a execución de ningunha destas propostas.
- O prego establece que a xornada laboral en Samil (piscinas) será dende abril ata setembro (ambos incluídos), dende as 7,00 horas ata as 22,00 horas (incluídos sábados, domingos e festivos), debendo existir o mínimo de socorristas diplomados en cada piscina. Tamén se recolle que en Samil (parque), en épocas de abril a setembro (ambos incluídos), de luns a venres e en xornada de tarde deberá existir un mínimo de 5 operarios, así como en sábados, domingos e festivos un número mínimo de 8 operarios en xornada matinal e un número non inferior a 5 en xornada de tarde. Este ano, estas condicións non se cumpriron.

Relativos ao contrato:

- Os días 26, 27, 28 e 29 de xullo de 2005 os traballadores da empresa adjudicataria estiveron en situación de folga e sen embargo comprobamos que a factura remitida ao Concello pola prestación dos servizos correspondentes a ese mes en absoluto ten en conta a circunstancia de folga antes sinalada. Hai que destacar que non se cumpriron os servizos mínimos, pero, en todo caso, aínda que así fora, non se pode aboar íntegramente a factura dun servizo que non se prestou na totalidade.
- Tamén detectamos unha ampliación contractual, cinco meses despois de subscrito o contrato, por importe de 323.835,27 euros, máis dun 9% do prezo do contrato.

Estes datos suxiren unha deficiente xestión dun dos contratos deste Concello que debería esixir un especial seguimento e control por parte do Goberno Municipal en atención, tanto ao seu valor e significado para a

ciudadanía, como pola importante aportación de recursos económicos municipais.

Por todo o anterior presentamos ante o Pleno da Corporación a seguinte proposta:

Requirir ao Goberno Municipal o control e seguimento das condicións de contratación do servizo de mantemento e conservación de zonas verdes do Concello de Vigo e, en concreto, a reclamación á concesionaria do importe correspondente aos días de folga do mes de xullo de 2005."

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do 18 de decembro de 2006, quedou enterada do contido da anterior moción.

DEBATE.- SRA. GRAÑA BARCIA: Se ben esta moción se refire a un servizo concreto de mantemento de zonas verdes, debe interpretarse como unha preocupación xeral do noso grupo pola deficiente xestión dos contratos de servizos que directamente inciden nunha mala calidade da prestación do servizo ó cidadán malia o enorme custo que supón para as contas municipais, é dicir, confírmase a deficiente relación que existe entre os impostos pagados polos cidadáns e a calidade dos servizos.

Dende o noso grupo estimamos que a maior parte deste mal funcionamento está relacionado coa falla de control e seguimento por parte do goberno municipal dos distintos contratos de servizos e de mostra un botón: en marzo de 2005 adxudícase o contrato de mantemento de zonas verdes, o importe do contrato é superior ós 3 millóns e medio de euros e o seu prazo de duración é de 8 anos. Detectamos distintos incumprimentos, en primeiro lugar en relación ós días da folga que afectou ó servizo.

En data 10 de febreiro dirixímonos á alcaldesa solicitándolle que nos explicara por qué non se descontaron na factura da adxudicataria os días de folga, en concreto 26, 27, 28 e 29 de xullo. En contestación de 23 de febreiro se nos informa que non se procedeu ó desconto por coidar que se atenderon e quedaron cubertas as necesidades de mantemento. Cremos que o goberno esquece por unha banda que nin siquiera se cumpriron os servizos mínimos e dende logo esquece as fotos en prensa do estado no que se atopaban as zonas verdes. Iguais fotos que existiron durante a folga de lixo onde si se lle descontaron á adxudicataria os días de duración da folga.

Reitarada a pregunta en data 18 de abril contéstannos que a adxudicataria aboou integramente o salario ós seus traballadores sen practicar ningún desconto por folga. Este feito en absoluto queda demostrado, non consta nos

TCs que se nos achegaron e en todo caso en nada influe na relación Concello-adxudicataria. Que a adxudicataria nun momento determinado decidira non descontar os días de folga ós traballadores non ten nada que ver con que o Concello teña a obriga de pagar por días onde non se prestou o servizo. A conclusión polo tanto non pode ser outra que a de que se pagou un servizo que non se prestou.

Outro feito a salientar nesta relación contractual é o incremento do 9% do prezo do contrato ós 5 meses do inicio do mesmo.

Solicitada información á alcaldesa en datas 10 de febreiro e 18 de abril infórmasenos que este incremento -5 meses logo de asinado o contrato por importe de 323,835 euros- correspóndese con 541 xardiñeiras e arborado en 22 rúas. Dende logo todas elas, tanto xardiñeiras como arborado, nas rúas do centro da cidade. Agora ben, ata agora o goberno non nos explicou cal foi a imprevisión á hora de elaborar os pregos do contrato, cómo é posible que en só 5 meses sexa necesario incrementar o 10% do prezo do mesmo.

Un novo incumprimento xa coñecido por este Pleno é en relación coas datas de apertura e funcionamento das piscinas de Samil. No Pleno correspondente ó mes de xuño presentouse unha moción relativa ó incumprimento do servizo de tempada nas piscinas de Samil. Esa moción aprobouse por unanimidade e lémbrolles que se refería á obriga contractual de inicio a 1 de abril do funcionamento das mesmas e nesa data non estaban en funcionamento, nin siquiera en posibilidade de funcionamento.

En data 8 de setembro preguntóuselle á alcaldesa que actuacións se levaran a cabo e a contestación de 28 de setembro a verdade é que non ten desperdicio. Novamente confírmase o incumprimento, os socorristas non estaban contratados e as piscinas non funcionaban no prazo contractual: 1 de abril. A xustificación foi a choiva. Quen estableceu a data de apertura o 1 de abril? O Goberno municipal cando redactou eses pregos. Cántos 1 de abril se poderán abrir as piscinas? Cánto lle custa ó Concello, e polo tanto ós cidadáns, esta condición chamada a seren incumprida todos os anos? O peor de todo é que se abonda no erro e non se modifica. A conclusión é clara: págase un servizo que non se presta, nin se poderá prestar ningún ano e xustifícase.

Por último, en relación ós pregos e á oferta no seu día presentada pola adxudicataria, como exemplos de incumprimentos temos a instalación de GPs nos vehículos, feito que non se produciu; melloras gratuítas que ofertou a adxudicataria como melloras de camiños, no mobiliario urbán, técnicas e de organización e entre outros compromisos un que nos semella ademais

especialmente interesante e que non entendemos como non se esixiu o seu inmediato cumprimento cal é a realización dun informe que faga un repaso dos diferentes criterios a considerar no aproveitamento das augas residuais rexeradas para a rega en xardiñeiría. Un tema que coidamos que debera ser de especial interese.

Este consentimento por parte do Goberno municipal do incumprimento da adjudicataria vai en contra do servizo, das contas públicas e do proceso de contratación porque se adjudicou tendo en conta unha oferta que non se está a cumprir.

Hai un momento aprobáronse as súas ordenanzas fiscais. É difícil xustificar diante dos cidadáns a súa obriga de sostemento das cargas públicas a través do pagamento de tributos cando, tomado ó chou un contrato de prestación de servizos, non resiste o máis mínimo exame.

Teñen medios, teñen o apoio da oposición como demostramos poñendo no seu coñecemento cada incumprimento e sobre todo teñen a responsabilidade. Adopten as medidas necesarias para o cumprimento dos contratos, para lles garantir o servizo ós cidadáns respectando o seu esforzo tributario e así contarán connosco. Moitas gracias.

SR. FIGUEROA VILA: Moi breve porque en primeiro lugar coido que a todas as preguntas que a concelleira do Partido Socialista lle fixo á alcaldesa e ó Goberno se lles foi dando resposta. Entendemos que algunhas respostas non son do seu agrado ou non lle satisfan pero son as contestacións que os servizos técnicos dan a respostas que solicita un representante, neste caso do Partido Socialista e por iso dicir en primeiro lugar que se está dando resposta a todas as preguntas.

O segundo é que a política ás veces ten contradicciós que levan a un a facer certas reflexións.

Dende o Partido Socialista se critica á alcaldesa e ó Goberno que o único que fan é coidar os xardíns e poñer flores, por outra banda dise que o servizo que se presta non é o correcto. Coido que é unha pequena contradicciós porque se unha das cuestións que se critica dende o lado socialista é que só nos dedicamos ós xardíns, que se demostra claro que non, que hai moitas mais xestións enriba da mesa, e agora criticase que este servizo non se presta consonte coas demandas que piden os cidadáns e que marca o prego de condicións.

Dende a información que temos, tanto dos servizos técnicos como tamén dos responsables políticos, consideramos que este é un servizo que se está a

prestar axeitadamente, no que evidentemente, como con todas as concesionarias, hai que facer un control rigoroso e exhaustivo porque esa é a obriga de calquera goberno, de calquera xestor e si se está facendo.

Loxicamente hai unha serie de propostas de melloras ás ofertas que se fan que teñen un prazo razoable para as poñer en marcha, hai algunhas que xa se puxeron en marcha, outras que están en previsión inmediateamente e con respecto á denuncia que se fai dende o Partido Socialista o goberno non está de acordo e aquí están os informes correspondentes de todos os servizos técnicos.

A señora concelleira ten ó seu dispor toda a información que coide oportuna para facer un estudo rigoroso do prego pero dende o Goberno pensamos que se lle está dando cobertura ó prego de condicións e non só iso, o máis importante é que no seu conxunto estase prestando un bo servizo, non diríamos que magnífico porque todo é mellorable pero o que si é certo é que tanto por parte dos responsables políticos, como polos servizos técnicos deste Concello estase facendo un control exhaustivo do servizo que presta a empresa e do cumprimento do seu prego de condicións.

Pasa que detrás de todo isto evidentemente sempre hai motivacións. Nós entendemos que un traballador dunha sección sindical que fai unha denuncia sobre unha serie de cuestións pero sae inmediateamente o Comité de Persoal a contestarlle a ese traballador dicindo que é falso o que denuncia.

Vou ler o que di o Comité de Empresa para que isto quede perfectamente claro e non haxa ningún tipo de dúbidas porque ó final é de onde nacen todas estas cuestións de diferencias entre algunha parte dos traballadores ou dalgún traballador en concreto polas diferencias que se poden ter nun momento determinado coa empresa, pero nós tamén nos fiamos do Comité de Empresa porque é o representante de todos os traballadores.

O comité di o seguinte sobre a situación dese traballador: "O Comité de Empresa de CESP, S.A., en resposta ó escrito da sección sindical de UGT-CESP, de data 20.12.2006, con número de Rexistro 60121497, comunica o seguinte: primeiro, amosamos o noso total desacordo e rexeitamento ó contido do devandito escrito por non se corresponder á realidade do trato laboral de empresa-comité. Segundo, tamén por se ter saltado o procedemento normal de funcionamento deste Comité non poñendo en coñecemento os feitos descritos no devandito documento e non tendo constancia das irregularidades descritas. Por todo o que este Comité se desvincula e rexeita de pleno todo o contido do documento ó que facemos referencia".

Coido que este é o exemplo claro de que é unha liorta entre un traballador e a empresa e o Comité así o di claramente. Todas estas contestacións se lle trasladaron á señora concelleira que repito ten toda a colaboración do Goberno e tamén dos servizos técnicos para que poida contar con toda a información que considere oportuna.

Nós imos votar esta moción e non só iso, senón que pensamos e estamos convencidos de que o servizo se está prestando razoablemente. Repito que todos os servizos son mellorables, se se puidera habería que rondar a perfección pero todos sabemos que iso é complicado e difícil pero o que está claro é que ese servizo se está prestando correctamente e así se demostra cando vostedes fan as críticas dun xeito claro. Polo tanto imos votar en contra desta moción á marxe de que nos poñamos ó dispor do Grupo socialista e da señora concelleira para calquera información que coide que poidamos abondar nela.

SRA. GRAÑA BARCIA: Dende logo é inaudita a súa capacidade de dispersar, Sr. Figueroa. Non sei en absoluto ó que se está referindo no momento no que está falando dun escrito, da sección sindical, ou do Comité de Empresa. En todo caso, Sr. Figueroa, coido que aquí tanto vostede coma eu para o que estamos é para falar e no seu caso buscar as mellores opcións nas relacións entre o Concello e as concesionarias, pero non as que poidan existir dentro da concesionaria en relación co seu Comité de Empresa, coas seccións sindicais ou con quen sexa.

Eu pediríalle que se centre, que non tente dispersar, xa sei que é a súa tendencia natural pero lle insistiría en que voltemos falar do que eu penso que temos que falar.

Fágolle unha exclamación que coido que vai entender estupendamente, é máis, coido que lle vai agradar: cómo estaría todo se aínda por riba se cumprira correctamente o contrato porque non foi vostede quen de me contestar absolutamente a ningún dos supostos dos que eu lle estiven falando. Esta empresa que presta un servizo estivo varios días de folga e o Concello, ó noso entender indebidamente, pagoulle á empresa a totalidade do prezo do servizo por mes cando lle debera ter descontado os días de folga tal e como faría vostede nunha empresa privada respecto a un servizo privado, exactamente igual.

Tampouco vostede foi quen de precisar como é posible que a esta empresa se lle incrementara o 9% do prezo do contrato ós 5 meses de subscrito o mesmo, é incomprendible cómo non se lle esixe á empresa ou se busca algún tipo de

compensación ou alomenos de modificación das cláusulas contractuais cando non se cumpre o requisito de inicio dunha actividade, como son as piscinas de Samil, o 1 de abril porque iso ademais para a empresa significa contratación de socorristas, mantemento das piscinas. Se estamos falando dunha condición que é imposible de cumprir, o que me parece que pode ser valorable, modifiquemos ese prego e polo tanto corrixamos o prezo que se está pagando por ese servizo.

Por último, vólvolle dicir que hai unha serie de incumprimentos en ofertas que a empresa realiza no momento en que participa neste concurso, que non está realizando e que tampouco se están esixindo.

Polo tanto, Sr. Figueroa, paréceme moi ben que tente falar novamente do que a vostede lle interesa pero non é este o contido da moción. Respecto ó seu contido vostede non foi quen de dar en absoluto ningunha contestación o que penso que é a demostración de que se están producindo incumprimentos e de que o seu Goberno non está facendo absolutamente nada para que iso se subsane.

SR. FIGUEROA VILA: Que non sirva de precedente pero lle vou dar contestación a todas as súas preguntas e ademais vostede as ten pero non quería prolongar máis este Pleno pero se procede ímolo facer.

Contestación que emite o enxeñeiro de montes, don Rafael Lage Veiga, ás preguntas que vostede mesma fixo en relación co día da folga e tamén co prego de condicións e a ampliación do seu contrato. Di: "No pasado mes de xullo liquidóuselle a CESPRA o total correspondente á factura presentada o citado mes pola prestación de servizos non procedendo o desconto dos 4 días de folga -26, 27, 28 e 29- dado que cos servizos mínimos establecidos, o persoal que se presentou nos seus postos de traballo e o servizos especiais de recollida nocturna de papeleiras se atenderon e quedaron cubertas as necesidades de mantemento das zonas verdes. Proba diso foi a supervisión realizada polo departamento de xardíns do Concello o día despois dos 4 de folga avalando o argumento do bo mantemento das devanditas zonas". Contestado claramente e ademais vostede ten a contestación.

Segunda pregunta que vostede facía: "En contestación á xustificación da ampliación contractual, prodúcese pola elaboración do prego de condicións técnicas, efectuado en maio de 2004 co correspondente listado de zonas verdes a conservar. As demoras nos procesos administrativos supuxeron que non se formalizase o contrato ata maio de 2005. Neste período de tempo dun ano producíronse incrementos notables de zonas verdes tales como

urbanizacións, novas rotondas, xardiñeiras e arborado noutras, salientando que a medida que se ían recepcionando estes espazos verdes a empresa CESPA procedeu ó mantemento e conservación dos mesmos sen percibir ningunha cantidade polos servizos prestados dende que se asumiron ata o pasado mes de novembro en que se regularizou a situación. En caso de non ter procedido o Concello a esta regularización a adxudicataria podería ter reclamado o pagamento correspondente ás superficies mantidas e mencionadas anteriormente". Vostede ten esta contestación.

Contestación ás piscinas, que tamén a ten vostede: "En resposta ó seu escrito de data 11 de setembro de 2006, asunto moción do Grupo municipal Socialista referente ós servizos prestados na zona de Samil, informamos que durante o mes de abril e a primeira quincena de maio e por mor dos temporais sufridos (ver fotos) varias das piscinas víronse afectadas pola invasión de area nos recintos, xa non só no que ós vasos se refire, senón mesmo que varios dos motores dos sistemas de depuración e aspirado se viron afectados, causándolles avarías que motivaron a súa retirada a taller por parte do servizo municipal correspondente. Unha vez que as piscinas foron postas a punto -mediados de maio-, que os servizos de socorro da Cruz Vermella se estableceron na zona e que se recibiron as correspondentes autorizacións de apertura polo organismo correspondente da Xunta de Galicia, condicións indispensables, procedeuse a elas nas condicións que establece a lei. No referente ó número de persoal destinado na zona nas datas apuntadas, achegamos listado de persoal e TC2", que supoño que tamén os terá vostede.

Outra contestación: "En relación á solicitude da concelleira, Sra. Graña Barcia, achégolle escrito e relación de persoal de CESPA que procedeu ó cobro do salario correspondente a xullo de 2005 sen ningún tipo de desconto. En relación coa identificación das zonas de ampliación contractual, achéganse copias do expediente de ampliacións engadindo que as 541 xardiñeiras xeráronse en rúas Enrique Macías, García Olloqui, Luis Taboada, Náutico, Urzáiz, etc. O arborado está distribuído nas seguintes rúas: Argentina, Balaídos, Camilo Veiga, Conde, Carral, Castelar, Churruca, Colón..." Pon os metros, arborado, total custo económico da ampliación, etc.

Temos un último informe onde se achegan tamén unha serie de cuestións. Escrito de data 13/09, asinado polo xerente da empresa CESPA sobre os servizos prestados na zona de Samil, relación valorada das actuacións

realizadas, dos pregos técnicos, etc. É dar un resume de todo o que acabo de dicir.

Polo tanto, Sra. Graña, xa llo dixen, ó mellor a vostede non lle gusta a contestación pero se hai transparencia nun expediente é neste estámoslle contestando a todas as preguntas que vostede nos fai. Ás veces dinos que non lle contestamos ou que non facemos caso ós concelleiros; pois neste caso eu felicito ó departamento de Parques e Xardíns e ó responsable, Sr. Comesaña, porque están claras as contestacións a todas as súas inquedanzas que son razoables pero aquí está a motivación de cada unha delas.

SRA. GRAÑA BARCIA: Para rematar. Se me escoitara a miña intervención non sería necesario o traballo que acaba de levar porque dende o primeiro momento eu citei textualmente as contestacións e falei delas. Aquí deuse por suposta a pregunta e tamén a resposta.

Sinxelamente para que valga de exemplo porque coido que deben revisar novamente esas contestacións e darlles outra volta, voulle citar algúns titulares dos días en que acaeceu esa folga: "O cadro de persoal de CESPAs inicia unha folga sen servizos mínimos por excesivos" e unha foto do estado no que se atopaba a zona en concreto. "O goberno municipal esixe a CESPAs que hoxe remate a folga de xardíns" e a foto correspondente de cómo se atopaban os xardíns. "Samil, de bandeira azul a estercoleiro" e as fotos. Repasen esas respostas porque ó mellor teñen algún erro.

(No momento da votación están ausentes os Sres. Alonso Vázquez, Arias Moreira, Iglesias Carrera e Viéitez Alonso).

VOTACIÓN E ACORDO.- Con catorce votos a favor dos Sres. e Sras. Bermúdez Pérez, Caballero Miguez, Calviño Rodríguez, Cotobad Tombo, Fernández Fernández, Garrido González, Graña Barcia, Losada Alvarez, Martíns Vilanova, Méndez Piñeiro, Ruiz Cenicerós, Sío Lourido, Soto Ferreiro e Toba Girón, e nove votos en contra dos Sres. e Sras. Coello Bufill, Comesaña Abalde, Couto Pérez, Figueroa Vila, Guerra Fernández, López-Chaves Castro, Molares Pérez,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada pola concelleira do Grupo municipal Socialista, Sra. Graña Barcia, relativa ó incumprimento do contrato por parte da concesionaria do servizo público de conservación e reposición de zonas

verdes e parques infantís do Concello de Vigo, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

36.- (284).-MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSDEG-PSOE RELATIVA Á LEI POLA QUE SE REGULA O PERMISO DE CONDUCCIÓN POR PUNTOS.

ANTECEDENTES.- O voceiro do Grupo municipal Socialista, Sr. Calviño Rodríguez, por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 16 de decembro de 2006, formula a seguinte moción:

"A Dirección Xeral de Tráfico, DGT, acaba de facer un investimento de 360.000 € poñendo a disposición do Concello de Vigo 3 novos radares froito dun convenio repetidamente valorado como moi positivo por parte do Goberno Municipal.

Non obstante a Policía Local ten asumido as tarefas de control e sancionadoras en diversas vías de titularidade extramunicipal pasando a controlar máis de mil quilómetros de estradas dirversas e rúas propiamente urbanas.

A intención da nova lei que inclúe a perda de puntos do carnet de condución segundo a infracción cometida, pretende incrementar a seguridade dos nosos viais retirando da circulación ós conductores perigosos. O seu obxectivo non é recadar diñeiro das multas, senón ir reducindo accidentes e logrando conductores máis prudentes e mellores.

A decisión mal chamada "política" da Alcaldesa de Vigo de que a Policía Local non comunique a tráfico a imposición de sancións que supoñen retirada de puntos do carnet de conducir, fará de Vigo un "sitio distinto" onde o máis loable obxectivo da lei -máis seguridade e mellor condución- quedará excluído por unha decisión absolutamente incomprendible.

Se hai un Concello en Galicia onde debe aplicarse esa lei con todas as consecuencias, é en Vigo, a maior cidade de Galicia, tamén co maior número de quilómetros de viais e cunha intensidade de tráfico que fai que as infraccións poidan ter peores consecuencias.

É por iso que o Grupo Municipal Socialista propón ao Pleno da Corporación o seguinte acordo:

Solicitar da Alcaldesa que revise a súa decisión e tome as medidas oportunas para que Vigo non sexa unha excepción á hora de aplicar a lei pola que se regula o permiso e licencia de condución por puntos."

A comisión informativa de Mobilidade e Seguridade, en sesión do día 18 de decembro, quedou enterada do contido da anterior moción.

DEBATE.- SR. CALVIÑO RODRÍGUEZ: Bos días e felices festas a todas e todos.

O 20 de xullo do ano 2005 publicouse no BOE a Lei pola que se regula o permiso e licenza de condución por puntos que ven modificar o texto da Lei sobre tráfico e seguridade vial, cuxo principal obxectivo é ir reducindo accidentes e aumentar a seguridade vial, acadando conductores mellores e máis prudentes.

O interese fundamental desta Lei é reeducar ós conductores, fundamentalmente ós reincidentes, multireincidentes di mesmo a exposición de motivos da lei na súa publicación no boletín, e consecuencia diso dende 2005 ata agora estanse a poñer por parte da Dirección Xeral de Tráfico todos os medios para que esa lei se aplique en todo o territorio que é o que obviamente pretende toda lei de alcance estatal.

Nese sentido estanse poñendo en marcha todos os medios para que todos os concellos poidan poñer o seu grao de area para o bo resultado desta lei que, por certo, votouse tamén polo grupo parlamentario do PP favorablemente no seu momento. Están poñendo todos os medios de xeito que son un grande número de concellos, mesmo o noso, os que xa dispoñen dos certificados dixitais para cumprir o que obviamente semella que temos que cumprir porque as leis están para as cumprir, e que se transmitan as infraccións porque o espírito da lei non é recadar os cartos das multas ou aumentar a recadación, senón que fundamentalmente é reeducar, educar e acadar unha maior seguridade vial. Pois ben, esta é a obriga que nos atinxe a todos.

Ademais a Dirección Xeral de Tráfico está poñendo os medios para que se poida cumprir sobre todo nos aspectos máis relacionados coa seguridade para conseguir diminuír o número de accidentes e así o investimento nos radares que se puxeron no propio Concello de Vigo que, por certo, recibía permanentemente piropos por parte do goberno municipal o esforzo e o papel que estaba a cumprir a Dirección Xeral de Tráfico coa nosa cidade en concreto, a máis importante de Galicia. Tamén a máis importante non só en número de habitantes e de vehículos, senón en canto ó número de quilómetros de viais, polo que Vigo vai xogar un papel fundamental no que se refire ó propio éxito da Lei en Galicia.

Daí que sorprende, non tanto ós grupos políticos ou ós que temos intereses políticos como se encarga de amosar permanentemente o Sr. Figueora, senón ós cidadáns que foron desagradablemente sorprendidos ó atopar nos medios de comunicación as mal chamadas "declaracións políticas" da Sra. Alcaldesa ó dicir que non se vai comunicar á Dirección Xeral de Tráfico como é a obriga, as infraccións cometidas contra esta lei na cidade por razóns "políticas".

Non escoitei a ningún outro alcalde de Galicia, nin a ningún concelleiro, menos os de Seguridade e Tráfico que fixeran unha declaración dese estilo, non sei se iso chegará mesmo a conductores como o que ven hoxe nos xornais. Non me deu tempo a ler con moito detalle porque comezamos ás 8 da mañá aquí pero coido que onte houbo unha boa cun condutor que se dedicou a destrozar coches, etc. Non sei se tamén eses condutores se saíran de "rosiñas" ou se o farán os condutores que van a 143 km/hora nos túneles de Beiramar, ou a 133, ou 120 como está recollido xa neste tempo en que os radares de Beiramar están a funcionar.

Poñen os xornais que os dispositivos recolleron 20.000 infractores dende que se puxeron de xeito experimental porque levou o seu tempo o tema da metodoloxía etc. Felicito a decisión que tomou o concelleiro e o Goberno de que para a posta en marcha os cidadáns que incumpran terán 15 días de prazo para apercebemento; coido que esas medidas si son educadoras para logo o cumprir e a fondo como se debe cumprir. Pois ben, eses dispositivos cazaron dende o 19 de novembro a 20.000 infractores. Supoño que os de 143 km/hora tamén saíran de "rosiñas". Para que non digan que somos moi duros, etc., non o digo eu que o din os medios de comunicación que valoraron esa decisión "política" da alcaldesa como covardía política, como electoralismo do peor e isto cando ademais estamos debatendo e esperando que se nos aclare se o multamóbil atopou ese procedemento saído de non sei onde para que deixe de ser un vehículo máis e cumpra a legalidade tal e como esixen as decisións xudiciais repetidamente producidas na nosa cidade.

Hai que ir contra esas infraccións, hai que ir cumprir a lei e se o multamóbil co seu procedemento non cumpre a lei non pode facer ese papel. Pero o absurdo é que os mesmos que din iso e que se empeñan, non atopan aínda ese xeito de que o vehículo funcione. Eu sería o primeiro que se alegraría de que realmente poidera cumprir a lei e loitar de verdade contra esa dobre fila que tamén son os medios de comunicación os que din que se incrementou nun 10% dende que está o multamóbil en acción; fenomenal, un grande éxito da política de tráfico.

Por todas esas razóns o Grupo municipal Socialista propón o que non debería ser necesario: que se cumpra a lei. Por iso a nosa proposta de acordo é sinxelamente solicitar da alcaldesa que revise a súa decisión e tome as medidas oportunas para que Vigo non sexa unha excepción á hora de aplicar a lei pola que se regula o permiso e licencia de condución por puntos.

SR. COELLO BUFILL: Se a Presidencia mo permite e recuperando as verbas do Sr. Guerra, querería felicitar a todos individual e colectivamente estas festas.

Sr. Calviño, rexeito rotundamente as afirmacións que vostede puxo en boca da Sra. Alcaldesa; ela non dixo absolutamente nada do que vostede acaba de interpretar ó seu modo e xeito, como vostede fai a cotío.

Dende que tivemos coñecemento do preámbulo da lei colaboramos leal e fielmente coa Dirección Xeral de Tráfico, co Goberno de España e cumprimos as nosas obrigas e a lei.

Os técnicos e funcionarios policiais acudiron na Academia, antes chamada de Seguridade na Estrada, a todas as reunións ás que nos convocaron a efectos de poñer en marcha a Lei 17/2005. Tivemos varias conversas coa Xefatura Provincial de Tráfico e puxéronse os dispositivos e os mecanismos operativamente.

Acabolles de pasar a todos vostedes un exemplo do que significa a aplicación da lei e que ó noso modesto saber entender créanos moitísimas complicacións de interpretación xurídica e o goberno e o concelleiro que lles fala son absolutamente garantistas dos dereitos dos cidadáns. Teñen vostedes o exemplo que nunha notificación de denuncia de exceso de velocidade que significa a redución de 4 puntos, antes da chamada "lei de permiso por puntos" como se coñece popularmente, existía sempre a obriga de resolver, vostede tívoo no seu tempo por delegación do seu alcalde e eu por delegación da Sra. Alcaldesa tiñamos a obriga de resolver xuridicamente.

Como poden ver vostedes no cadro, había unha notificación de denuncia que se podía acoller ó 30% da bonificación e había 15 días para alegar. A partir da Lei 17/2005 non existe obriga expresa de resolver no suposto de que a multa sexa aboada, é dicir, o cidadán paga coa súa bonificación do 30% e nese momento xa non hai obriga de resolver, supón a renuncia a formular alegacións e o remate do expediente sen necesidade de dictar resolución expresa.

Con isto, segundo a nosa modesta interpretación e co asesoramento que tiven, evidentemente ese cidadán ó que se lle descuentan os 4 puntos, estáselle penalizando por ser puntual e cumprir inmediatamente coa súa obriga de aboar a sanción e a infracción co que xa non pode formular alegacións. Como consecuencia antes había recursos de reposición; agora pode acudir a un contencioso-administrativo, evidentemente pode facelo, pero previamente xa se lle descontaron os 4 puntos. Estas dúbidas existen en moitas cidades do territorio nacional.

Invítolle a que busque entre os seus papeis se sabe dalgún cidadán a quen se lle descontaran os puntos, que o dubido. Non o sabe a prensa, non o sei eu, tampouco vostede porque a Dirección Xeral de Tráfico non dá os datos. Esa é a diferenza e hai tremendas dúbidas sobre ese particular e por iso nós imos presentar unha consulta xurídica ó departamento correspondente do Consello Superior de Tráfico e Seguridade Vial que asesorou ó Ministerio nesta materia relativa a aquelas multas que se pagan voluntariamente coa bonificación do 30% porque neste momento os expertos xurídicos non mo saben contestar.

O que está pasando é que a DXT respectará a vontade dos municipios de implantar ou non o sistema do carné por puntos. Tráfico respectará a autonomía dos concellos de iren incorporando progresivamente a nova normativa. Iso díxoo o Sr. Pérez Navarro que é do seu partido.

A maiores o Boletín oficial da DXT di que hai pouco se tramitaron máis de 275.000 denuncias. Nestes momentos, nun boletín de novembro ou decembro, di que se tramitaron 200.000 denuncias e desas denuncias só 98 conductores perderon os puntos. Non é estrano? Eu non son matemático, son de letras pero me parece, e que me corrixa o Sr. Guerra que fai os números bastante mellor ca min, que non chega nin ó 5 por mil. Coido que é sintomático.

Pódolle dicir que esta lei que evidentemente tiña un sentido educador, cívico, ten unha clara motivación para aplicar nos grandes corredores, nas vías interurbanas e trae moitísimas complicacións na política municipal respecto ás garantías que temos que ter con todos os cidadáns. Vostede teríaas se tivera responsabilidades de goberno.

É curioso pero este boletín está dicindo que primeiro pague e logo reclame, o que non está contemplado na lei. Pasou que Portugal e Francia volveron sobre os seus pasos e leo textualmente: "Segundo o director xeral de Tráfico, Sr. Pérez Navarro, o procedemento sancionador no noso País é extraordinariamente complexo, longo e difícil e para que unha sanción sexa eficaz debe ser áxil e rápida e aquí non o son, fállanos a inmediatez. Neste sentido lembrou que en Francia tiñan o mesmo problema ata que se aprobou a Lei contra a violencia vial que establecía un procedemento sancionador propio, no que primeiro se paga e logo se reclama e obtiveron un espléndido resultado, o mesmo que en Portugal onde reformaron o procedemento, que é o que está vixente agora, en xullo de 2005 aplicando o principio de primeiro pagar e logo reclamar". Este é un boletín oficial da Dirección Xeral de Tráfico.

A maiores, ó meu modo de ver estase vulnerando o principio de igualdade que se establece na nosa Carta Magna porque todos os cidadáns somos iguais diante da lei. Xa en Madrid e Barcelona, onde semella que se está aplicando, o Comisariado europeo do automóbil dixo que se lles anule a perda de puntos a aqueles condutores que cometeron infraccións en Madrid e Barcelona ata que o sistema en vixencia dende o 1 de xullo comece aplicarse en todas as cidades españolas e polo tanto garanta a igualdade diante da lei. Atenta contra o principio de igualdade ante a lei e o Goberno xunto cos concellos afectados deben paralizar a perda de puntos dos automobilistas xa que supón unha clara discriminación. Neste sentido considerou que non semella lóxico que nunhas cidades se resten puntos e noutras non e sinalou que se non existían as ferramentas necesarias para facer cumprir a lei en todo o territorio nacional, se debería ter presentado unha entrada en vigor do carné por puntos máis tardía.

Dígolle máis, a Dirección Xeral de Tráfico non está cumprindo correctamente as denuncias ós condutores xa que no reverso dos novos impresos normalizados de denuncia se fai constar que o denunciado pode pagar con redución do 30% o importe da multa, pero non se indica que en tal caso o procedemento remata automaticamente e que o denunciado perderá os puntos de xeito automático e con isto, retomo a miña exposición, estase penalizando o cobramento do pagamento.

Coido que isto está formulado nas altas instancias da Dirección Xeral de Tráfico e ofrece amplas dúbidas interpretativas. A min molestariame moitísimo sancionar a un cidadán que naceu en Vigo, que paga aquí os seus impostos, que fai a súa vida en Vigo e que ó mellor, non o sei, na Coruña non se fixera; é de sentido común, molestariame non só como concelleiro con responsabilidades senón que coma cidadán tería unha sensación de que polo mero feito de vivir en Vigo me trátanme doutro xeito.

Claro que colaboramos coa Dirección Xeral de Tráfico e fíxose un investimento importantísimo, coido que dende a época do Sr. Soto non se fixo un investimento tan importante en materia de tráfico na cidade, pero foi porque este concelleiro axudado polo departamento chamou ás portas, moveuse e acadou algo absolutamente necesario: que os nosos cidadáns saiban que a Policía vixila, traballa e ten ferramentas para pacificar o tráfico.

Digo novamente que agradezo á Dirección Xeral de Tráfico puxera ó noso dispor eses magníficos radares que axudarán a reducir a sinistralidade. Voulle dicir máis, o ano pasado, Sr. Calviño, chegabamos a estas datas con 14 falecidos, nestes momentos levamos 7 por accidentes de tráfico na

cidade. Algo terán que ver a Policía, o equipo de goberno e as modificacións que se fixeron en materia de tráfico.

Ademais tamén lle podo dicir que está contrastado porque o escano superior á onde se senta vostede que hoxe non está aquí, apareceu por un congreso importante de ITS que marca un pouco as pautas de tráfico a seguer, as pautas dos sistemas intelixentes do transporte que se teñen que aplicar a unha política sostible no tráfico na nosa cidade. Ese congreso nacional importantísimo porque se realiza só unha vez, este ano realizouse en Vigo; vostedes tiveron coñecemento del e non apareceu vostede por alí. Alí falouse moito do multamóbil, falouse dos sistemas intelixentes, das videocámaras; falouse moito porque iso é o futuro e eu non me vou opoñer ó futuro e son de letras, paréceme que vostede é de ciencias.

Dixéronme persoalmente da xudicatura, a representación da máis alta maxistratura da cidade, que os sistemas do multamóbil son imparables socialmente; iso é o futuro e por aí temos que ir. Pódolle dicir algo que non só mo dixeron a nivel coloquial: "Xulgado do Contencioso núm. 2 de Vigo, 4 de decembro de 2006. Interponse un preito por un determinado letrado que non vou citar, nun recurso contencioso polo trámite de protección xurisdiccional dos dereitos fundamentais contra o desestimento presunto -xa se desestimara cautelarmente- do recurso de reposición contra o acordo da Xunta de Goberno do Concello de Vigo do 14 de agosto de 2006 polo que se aprobaron os pregos de condicións administrativos e técnicos do concurso para a contratación da xestión do servizo público de estacionamento regulado mediante expendedores de tiques na vía pública por considerar que, ó preveren un sistema móbil de control equipado cun sistema de lector de matrículas e posicionamento GPS, sinalando que estes últimos teñen un erro de 10 metros, inadmisíbel en relación coas infraccións que se tratan de denunciar e que ademais debera estar suxeito ó control metrolóxico da Lei 3/85; ademais as fotografías resultarían vulneradoras do dereito fundamental á propia imaxe e á intimidade por non cumprir os requisitos da Lei orgánica 4/97, que regula a chamada vídeo-vixilancia".

Hai outros puntos nos razoamentos xurídicos da súa Señoría, voulle ler un parágrafo ó final do segundo punto por ser un pouco significativo: "...na que unha vez máis o demandante limitouse a cuestionar o funcionamento do GPS por falla de homologación". Que diga "unha vez máis" un xuíz é bastante significativo.

Pero na cláusula terceira dise algo tamén moi importante: "...Aínda cando cabería calificar de temeraria a interposición do presente recurso, o que

determinaría a preferencia de imposición de custas segundo o art. 139 da Lei de réxime xurídico das Comunidades Autónomas, é o certo que nin no acto da comparecencia, nin no escrito presentado con ocasión do traslado da peza de medidas cautelares, erradamente unido por este Xulgado ó procedemento principal, interesou a administración -ó noso Concello- a condena en custas da parte actora, razón pola que non se fai imposición ó consideralo este Xulgado como un dereito do crédito das partes procesais omitido ó principio de rogación".

Na parte dispositiva di: "Na súa virtude acordo inadmitir o presente procedemento de dereitos fundamentais incoado polo letrado..., contra a desestimación presunta do recurso de reposición contra o acordo da Xunta de Goberno do Concello de Vigo do 14 de agosto de 2006, polo que se aprobaron os pregos de condicións administrativas e técnicas do concurso para a contratación da xestión do servizo público de estacionamento regulado mediante expendedores de tiques na vía pública sen facer expresa imposición de custas".

Eu sabía que vostede ía sacar novamente o vehículo porque semella que ten vostede unha fixación. Pois ese vehículo vai seguer funcionando porque nós cumprimos estrictamente a lei e iso dá moi bos resultados. O que nos di na Sentenza xudicial, e xa chegamos a acordos coa súa Señoría, é que cando está o conductor hai que llo notificar e iso faise. Cando non está o conductor loxicamente o sistema funciona.

Ese vehículo non só o temos nós, acadámolo moito máis barato porque o están comprando por 80.000 euros e nós acadámolo por 32.000 euros IVE incluído, porque ata iso tiven que discutir, é algo significativo que subiran a 80.000 euros só en ano e pico porque se vostede vai ás feiras nacionais de tráfico alí existen eses vehículos e visítanos as autoridades municipais e nacionais en materia de tráfico.

Como ese vehículo existe en Gijón onde está funcionando cunha alcaldesa socialista, en Sevilla, en Palma de Mallorca, en Gran Canaria, en Madrid o Sr. Gallardón encargou 18 neste próximo exercizo, en Barcelona, Pamplona e Vitoria, imos instar á FEGAMP con toda a documentación que temos que ademais é prolixa, para que a través dos seus órganos de goberno haxa un recoñecemento e unha homologación do sistema das cámaras para que funcione como tiñamos previsto.

O que se fai agora é achegar unha fotografía ó xuíz, que lle ven moi ben porque eu tiven conversas coa súa Señoría e non cuestiona en absoluto o sistema, Sr. Calviño, cuestionou determinado procedemento e como eu teño

algo de xurista, se se cometen erros corríxense e iso foi o que fixen porque quero que ese vehículo o día da mañá, se gobernan vostedes o poñan en funcionamento porque axuda a regular o tráfico e hai moitos cidadáns que son maleducados, vostede sábeo, que non axudan ós que gobernamos pero tamén hai que reeducar e estámolo facendo a través da Escola de Seguridade Vial que temos todos os anos nas escolas que é onde máis se aprende porque os cativos son coma esponxas e o día de mañá nos poden botar en cara se non respectamos as normas de tráfico.

Paréceme, Sr. Calviño, que tiveron argumentos suficientes, fíxeno con vehemencia porque eu son unha persoa moderada e coñécenme moitos dos que están enfronte, pero cando eu coido que se fai unha utilización dun interese persoal ou partidista, Sr. Calviño, non xogamos limpo.

SR. SOTO FERREIRO: Sr. Coello, agradézolle a súa prolixa explicación no que vale e só me vou referir a dous puntos concretos que vostede toca porque llos tocou antes o Sr. Calviño.

Vostede sabe e por se acaso o quero explicitar en voz alta no Pleno da Corporación, que ó Partido Galeguista e a min mesmo o vehículo chamado multamóvil parécenos unha ferramenta eficaz, demostrouse que foi a ferramenta máis eficaz para erradicar a dobre fila, na miña opinión. Se se axusta ó procedemento legal vixente como vostede di, é unha ferramenta útil para quen queira. Polo tanto eu apoio absolutamente iso e esas medidas de futuro das que vostede fala e que segundo di non se van opoñer nin os de letras; serán os que teñan poucas letras porque realmente non por seren de ciencias ou letras nos imos opoñer ninguén ó futuro.

Bromas á parte paréceme que ten razón no fondo do tema, , paréceme que hai novas ferramentas tecnolóxicas que poden e deben ser empregadas para a defensa xeral do ben común, obviamente, e neste caso o ben común é axudar a que a circulación na cidade sexa a mellor posible. Pero hai un elemento contradictorio no seu discurso e sabe que llo digo sen ningún tipo de acritude ou animadversión, pero é unha reflexión que eu lle quero facer.

Igual que vostede buscou a fórmula para que esa ferramenta que califico de eficaz que é o chamado multamóbil poida funcionar, debéra facer o mesmo cos puntos; aí é onde na miña opinión ten unha contradicción moi dura. Vostede en caso de dúbidas busca a fórmula para o utilizar, no outro tema en caso de dúbidas abstense e ademais di cousas que, con todos os respectos, non teñen que servir para motivar unha decisión. Se a vostede lle preocupa que a un cidadán radicado en Vigo se lle sancione a un da Coruña non, pois

felizmente hai autonomía municipal para unha serie de cousas, por exemplo para os impostos e hai cidadáns de Vigo que pagan unhas cousas e outros doutro lado pagan outras e moitos argumentos máis que lle podería citar. Non son eses argumentos válidos, a igualdade non é igualitarismo nin uniformismo, a igualdade é que existan dereitos iguais e habendo dereitos iguais evidentemente si que podemos empregar outras ferramentas.

Eu voulle dicir por qué me parece ben, igual que me parece ben o multamóbil porque "polos seus feitos os coñeceredes", o dos puntos igual. Paréceme que o dos puntos foi a ferramenta máis eficaz en moitísimos anos para que houbera unha actitude diferente en moitísimos condutores á hora de coller o coche. Se vostede non recoñece iso non está recoñecendo algo que tamén é obxectivo e certo, igual que eu llo recoñezo no tema do multamóbil.

Se iso é así vostede debe apurar o seu uso e non utilizar argumentos que defenden dereitos de cidadáns. A min a defensa dos cidadáns impórtame tanto como a vostede pero ás veces hai que elixir os dereitos. A miña escolla é a de elixir os dereitos dos inocentes que morren porque algúns imprudentes ou inconscientes utilizan os coches indebidamente. Escollo a defensa deses dereitos, incluído por certo a defensa dos mesmos imprudentes e inconscientes que collen un coche, por exemplo, pasados de alcohol e poden causar danos gravísimos.

Recoméndolle que faga un relectura dese tema e que na medida en que sexa posible que vostedes utilicen unha ferramenta que lles dá a lei, igual que o multamóbil tamén lles dá esta, pois utilícena. En todo caso non teñan medo ós temas electorais porque tratados neste ton sempre son noxentos. Ó mellor vostedes defenden os dereitos dos cidadáns, electorais ou o que queiran, dos que conducimos, pois defendan os dereitos dos inocentes que son moitísimos máis, a ver se agora cada individuo que se senta nun automóbil vai ser culpable dalgo; nin moito menos.

Polo tanto eu pídolle a vostede, Sra. alcaldesa e ó seu Goberno, un trato neste tema diferente, que o estuden, que o reelaboren e que utilizando as posibilidades que lles dá a lei defendan a vida de todos antes dalgún presunto dereito dalgúns poucos que realmente o que están a facer é causar estragos graves.

SR. TOBA GIRÓN: Neste tema como nalgún outro ó noso grupo prácenos a posición garantista do Sr. Coello e xa o dixemos.

Para empezar, Sr. Coello, a posición garantista da que o seu Goberno e vostede mesmo presumen debera aplicarse tamén á Ordenanza de normalización

lingüística porque este documento que nos pasa vostede, que é apócrifo porque non está asinado, está só escrito en español. Aplíquese vostede o garantismo de xeito coherente e dese xeito seguramente estaremos máis de acordo.

Neste tipo de temas que teñen que ver coa seguridade o noso grupo apreciaría un posicionamento que seguira na liña do que xa lles expuxemos cando discutimos o tema do chamado multamóbil. A liña debera ser que o Sr. concelleiro de Tráfico, Sr. Coello, convocara a Comisión de Xestión Municipal, como expresamos xa naquel Pleno, puxera enriba da mesa os procedementos para este caso e para o outro, porque nos dous casos estamos falando de procedementos dirixidos á sanción por un mal comportamento no tráfico. Nun caso e no outro estamos falando de procedementos sancionadores, no caso do multamóbil de alcance local e tamén no tema dos puntos.

Curiosamente o noso grupo aprecia posicións máis ou menos garantistas dependendo de qué cousas se trate, e dígoo con toda claridade. Apreciamos a súa posición garantista neste tema dos puntos e acabamos de escoitar a súa argumentación; non a apreciamos no tema do multamóbil onde quedou vostede comprometido de presentar ante a Comisión de Xestión Municipal un procedemento que poideramos revisar e comprobar a súa legalidade, non a efectos de garantir nada máis que a seguridade das persoas porque iso é o fundamental. Sen embargo neste tema a súa posición é tan garantista que conleva o incumprimento da lei e isto para un cidadán normal non é fácil de comprender, Sr. Coello e Sra. Presidenta.

Dicía vostede na súa intervención que entendía que esta lexislación era axeitada para grandes corredores e vías interurbanas, dicíao así expresamente. Pois non, Sr. Coello, está vostede errado porque mire o que pensa un cidadán normal: eu veño por unha vía interurbana a 100 km por hora e con velocidade controlada e se me paso me multan e me quitan puntos, pero me meto en Vigo e entro a 140 km por hora e se me paso me multan pero non me quitan puntos.

Aprecie a diferenza e vostede, que é unha persoa sensata, estará comigo en que a ecuación así non ten solución porque é ridícula. Ó final o peso da sanción, que non pensen só na sanción monetaria senón a sanción de correr o risco de perder o carné que eu coido que é o que pretende realmente a lexislación e o que aporta en positivo, pois resulta que hai illas nas que non se aplica.

Entón si que temos un problema porque pillan a unha persoa facendo unha barbaridade en coche por un deses corredores interurbáns que vostede cita como axeitados para a aplicación da lei, hai sanción e retíranse puntos; o mesmo experimentado corredor de automóbil métese na nosa cidade e sancionámolo pero non lle quitamos puntos. Iso visto cos ollos dun cidadán normal sinceramente non se parece soste. Mantén vostede neste tema unha posición en exceso garantista de quen está cometendo unha infracción e poñendo en perigo a vida das persoas que vostede tamén ten que garantir, garantía que indubidablemente debe ter prevalencia. Erra de medio a medio. Do mesmo xeito no tema do multamóvil xa temos apreciado no Pleno e así o dicimos, unha posición en exceso garantista do Grupo municipal Socialista e así o queremos expresar porque sinceramente tampouco entendemos; quen aparca ou deixa o coche en dobre fila está cometendo unha infracción que actúa sobre a seguridade dos demais ou provoca iso que os técnicos de Tráfico chaman "tráfico de retención" e polo tanto está actuando sobre a seguridade dos demais.

Nós debemos ter unha obriga fundamental: garantir a seguridade e para iso hai que poñer en marcha todos os mecanismos.

Eu linme a lei, non teño o se asesoramento pero permítame que lle diga que esta é unha interpretación de exemplificación preparada, Sr. Coello, porque efectivamente o momento en que o sancionado aboa a multa para acadar o 30% da bonificación, á vista da letra o do espírito da propia lei ese pagamento de multa representa unha aceptación da sanción e polo tanto un propio recoñecemento dunha actuación que debe ser sancionable. En consecuencia o aboamento da multa con ese 30% de bonificación corresponde ó mesmo tempo á caída dos 4 puntos do carné. Pero é verdade que o procedemento ten un erro e que o cidadán sancionado non é informado e polo tanto aboa a multa recoñecendo nese momento a caída dos 4 puntos.

Este é un tema que sinceramente debера ser discutido con máis demora porque entendo o razoamento de seu pero vostede tampouco me pode quitar a razón nos que eu acabo de expresar, Sr. Coello. Seguramente se este tipo de asuntos se levaran á comisión de Xestión Municipal e se estudaran os procedementos para aplicar o tema do multamóvil que ten aspectos positivos, no que evidentemente temos que garantir os dereitos dos cidadáns, tamén os do sancionado pero sendo conscientes e capaces de entender a diferenza das categorías entre infractor e quen pode poñer en risco a vida dos demais, da mesma maneira esta aplicación debería ser estudada nesa Comisión de Xestión Municipal.

Hai un último tema que me parece crucial e que dalgún xeito eu quería presentar como emenda á moción do Grupo municipal Socialista, coa que sucintamente estamos de acordo basicamente porque non é máis que aplicar a lei. Tendo en conta que actualmente as competencias sobre Seguridade e Tráfico non están aínda no goberno autónomo, esperemos que logo do debate estatutario ó mellor si pero agora seguen estando no Gobeno central, é obvio que unha actuación deste tipo debería ter en conta a aplicación das medidas coa colaboración da FEGAMP porque a min non me preocupa que a cidade de Vigo sexa en exceso cautelosa na protección dos cidadáns, pola contra para min sería un síntoma de lexítimo orgullo e niso coincido co Sr. Soto.

Quen prefira carreiras de velocidade nas súas rúas que opte en consecuencia, o noso grupo non e niso coincido co Sr. Soto, non coido que sexa orgullo para ningunha cidade permitir as carreiras de automóbiles deste xeito pasivo, non actuando. Pero en todo caso si se bota de menos unha actuación coordinada coas administracións municipais e particularmente coa FEGAMP que é o organismo que en Galicia as representa.

Nese sentido íamos presentar unha emenda á moción do Sr. Calviño porque entendemos, non por diferencias de igualdade, senón por necesaria homoxeneidade na garantía da seguridade das persoas, que a FEGAMP debера tomar compromiso de aplicación no seu conxunto, non para tratar de forma discriminatoria a uns cidadáns e outros, cousa que non me preocupa politicamente, senón para asegurar que as condicións de seguridade son extensivas á totalidade do territorio galego que iso debера ser o que nos preocupara tendo en conta que nestes momentos esas competencias aínda non son do Goberno galego, esperemos que o sexan e poidamos discutir cunha administración máis cercana.

En todo caso ó noso grupo parécelle ben a moción tal e como está presentada porque, Sr. Coello, o que si é verdade é que as declaracións que fixo o seu goberno, en concreto a Sra. Alcaldesa, non coinciden coa súa argumentación expresada neste Pleno, semella máis unha decisión "política", dicía o Sr. Calviño, si, unha disposición de carácter eu diría que absolutamente discrecional porque non se expresan ningún dos razonamentos que vostede expresa con convicción, aínda que eu tamén con convicción lle discuto, Sr. Coello.

En todo caso tamén estaríamos de acordo votando a moción con esa engádegas que faga referencia á necesaria colaboración da FEGAMP para facer extensiva a actuación ó conxunto do territorio galego, aceptaríamos.

Seguimos invitando a que o concelleiro de Tráfico e Seguridade convoque esa comisión de Xestión Municipal, por certo, cumprindo un acordo deste Pleno da Corporación relativamente recente e poidamos discutir alí con toda calma e tranquilidade tanto este procedemento como o procedemento tamén en litixio político en relación co multamóbil.

SR. CALVIÑO RODRÍGUEZ: Empezando quizais por isto último para deixar o tema e para non facer o que xa estamos acostumados, o "totum revolutum", aquí estase a falar dunha cousa e convén levala a outros temas en ocasións moi diferentes, neste caso non tanto e tamén o teño que recoñecer.

Sobre o tema do multamóbil límitome a pedirlle ó Sr. concelleiro de Seguridade e Mobilidade que cumpra o acordo plenario no que vostede nos ía explicar a fórmula máxica e marabillosa pola que se podían cumprir as diversas resolucións xudiciais para a legalidade das sancións impostas polo multamóbil. Ata o momento non o fixo, nin clarexou absolutamente ren sobre o tema e se quere teño moitas resolucións xudiciais coas que lle podería aburrir moitísimo aquí lendo todo o que din os señores Maxistrados que invalidan dende o punto de vista legal o funcionamento do chamado multamóbil nestes intres. Coido que non hai dúbida respecto á miña disposición persoal a loitar pola disciplina do tráfico e en concreto contra a dobre fila, etc., pero xa lle dixen por activa e por pasiva que sería o primeiro en alegrarme.

Pero tamén lles direi unha cousa: non o fan vostedes así noutros sitios. Vostede falou de Gijón e non me preocupe de ver os demais sitios porque é absurdo metérmonos nesas historias xa que é aquí onde temos as resolucións xudiciais. En Gijón hai unha alcaldesa socialista e un grupo municipal do Partido Popular na oposición, grupo que cando puxeron o multamóbil, por certo cunha intensidade moito menor no tema das sancións, dedícase máis que a poñer sancións, que tamén o fai, a procurar actuar como elemento disuasorio para a mellora do tráfico dun xeito absolutamente diferente o aquí, entroutras cousas alí semella que non teñen tanto problema de dobre fila. Dedicáanse a pasos de peóns, paradas de autobuses, etc., que tamén é un problema grave aquí como vostede moi ben sabe, pero o grupo do Partido Popular cando empezou o multamóbil en Gijón dicía que vai contra as liberdades dos cidadáns, dicía cousas absolutamente de tolos que non escoitou vostede deste representante do Grupo municipal Socialista.

Direille que en canto se enteraron do tema aquí xa presentaron a moción para parar o multamóbil tamén en Gijón cos mesmos argumentos, algúns

calcadiños da moción presentada por este grupo municipal socialista porque o cumprimento da lei é algo que nos obriga a todos á marxe da ideoloxía política. A ideoloxía vese logo nos tratamentos, na barbaridade de dicir cousas como as que ás veces se din metendo a pata consideramente. Por certo, recoméndolle que se ben sacou unha pata que saque a outra tamén que lle quedou dentro do multamóbil.

A min o que me preocupa é que co tema do multamóbil estamos creando cidadáns de dúas categorías: o cidadán cumpridor que recoñece a infracción, a paga e non recorre e o cidadán cara lavada, como vostede sabe moi ben, o cidadán multireincidente que se toma a chacota as normativas, as ordenanzas, o multamóbil, etc., que co sinxelo feito de recorrer líbrase da sanción hoxe por hoxe. Iso é o que estamos creando aquí, ese garantismo do que se está a falar serve aquí para crear cidadáns de dous categorías: o máis educado que cumpre e o que non cumpre e se especializa, vai seguer facendo o que lle peta.

Ese non era o tema de fondo que hoxe realmente traíamos aquí. O tema de fondo de hoxe era que fundamentalmente polas declaracións da alcaldesa, porque non escoitei a ningún outro alcalde unhas declaracións do estilo das ditas aquí, é obvio que a incorporación á nova normativa ten que ser algo gradual. Eu mesmo sorprendinme cando lía a data do Boletín Oficial do Estado onde está a lei que é do 20 de xullo de 2005 porque me parecía moi lonxe. En efecto requeríu todo este tempo asegurar as maiores garantías para que se puidera aplicar a lei. Pensei que era de xullo de 2006, confeso que aí me trabucaba porque precisamente do que se trata con estas leis é asegurar que se poden ir cumprindo.

Os concellos téñense que incorporar, entroutras cousas acadando os certificados dixitais, toda unha serie de medios técnicos que os conecten coa Dirección Xeral de Tráfico que é algo que leva obviamente un tempo. Que un se vaia preparando e cando teña o tema resolto se incorpore é algo defendible. Mesmo é defendible que esperemos a ver que pasa cos demais concellos, que falemos coa FEGAMP, coa Federación de municipios é totalmente defendible.

O que non é defendible é a provocación dunhas declaracións que levan ós medios de comunicación a dicir: "Porro decide que os radares só sirvan para recadar, non para quitar puntos" e ó lado di máis: "Unha nova desautorización da alcaldesa a decisións do seu concelleiro de Tráfico que días antes dixera o contrario". Son verbas entrecomiñadas, verbas da

alcaldesa. Hai acordos técnicos como instalar os radares e outros políticos como este.

Iso é o que fai específico o problema en Vigo, que hai unha alcaldesa que presume de que este é un tema de decisión de politiquería barata e de electoralismo; iso é o que fai diferente a situación aquí e por iso é unha garantía de que nos imos incorporar. Se se aproba esta moción e vostedes dígnanse cumprila, porque como ven sendo cotiá fan o que lles peta, pero iso é o que fai diferente a situación en Vigo e por iso esta moción, porque outra cousa é defender xusto todo o contrario do que vostede estivo a defender da igualdade ante a lei. Fala de Madrid, de Barcelona, doutros concellos, algúns moi perto aquí, por certo, que están aplicando o tema e que non se preocuparon de cumprir a lei.

O que nós estamos a defender aquí con declaracións como esas é a desigualdade flagrante dos cidadáns e todo iso por recadar, por non quitar puntos, electoralismo, covardía política como dicían os xornais, etc. Iso era o que había, a situación diferente aquí.

Respecto a todo o que nos explicou, eu dende logo non quero facer aquí de deputado ou lexislador como semella que tentou vostede. A folla que nos presenta aquí recoméndolle que lla faga chegar ós deputados do PP para que acaden mellorar esta lei, que é moi posible que sexa mellorable como todas as leis, pero dende logo non é o papel que temos que cumprir neste Concello.

Eu sei que a aplicación desta lei ten as súas complicacións, por suposto, pero nós estamos aquí para resolver, para asumir esas complicacións, resolver as complicacións que poida ter a aplicación desa lei e non facer de Vigo un sitio distinto.

En canto ó tema do garantismo, a min asómbrame un pouco porque que se presume de garantista cando o que se está a defender, por exemplo no multamóbil, é ós cidadáns multirreincidentes que se van saír "de rosiñas" sen pagar as súas sancións mentres que o cidadán que paga as súas sancións, alá el, menudo garantismo é iso. Pero para garantista dos dereitos dos cidadáns e en concreto dos vigueses habería que escoitar e hai uns meses escoitamos aquí ó Valedor do Cidadán de Vigo falando do garantista que é a Concellería de Seguridade e Mobilidade. De garantista cos cidadáns ren de ren, non é garantista nin siquiera cos dereitos destes concelleiros que están a pedir documentación permanentemente e a Concellería de Seguridade e Mobilidade non a dá; así que de garantismo ren de ren.

Por último dicir que obviamente aceptamos esta proposta de que se leve este tema á FEGAMP porque obviamente se trate de pular que todos os Concellos se incorporen ó cumprimento desta lei e dareille unha tranquilidade que de seguro vai tranquilizar moito á Sra. alcaldesa. O procedemento é tan longo e tan garantista, cumpre tantos requisitos para o cidadán que non se preocupe, todas as sancións que empecen a mandar vostedes dende mañá xa moi posiblemente non signifiquen retirada de puntos antes das eleccións de maio para ningún vigués. O electoralismo pódeno deixar de lado porque non vai haber moi posiblemente retirada de puntos antes de maior porque precisamente o procedemento leva tanto tempo que non van ter ese problema o que espero que lles anime a votar favorablemetne a moción presentada.

SR. COELLO BUFILL: Agradezo as intervencións do Sr. Soto e do Sr. Toba, parécenme mesuradas e aceptamos en principio esa emenda de que a través da FEGAMP se trate de pular a Lei 17/2005, a súa aplicación a todos os concellos e así farémolo chegar, Sr. Toba e Sr. Soto.

Pedir desculpas ó Sr. Toba por pasar esa folla en lingua castelá e non en galego pero a redactei onte pola tarde e o meu galego é deficitario aínda que o tento mellorar.

Sr. Calviño, non vou redundar no que comentamos, levaremos a ese consello municipal no mes de xaneiro, Sr. Toba. Estamos a piques de que o documento tamén da Universidade de Vigo nolo presente xa totalmente pechado en canto ó convenio que temos porque se tomaron o tempo necesario os profesores da Universidade de Vigo para matizar algunhas cuestións e coido que ese documento será tamén enriquecedor e ilustrativo de todo o tema que se está presentando. Nada máis, moitas gracias.

SR. CALVIÑO RODRÍGUEZ: Vou ler a emenda que presenta o BNG: Dirixirse á FEGAMP co obxecto da súa aplicación no conxunto do territorio de Galicia.

SR. SOTO FERREIRO: Para comprender o que imos votar, Sra. alcaldesa, eu entendo que é unha emenda de adición, imos votar o texto do Sr. Calviño máis o que propón o Sr. Toba.

Emenda formulada polo voceiro do Grupo municipal do BNG, Sr. Toba Girón:

Dirixirse á FEGAMP co obxecto de que asuma o compromiso da aplicación da Lei no conxunto do territorio de Galicia.

Vótase a moción do Sr. Calviño Rodríguez xuntamente coa emenda formulada polo Sr. Toba Girón transcrita anteriormente.

(No momento da votación están ausentes os Sres. Alonso Vázquez, Arias moreira, Figueroa Vila, Iglesias Carrerae Viéitez Alonso e a Sra. Graña Barcia).

VOTACIÓN E ACORDO.- Con trece votos a favor dos Sres. e Sras. Bermúdez Pérez, Caballero Miguez, Calviño Rodríguez, Cotobad Tombo, Fernández Fernández, Garrido González, Losada Alvarez, Martíns Vilanova, Méndez Piñeiro, Ruiz Cenicerós, Sío Lourido, Soto Ferreiro e Toba Girón, e oito abstencións dos Sres. e Sras. Coello Bufill, Comesaña Abalde, Couto Pérez, Guerra Fernández, López-Chaves Castro, Molares Pérez,

ACÓRDASE:

Primeiro.- Solicitar da Alcaldesa que revise a súa decisión e tome as medidas oportunas para que Vigo non sexa unha excepción á hora de aplicar a lei pola que se regula o permiso e licencia de condución por puntos.

Segundo.- Dirixirse á FEGAMP co obxecto de que asuma o compromiso da aplicación da devandita Lei no conxunto do territorio de Galicia.

37.- (285).-MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSDEG-PSOE SOBRE AS NOVAS TARIFAS DE TRANSPORTE URBANO COLECTIVO.

ANTECEDENTES.- O voceiro do Grupo municipal Socialista, Sr. Calviño Rodríguez, por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 14 de decembro de 2006, formula a seguinte moción:

"O día 26 de outubro de 2006 solicitei da Concellería de Mobilidade e Seguridade unha serie de datos sobre o Servizo de Transporte Público realizado pola empresa concesionaria VITRASA sobre os que ata o momento non teño recibida información ningunha. No Pleno do mes de novembro presentei un rogo reclamando esa información á maior brevidade posible, así como o informe da auditoría realizada sobre o servizo realizado pola empresa concesionaria. O 7 de decembro reiterei de novo a solicitude sen que ata o momento teña recibido información ningunha.

Tales datos eran necesarios para a preparación por parte deste Grupo Municipal da súa posición na Comisión Sectorial de Transporte e Xunta Local de Prezos das novas tarifas do transporte urbano colectivo en autobús para o ano 2006.

Ante a convocatoria da Comisión e Xunta Local para o primeiro 15 de decembro e, ante a previsión de que o Goberno Municipal non teña previsto debater este asunto no Pleno, o Grupo Municipal Socialista presenta o seguinte acordo, por forza xenérico ante a ausencia dos datos e a propia inexistencia de informe-proposta, o Pleno da Corporación:

Que se debata a proposta do Grupo Municipal Socialista e as do resto dos grupos se as houberse, sobre as novas tarifas de transporte urbano colectivo en autobús para que poidan ser tidas en conta pola Xunta de Goberno Local."

A comisión informativa de Mobilidade e Seguridade, en sesión do 18 de decembro, quedou enterada do contido da anterior moción.

DEBATE.- SR. CALVIÑO RODRÍGUEZ: Esta moción é un clásico, ten que o ser, coido que o tema da suba do transporte público, do seu posible potenciamento, etc., debe ser obxecto alomenos de debate un día ó ano.

Lamentablemente tamén é unha moción "preventiva" na medida en que o que se propón é que se debata a proposta do grupo municipal socialista e a do resto dos grupos se as houberse neste Pleno sobre as novas tarifas de transporte urbano colectivo en autobús para que poidan seren tidas en conta pola Xunta de Goberno Local.

Como no momento de redactar esta moción aínda non tiveramos nin a xuntanza da Xunta Local de Prezos, nin a Comisión Sectorial de Transporte, presentei esta moción cunha intención preventiva a fin de que non sucedera o que de novo volveu suceder, que este tema tan importante se trate a presa e correndo os últimos días do ano porque obviamente o hai que comunicar á administración galega.

O comezo da exposición de motivos fai referencia a que xa dende o 26 de outubro solicitei información á Concellería de Mobilidade e Seguridade sobre unha serie de datos do servizo de transporte público, teño as copias non sei se de tres ou catro escritos solicitando esa información. No último Pleno mesmamente formulei a mesma necesidade de contar con esa información e mesmo din o dato de que había unha auditoría xa realizada que foi un compromiso do Pleno do ano pasado que estaba enriba da mesa da Concellería dende hai moito tempo e non se recibía información por parte do goberno ós grupos da oposición e lamentablemente parece que esta presentación preventiva tamén tiña a súa xustificación porque recibimos unha sucinta información e a auditoría da que falaremos en todo caso noutra ocasión, teño moito interese en falar do informe de control da concesión de transporte da cidade de Vigo pero se é posible non mesturemos demasiado, fagamos referencia ó que sexa necesario exclusivamente.

Lembremos que no debate deste mesmo tema do ano pasado mesmo se chegou a suspender esta sesión plenaria para atender á petición que fixera o BNG naquel intre debido ás propostas do grupo municipal socialista que poñía enriba da mesa o tema grave do aumento impresionante de número de viaxes de pensionistas I e pensionistas II, que supoñía un ingreso importante para a concesionaria, sen que houbera contrapartida para o Concello e polo tanto para os intereses públicos.

Daquel debate que eu presentei en decembro do ano pasado quedaramos precisamente en que a curto prazo se ía facer a auditoría, íámola tratar abondo para sacar conclusións que nos serviran para o debate que temos hoxe. Lamentablemente o último día, porque repito que unha hora antes da Xunta Local de Prezos e da Comisión de Transporte recibín a información que tiña solicitada dende o 26 de outubro.

Lamentablemente estamos na mesma situación, de novo se reflicte un incremento facendo extrapolación ó que restaba do ano 2006 respecto do 2005, de novo un aumento increíble do número de viaxes polos pensionistas I e II de case 630.0000, é dicir, un incremento do 30%, repito que facendo extrapolación dos últimos meses dos que non había datos, supoñendo un comportamento semellante ó resto do ano, hai de novo un incremento dun 30% do número de viaxes dos pensionistas.

Lembrarei unha cousa que me semella asombrosa, ós incumprimentos xa estou acostumado a que a Concellería de Seguridade e Mobilidade faga o que lle pete malia as boas verbas que sempre ten o Sr. Coello xa non me estrana. Pero dunha cuestión tan sinxela como poñer a tarxeta verde dos pensionistas I e II de color diferente, que foi unha esixencia presentada por min no Pleno do ano pasado, precisamente para evitaren que haxa o que todos supoñemos que ten que haber, senón que o ano pasado aumentara un millón e pico o número de viaxes, que este ano de novo aumente en 630.000, etc., aí hai algo. Obviamente á empresa non lle preocupa quen utiliza a tarxeta de pensionista I e II, pero curiosamente a empresa aceptaba perfectamente que se fixera unha tarxeta alomenos doutra cor para que non haxa o que todos supoñemos que debe de haber, á marxe de que a utilización das cousas gratuitas é sen cancelas. Nin iso se aplicou, nin iso se tivo en conta e para a empresa fenomenal, para os intereses públicos do Concello fatal porque ese euro se paga relixiosamente, sexa para unha parada ou para un non pensionista que utiliza o carné de pensionista I e II que obviamente na concesionaria ninguén está interesado en que non se faga o que todos supoñemos que se debe de estar a facer.

Pero á marxe deses elementos a min o que máis me preocupa é que moi mala debe ser a política de apoio ó transporte público do Partido Popular neste goberno porque malia o que din os xornais en grandes titulares de incremento do número de viaxeiros, etc., cada ano hai un incremento, eu pódolles dicir que do ano 2003 ó 2004, se descontamos o número de pensionistas que utilizaron no 2004 que naquel ano era o pensionista I exclusivamente, se descontamos o número a maiores que fixeron eses pensionistas, o número de viaxes realizados diminuíu do 2003 ó 2004 e teño os números, Non os quero aburrir pero se ós 19.325.296 do 2004 restámoslle os 232.000 de viaxes a maiores dos pensionistas, quedan 19.000.000 case cen mil mentres que o ano anterior foran 19.247.000. Unha diminución de 150.000 viaxes do 2003 ó 2004.

Do 2004 ó 2005 se descontamos exactamente igual 1.043.000 viaxes a maiores dos realizados historicamente polos pensionistas I e II, quedamos practicamente igual a número de viaxeiros do ano 2004. Coido que debe haber un grande erro na política de apoio ó transporte público do goberno desta cidade porque as cifras dende logo son moi claras e explícitas a ese respecto, por tocar moi de pasada porque si ten unha relación a negativa consecuenta a apoiar o plan de transporte metropolitano que coido redundaría en que aumentara o número de viaxes da empresa concesionaria de transporte en Vigo, Vitrasa, e que entroutras cousas tamén posibilitaría que moitos empadroados en Vigo, porque os que veñen traballar a Vigo eu os considero de Vigo exactamente igual e temos que facilitar que haxa o mellor transporte público e que se poidan desprazar dos concellos limítrofes do mellor xeito posible porque entre outras cousas serán usuarios tamén de Vitrasa, da concesionaria de Vigo.

Entre outras cousas estamos impedindo por cabezonería deste goberno que os empadroados en Vigo, que moitos deles traballan en concellos limítrofes, non poidan ter ó mellor un atractivo no transporte público cara eses outros postos de traballo e a O Porriño por exemplo hai moitos, a Redondela, etc. tamén, pero lles estamos impedindo desfrutar dunha subvención dos seus billetes do 36% por cabezonería desta política de apoio ó transporte público que aplica axeitadamente o actual goberno.

A verdade é que se a iso lle poñemos un tema que a min me parece importante, qué nos interesa máis? Apoiar o uso do transporte público ós usuarios de verdade, ós que non fan unha viaxe porque si, senón por exemplo ós que se desprazan ó seu centro de traballo ou de estudo en transporte público. Iso supón que fan sobre unhas 50 viaxes se ten xornada única ou 90

viaxes aproximadamente ó mes, pois se temos en conta ese espectro en concreto de usuario que é o que máis nos interesa apoiar e potenciar, lembrareilles que cando presentei en febreiro deste ano unha moción sobre estes mesmos temas para ese tipo de usuario o transporte público de Vigo é o máis caro logo de Palma de Mallorca de entre todos os concellos dos que se facía un estudo pola revista da Organización de Consumidores e Usuarios. É dicir, para o usuario cotiá temos o transporte público máis caro da península.

Se temos en conta que o Concello está a pagar á concesionaria en concepto de subvencións, viaxes de pensionista, etc., máis de 6.200.000 euros o ano pasado, é dicir, máis de 1.100 millóns das antigas pesetas, coido que algo está errado na política de apoio ó transporte público do goberno do Partido Popular.

Precisamente por iso agora a conclusión tarde, mal e a rrastras non pode ser máis que o remendo, a conclusión na data na que estamos non pode ser máis que o remendo mínimo que podemos facer. Alomenos non lles subamos ós usuarios o custo dos bonos.

A proposta que fai o grupo municipal socialista, que coincidía por certo coa do BNG na comisión de Transporte e na Xunta Local de Prezos, é que dado que non tivemos todo ese tempo para analizar máis polo miúdo as conclusións que teriamos que sacar disto que acabo de comentar, conclusións que dende logo teñen que implicar forzosamente un cambio de relacións coa concesionaria á que lle estamos dando cartos sen ningunha contrapartida en moitos casos e xa falamos de relacións con outra concesionaria nunha anterior moción tamén do grupo municipal socialista, onde semella que se defenden máis os intereses das concesionarias que o interese público; con rotundidade.

Hose, día dos Santos Inocentes, non queda máis que o menor dano posible, o remendo máis fácil que é que na proposta que vostedes fan, que repercute a suba nos bonos do usuario normal, que é obviamente o que nos interesa potenciar, e dos bonos estudante, etc., que non se suba, que os dous céntimos de euro que vostedes suben na proposta que levaron á Comisión de Transportes e á Xunta Local de Prezos que queden polo menos como están, é dicir, o bono bus normal en 70 cts., non en 72 como é a súa proposta, que o bono bus estudante quede en 67 cts. e non 69 e que o bono bus universitario quede en 48 cts. e non 49 como é a súa proposta.

Deixo por suposto para outra ocasión falar moito máis polo miúdo de temas como o prezo/quilómetro que nos sae o das lanzadeiras etc., que esixiría unha reformulación total do que é o transporte público da nosa cidade.

SR. COELLO BUFILL: Un pouco por alusións ó comezo da súa intervención, Sr. Calviño, teño a relación de informes que vostede fixo á área de Mobilidade e as datas: petición de informe 10/11/2006, contestada o 28/11/06; petición de informe 13/11/2006, contestada o 28/11/06; petición de informe 4/12/2006, contestada o 5/12/2006; petición de informe 7/12/2006, contestada o 15/12/2006.

Xa quedou dito e vostede tivo unha intervención coido que non afortunada naquela mesa do Consello Sectorial do Transporte na que pouco menos, tal como recolle a acta que eu non escribo, o Sr. Calviño di "Que se incumpriran os acordos adoptados..." dicíndolle que chegara hoxe cando o servizo a tiña dende outubro polo que hai unha falsedade. Rexeiteille persoalmente aquelas declaracións e teño un escrito do auditor no que se desculpa porque aquí está o CD e na que recibimos o día anterior con tipex corrixiran eles que non nos. Ó mellor o tipos utilízase nalgunha oficina ministerial pero non na miña e se vostede me permite llo leo. Di: "Estimado Antonio, entereime do problema que se produciu na reunión cos grupos. Aínda que é imperdonable o que ocorreu quérote pedir desculpas por iso. Cando me chamaste para me pedir as copias estaba de viaxe e non puiden supervisar a entrega e por iso se produciu o erro de utilizar unha portada do borrador de outubro cambiada a mano, para colmo, a data da entrega real. Polo tanto insisto en lamentar o erro que se debe unicamente á miña culpa. En escrito dirixido a dona Carmen Pintado incluo a relación detallada co desenvolvemento do traballo que se rematou en decembro recollendo as cuestións que se comentaron na reunión de outubro coas asociacións de veciños".

O calendario di: "De acordo coa súa petición a relación, o plan de traballo que se levou a cabo para a realización do traballo de referencia, primeiro, inicio do traballo: se comezaron a finais de marzo e durante o mes de abril levouse a piques a recopilación de información en Vitrasa. Maio, xuño e xullo, fíxose o traballo de campo de control e contraste da información que se inclue no informe. En outubro dictouse un borrador para que fose a base da reunión coas asociacións de veciños, reunión que tivo lugar. O 4 de decembro remitíuse ó Concello o informe recollendo as cuestións requiridas na devandita reunión. Con data 12 de decembro (loxicamente logo de estudado

polos técnicos e asesores) recibíuse a aprobación do mesmo. O día 14 de decembro requiríuse a edición de exemplares para a entregar ós grupos, o que así se fixo”.

Sr. Calviño, os documentos están aí e eu non creo que un auditor se xogue o prestixio persoal en manipular algúns informes. Dígolle novamente que na nosa Concellería xamais se utilizou o tipex para cambiar algunhas datas.

Feito ese preámbulo teño que dicir que as competencias son do goberno da cidade en canto a materia tarifaria. Nós apostamos dende un primeiro intre polo transporte colectivo e vostedes sábeno. Asumimos que o establecemento das tarifas do transporte colectivo debe ter en conta por riba de calquera tema todos os intereses dos usuarios que ven aumentados os prezos debido ó custo da vida que se atopa en continuo crecemento e fai cada día máis difícil acceder a determinados bens. É por iso que o transporte urbán debe ser accesible ó usuario sobre todo polo feito de que representa un servizo público que debemos tender a mellorar, que pretende a mobilidade dos cidadáns en aras a unha mellor e maior comunicación entre os mesmos. Entendemos que ha de pasar por estableceren un prezo que permita o acceso do maior número de usuarios posible e máis aínda daqueles cuxa capacidade económica é máis reducida, colectivo máis afectado polas subas das tarifas. Sr. Calviño, dende logo este goberno non vai cambiar a política de gratuidade respecto ós pensionistas con menos recursos, grupos I e II, porque é unha política deste primeiro goberno que lidera con moitísimo orgullo a Sra. Alcaldesa e que se tivo en conta dende o primeiro día que nos fixemos cargo e ó pouco tempo de tomar posesión. Eu tento aplicar esta política porque penso que é xusta e necesaria e paréceme que nas reunións que tivemos coas asociacións veciñais e no Consello Sectorial así quedou manifestado, é unha política aceptable.

É recente pero é curioso, sempre teño que recorrer a estas cousas, non me gusta pero en data 19 de setembro de 2006 en Expansión di o seu grupo en Madrid que o PSOE propón o transporte público gratuito para xóves e maiores: “O cambio urbanístico que pulará o partido no goberno nas eleccións municipais incluírá a gratuidade deste servizo. A medida engadirase a outras reformas para diminuír o uso do coche”.

Qué quere que lle diga Sr. Calviño? Que nós apostamos antes que vostedes? Evidentemente, apostamos por esa política de gratuidade para as persoas con menos recursos. O Sr. Viéitez que hoxe non está aquí fixo unha intervención que a imos estudar e que en principio imos ir por ese camiño. Intervíu na Mesa do Transporte dicindo que para aquelas persoas maiores de 65 anos que

non teñen ningún tipo de pensión, se estudara a posibilidade de gratuidade para este tipo de colectivos que poden estaren afectados por unha escaseza de recursos. Ímolo ter en conta porque coincidimos co BNG nesta materia porque coido que é razoable e necesario.

Tamén de acordo coa súa intervención sobre a cor das tarxetas, xa se iniciaron contactos con Caixanova a efectos de poder poñer doutra cor a tarxeta verde para control. Atrasouse porque nun primeiro momento pensabamos que íamos ter dentro daquel acordo marco da área metropolitana, que desgraciadamente tamén quedou aparcado polo seu grupo en Santiago, teríamos un debate sosegado do tema do transporte colectivo da nosa área metropolitana, pero desgraciadamente non poido seren.

A ese respecto tamén lle contesto que tivemos moitas reunións e cartas co Sr. Baños e a última que nos remitíu, que ó final non nos puidemos reunir con el porque xa non está na Dirección Xeral de Transporte, inmediatamente que tiver coñecemento de que unha viguesa estaba ó fronte da Dirección Xeral de Transporte, a Sra. Marchao, con quen manteño unha estreita relación, feliciteina e púxenme ó seu dispor. É máis, ela propúxome que pospuxéramos a reunión para logo destas datas navideñas porque acababa de aterrar e vai vir a este Concello porque aínda que eu me ofrecín para ir a Santiago, como ela é aquí, díxome que non había problema para se reunir a primeira hora o día que fose. Xa está sinalada a data para logo de Reis.

Nós queremos chegaren a un acordo e por iso imos retomar o tema da área metropolitana, queremos que cheguen os autobuses a Vigo cos usuarios porque beneficia ó transporte colectivo e ó interurbán. Pero repito que é innegociable por cuestións técnicas a Praza de España, é requisito sine qua non. Na Praza de España non poden entrar os autobuses interurbáns e iso é innegociable; buscaremos e tentaremos chegar a calquera outra solución pero que non sexa a Praza de España porque xa temos moitas complicacións técnicas nos tempos semafóricos e non dá para máis, vostede deberíao saber. Os enxeñeiros comentáronme que creariamos un serio problema pero non se preocupe que nos imos sentar, pero repito novamente que quen chamou fun eu á directora xeral de Transporte para me poñer ó seu dispor.

En canto ó que dixo da tarifación si lle podo dicir que nos últimos dez anos as tarifas subiron menos do IPC co que estamos asumindo o tema proposto co resto de impostos e taxas e ímolo manter, ese é o criterio. Hoxe ás 6 da mañá escoitei que os viaxes da autopista subiran un 6%, pois nós subimos a metade na cidade de Vigo e por exemplo aínda menos nos bonos, ós estudantes 1 céntimo e ós usuarios en xeral 2 céntimos. Imos seguir con

esa política de mellora que non coincide en absoluto co que vostede di en canto ás cifras que dá, pero esa é unha discrepancia que podemos manter.

SR. TOBA GIRÓN: En primeiro lugar nós entendemos e quero clarexalo, que estamos xa executando o que propón a moción do Grupo municipal Socialista e parécenos ben, pero comentaba co Sr. Calviño antes de comezar o Pleno que nós por suposto iamos votala porque o que propoñía era que "se debata a proposta...". Non houbo necesidade de votar a moción porque estamos debatendo, o que me parece encomiable tendo en conta que non houbo Xunta de Voceiros cousa que me debe permitir considerar que algunhas veces é mellor que non se reuna a Xunta de Voceiros e dígoo en relación coa moción do Consulado. Ás veces algunhas cousas ocorren así.

Vou expoñer o por qué do noso posicionamento na Xunta Local de Prezos e na comisión correspondente en relación coas tarifas do autobús. Permítanme que fale exclusivamente de tarifas aínda que faga referencia a algún dato máis que me interesa salientar, pero fundamentalmente de tarifas porque diso falamos hoxe.

SR. SOTO FERREIRO: Perdón, Sr. Toba, permítame un inciso para unha cuestión de orde que non é por nada da súa intervención, pero é que isto non sei onde vai derivar.

Sra. alcaldesa e Sr. Calviño, o debate debe ser moi importante porque está sendo longo abondo pero, que é o que se propón realmente para votar? Agora xa o digo sen broma. Cal é a proposta?

A PRESIDENTA: Nada.

SR. CALVIÑO RODRÍGUEZ: Son os inconvenientes das mocións preventivas ó igual que os das guerras preventivas. O que se debate é unha proposta concreta. O problema é que a moción era que alomenos tiveramos a oportunidade, non cunha moción de urxencia, senón de debater os grupos da oposición algo que é decisión e competencia da Xunta de Goberno Local, como todos sabemos. En definitiva tratar a proposta da suba de tarifas para o ano que ven. Eu presento in voce a proposta en concreto de que non suban os bonos. O novo é que hai xa unha proposta concreta por parte do Grupo municipal Socialista de que os bonos non suban na tarifa deste ano prevista para o transporte público e proposta polo Goberno.

SR. SOTO FERREIRO: Agora enteireime dalgo máis. Desculpas, Sr. Toba.

SR. TOBA GIRÓN: Eu entendo a perplexidade do Sr. Soto porque eu tamén estaba perplexo pero como imos debater, debatamos. Eu vou seren breve pero conciso.

Os datos que nos aporta este documento que nos enviaron recentemente e que nós aínda non rematamos de estudar porque votamos en falla unha parte que xa comentaremos noutro momento, pero reflicte tres datos que ó meu modo de veren son relevantes a respecto do transporte público. Primeiro é que temos unha velocidade alta; a velocidade media está preto dos 16 km./hora, estamos realmente moi por riba da media e iso indubidablemente quere dicir seguramente, aínda que o documento non o expoña, que as infraestructuras realizadas de comunicación que desconxestionan o tráfico están permitindo a desconxestión tamén do transporte público.

Digo isto porque é un dato do que non podemos facer prevalencia en relación cos carrís bus porque neles estamos moi por baixo do promedio de distintas cidades españolas, un tema no que debemos mellorar. En todo caso fixémonos en que non mellorando os carrís bus si melloramos na velocidade comercial, o que expresaba que aquelas infraestructuras que se levaron a cabo e que agora disfrutamos eran rotundamente necesarias, perentorias e viñan xa con retraso á nosa cidade.

Saliento eses dous temas porque coido que son os cambios máis significativos xunto cun terceiro que ten que ver efectivamente co tema das tarifas porque este é un tema do que sinceramente non podemos estar satisfeitos e permítanme nada máis que un apuntamento.

Non podemos estar satisfeitos porque no seu momento a adxudicación que se fixo, coido lembrar que no ano 93 ou 94 se non me falla a memoria, foi unha adxudicación a unha oferta mala, dígoo con claridade, unha oferta que tiña unha determinación de tarifas e de cálculo de custo coche/quilómetro absolutamente desprendido dos problemas da cidade e por certo cunha primeira formulación de liñas absolutamente impresentable para a nosa cidade, podía ser moi axeitado para unha cidade como Murcia pero nada que ver coa nosa cidade. Era realmente unha oferta mala e iso nos conduce dende aquela a ir arrastrando o debate sobre a fórmula polinómica que é un debate do absurdo porque non conduce a nada. A fórmula polinómica conduce á evidencia constatable de que a famosa fórmula provoca un incremento continuado das tarifas sen reportar un mellor servizo. Esta é a realidade.

Daquela adxudicación e do seu pecado nacen os problemas que se poñen de relevancia en canto que se fai un estudo con coidado dos datos que temos. Temos unha tarifa, un billete ordinario moi caro. Hai outras cidades do noso tipo que teñen tarifas moito máis baratas e non vou falar de Pamplona con 0,72 e estou falando de billete ordinario que non de bono bus; mesmo falo da Coruña en relación coa nosa propia tarifa.

Iso é practicamente imposible resolver porque o prego de condicións teño que recoñecer que nese sentido quedou francamente moi ben atado por aquela maioría que votou aquela adxudicación, pero é posible paliarlo se arbitrando o mecanismo do bono bus que se universalizou ó longo do anterior mandato, acadamos as ratios de facilitación do uso do bono bus que aínda non temos. Temos dereito a estar descontentos de dous aspectos: primeiro do tema dos carrís bus e segundo da extensión do bono bus porque a nosa extensión do bono bus, o uso do billete ordinario, á vista dos datos é de arredor do 30%, pero a media nas cidades españolas está arredor do 19%.

Isto quere dicir que moitas cidades, ante a situación tarifaria optan por unha política de aplicar recursos ó abaratamento da tarifa por vía de bono bus. Esta é a clave e esta Corporación e a que ven van ter que asumir o custo económico dunha maior extensión do bono bus ó longo dos próximos anos, inevitablemente. É un custo económico importante, cando nós universalizamos o bono bus mesmo recibimos críticas doutros grupos en razón do custo desa universalización pero a realidade é que temos que seguir aplicando esa liña ata acadar non menos de cobertura do 80% e actualmente andamos arredor do 70%.

Esa é a única maneira de promocionar o transporte público e de promover un sistema máis sustentable de comunicación na nosa cidade, vainos custar recursos e haino que asumir ata o final, non queda outro remedio. Promoveremos así o uso do transporte público e polo tanto un medio ambiente máis san; aprenderemos a lección para cando toque a adxudicación dunha nova concesión administrativa e se saiban atar eses "detalliños" que non se ataron no ano 94.

Polo tanto, en consideración a isto que lles acabo de expresar moi sucintamente porque coido que o debate estaba un pouco pesado, a posición do noso grupo é que aumente a diferenza entre o custo do bono bus e o do billete ordinario. Voulles dicir máis, permítanme facer un achegamento a unha política digamos de corte máis populista da que saben que non son partícipe, pero permítanme expresarlles que a consideración a respecto da

política tarifaria realmente volveuse moi negativa polos cidadáns e dio o propio estudo.

Neste momento hai unha parte importante dos cidadáns que pensa que a tarifa é moi cara porque hai unha boa parte dos cidadáns que aínda non utiliza o bono bus. A medida que debemos adoptar é a de conxelar o bono bus, aumentar o gasto social en transporte, aumentar a diferenza entre bono bus e bono ordinario e permitir polo tanto que as porcentaxes de uso de bono bus en conxunto non acade menos dun 80%, falo de bono bus estudante, pensionista I e II.

A sinxela conxelación este ano dese bono bus andaría en custos arredor dos 220,000 euros aproximadamente, non é un custo elevado para unha política de transporte máis eficaz e teremos que andar por ese camiño e deberemos ser quen de seguir profundizando nela ó longo dos vindeiros anos porque o contrato adxudicado no seu día non dá folgura para moito máis.

En segundo lugar fago mención á proposta que fixemos xa na Xunta Local de Prezos en relación coas persoas que non posúen rendas porque efectivamente resulta contradictorio que nestes momentos haxa categorías de cidadáns que teñen ingresos realmente pequenos, cales son os pensionistas I e II e que teñen nestes momentos a capacidade dun uso gratuito do autobús e non o teñan persoas que non teñen ningún ingreso, asunto que xa víu precisamente pola nosa oficina e eu supoño que pola de vostedes nalgues.

Contando con que ese segundo tema se estude porque tampouco se trata de se meter nun asunto sen o ter estudado cun pouco de rigor nestas cousas, o noso posicionamento na Xunta Local de Prezos polas razóns expostas é a conxelación do bono bus e esa é a recomendación que facemos, se vote ou non no Pleno que entendemos que non se vota porque sinxelamente aprobamos tacitamente unha moción para debater, pero a nosa recomendación sería a conxelación dos bono bus.

SR. SOTO FERREIRO: Teño para min e manifesteino en distintos Plenos da Corporación que, coincidindo substancialmente coa intervención do Sr. Toba, a adxudicación que se fixo no seu día á empresa Vitrasa foi non mala senón nefanda. Considero absolutamente culpable a aquela Corporación de facer unha adxudicación que lle reporta un beneficio absolutamente leonino á empresa Vitrasa e non hai máis que mirar no contorno da Coruña, de Ourense e doutros lugares en como están os prezos e esas empresas que hai por aí fóra non perden senón que gañan cartos.

Eu xamais apoiaría decisións políticas para tumbar empresas polo tanto eu defendo que a empresa Vitrasa ou calquera outra poida pervivir como empresa e por suposto con dignidade retributiva entroutras cousas para todos os seus traballadores incluído o xerente de Vitrasa que, por certo, parécese unha persoa intelixente, xa mo parecía cando era director xeral e síguemo parecendo agora.

Pero esa é unha cousa e outra é a cuestión de fondo da adxudicación que se fixo no seu día e se nos parece a todos inxusta, que a min parécese, se hai algún buraco por onde nos meter deberamos estudalo e falo claramente de confrontar os intereses dos posibles, presuntos para min, beneficios da empresa Vitrasa, non do benestar de todos os seus traballadores e mesmo o xerente, os esaxerados beneficios da empresa Vitrasa cos intereses obxectivos dos cidadáns de Vigo e se hai camiños por onde nos meter, que na nosa opinión os hai, metámonos, confrontemos.

Insisto en que niso estou de acordo co fondo da exposición do Sr. Toba, pero se temos que falar de cousas coma esta, si que é procedente a recomendación do Sr. Calviño.

Queren todos vostedes que teñamos unha reunión para falaren do A ó Z do que é a concesión que ten Vitrasa? Saibamos primeiro as políticas que queremos, analicemos custos de billetes noutras cidades da nación galega e da española.

Outro dato máis: se é certo que unha multinacional está a piques de acadar a compra do paquete de accións da empresa Vitrasa, certifica máis o que dicía. Se algún empresario galego importante no mundo do transporte me dá a información de que iso é un movemento especulativo, entón bótome as mans á cabeza porque está facendo un fantástico negocio económico que están pagando os cidadáns vigueses billete tras billete e iso parécese gravísimo e merece a intervención desta Corporación.

Polo tanto eu solicito non só ó Sr. concelleiro senón á Sra. Alcadesa, unha reunión concreta sobre o tema de Vitrasa para que entre todos analicemos as posibilidades de cambiar tarifas e servizos, as dúas cousas e a partir daí poderemos falar. Mentres e como solucións parche, ponte ou solucións inmediatas, a que comentaba o Sr. Toba parécese axeitada pero na nosa opinión hai que ir moitísimo máis aló e esta non é unha proposta para os próximos meses, senón que é para os próximos anos. Para que quede claro doutro xeito, se vostedes xa veñen facer este tipo de traballo agora, ben; se non é así na próxima Corporación seguirei pedindo o mesmo e se temos capacidade para decidir o que hai que pedir tomen nota do que pode pasar.

SR. CALVIÑO RODRÍGUEZ: É que pasa o de todos os anos, Sr. Soto, porque o que está expoñendo vostede, que o fixen eu na primeira intervención, era no que quedamos o ano pasado. O ano pasado se interrompíra o Pleno, tiveramos conversas, montamos reunións coa empresa precisamente porque aquel ano era a proposta na que eu dicía que a suba dos bonos en todo caso que fora a conta da empresa porque xa lle regalabamos bastante co incremento en bola de neve das viaxes de pensionista, iso foi no que quedamos o ano pasado e se contrataba esta auditoría, agora informe de control da concesión de transporte da cidade de Vigo, precisamente para ver a fondo porque nos atopabamos cun prego de condicións que en efecto tiña moitas dificultades de modificar o que estamos presentado todos enriba da mesa; que hai que modificar seriamente a relación e as condicións coa concesionaria do transporte público en Vigo e ó mellor modificar os criterios para as tarifas, potenciando o que eu dicía das 40 ou 90 viaxes, etc.

Era o momento e para iso nos marcamos un calendario, íase encargar a auditoría nada máis rematar no mesmo decembro, obviamente cos procesos administrativos. En base a ese traballo íamos debater a fondo sobre o tema. Moito me temo pola ollada que xa lle botei que isto non vai valer para grande cousa.

Non fun eu quen de novo sacou o tema de decembro-outubro do tipex, Sr. Coello, sabe de sobra que eu pedira que nos deran o que houbera da auditoría que tiñan dende outubro, non tiña que estar rematada coa última páxina, o que houbera porque o compromiso era que antes de que nos xuntamos para debater das tarifas durante o ano 2006 faláramos de todos estes asuntos, este era o compromiso. Eu sabía que tiñan información abondo, que xa vexo que mesmo considerada rematada non é abondo, pero vostedes nin caso e foi cando apareceu o do tipex tapando outubro e poñendo por riba decembro.

Non quero falar máis do asunto pero o tema é que quedamos o ano pasado en facer todo iso. Agora nos podemos ir moi tranquilos sabendo que non se vai facer ren, sabendo que no momento no que estamos, coas eleccións en maio, etc., coa tomadura de pelo respecto dos acordos plenarios repetidas veces tomados e no tema do transporte todos os anos a mesma postura, vaise facer algo? Por suposto que se se fai a comisión de Xestión ou o que faga falla, adiante, falarémolo. Pero o grave do asunto e o que estou a denunciar con

esta moción preventiva hoxe é que non se fixo nada nun ano, tomóusenos o pelo, iso é o que digo.

Obviamente, dado que convén que a opinión da oposición sexa coñecida, outra cousa é que sexa ou non tomada en conta por parte do goberno municipal, non me importa que se vote ou non. O que está claro é que alomenos semella que os grupos da oposición como mal menor entendemos que non sería unha mala saída que os bonos non incrementaran o seu prezo este ano que era a proosta concreta que tiñamos enriba da mesa.

SR. COELLO BUFILL: Unicamente dicirlle ó Sr. Toba que había dúas alternativas e podémolo analizar e se acaso nos próximos orzamentos facer unha análise da súa proposta porque había esa posibilidade, xa que como sabe vostede sempre se pode subir en céntimos constantes ou ben o que vostede propuxo. Non é excesiva esa cantidade e analizáremolo por se o podemos levar ós orzamentos.

A PRESIDENCIA: Sr. Soto, deulle unha resposta distinta o señor relator pero eu lle dixen que non había que votar ren, unicamente que faga unha emenda sobre a marcha pero non hai que votar nada tal e como está.

SR. SOTO FERREIRO: Eu entendín que facía unha proposta concreta que ademais coincidía coa do Sr. Toba no sentido de que realmente non houbera suba nos bonos.

SR. CALVIÑO RODRÍGUEZ: Pero votala ou non é irrelevante, na miña opinión. Como queiramos, podemos poñer en efecto a emenda in voce da proposta de conxelar os bonos pero é irrelevante votala ou non, xa falamos os tres grupos municipais, xa dixemos que somos partidarios desa conxelación, vai ser a Xunta de Goberno Local a que faga o que lle pete como ven sendo cotiá, aínda que se queren votamos.

A anterior moción non se somete a votación.

38.- (286).-ROGOS E PREGUNTAS.

* ROGO DA CONCELLEIRA SRA. MÉNDEZ PIÑEIRO, DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG, RELATIVO Á DURACIÓN DAS INTERVENCIÓNS NOS DEBATES DE MOCIÓNS.

SRA. MÉNDEZ PIÑEIRO: Teño que confesar que levo con esta pregunta dende hai dous Plenos e sempre pasa que falamos tanto nas mocións que non hai maneira de chegar ós rogos e preguntas.

Aproveito para facer un chamamento: non sei se somos conscentes os señores e as señoras concelleiras, que por outra banda somos máis concisas, que levamos máis de dúas horas e pico debatindo cinco mocións. Dende aquí faría o rogo de que na Xunta de Voceiros se puxeran tempos para a discusión das mocións. Os xornalistas están aburridos e non poñen atención a nada, os concelleiros chega a metade da moción e distraémonos.

Pediría que na próxima Xunta de voceiros poñan os tempos de debate e cumprámoslos.

* PREGUNTA DA CONCELEIRA DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG, SRA. MÉNDEZ PIÑEIRO, RELATIVA O ARRANXO DE DEFICIENZAS EN PISCINAS DE TEIS A LAVADORES PARA A ACCESIBILIDADE DE PERSOAS CON MINUSVALÍAS.

SRA. MÉNDEZ PIÑEIRO: Pregunto sobre unha moción que se presentou no mes de xuño neste Pleno por parte do noso grupo, concretamente presenteina eu, onde se solicitaba que ante as deficiencias detectadas nas instalacións deportivas municipais para que poidan acceder a elas as persoas con discapacidade, en concreto falabamos das piscinas de Teis e Lavadores onde nalgúns casos non había tratamento antideslizante do chan, non había escaleiras nin rampla para acceder a elas e pediamos literalmente que “con urxencia se arranxen as deficiencias detectadas nas instalacións deportivas municipais” e referiamonos a eses dous exemplos concretos.

Seguimos a recibir queixas indicando que non se arranxaron das persoas que acuden habitualmente a estas piscinas. Concretamente o mes pasado comentababamos unha persoa que no pavillón de Lavadores seguen sen existir prazas de aparcadoiro para discapacitados e só se trata de pintar esas prazas para persoas con discapacidade.

O tema do chan antideslizante tanto na piscina de Teis como na de Lavadores tampouco cremos que custe tanto poñelo nas zonas nas que falte.

Son pequenas cousas nalgún caso e noutras máis importantes pero como seguimos a recibir queixas que non se arranxaron, a pregunta é: podería dicirnos a Sra. Concelleira de Deportes qué medidas puxo en marcha e cales se ten previsto poñer a maior brevidade posible, como pediamos na nosa

moción, para que non segan acontecendo accidentes e problemas con estas persoas?

A PRESIDENCIA: Como sempre terá a resposta por escrito.

* ROGO DA SRA. MÉNDEZ PIÑEIRO, DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG, RELATIVO A INSTALACIÓN DE MOBILIARIO URBANO.

SRA. MÉNDEZ PIÑEIRO: Dende hai case un ano está pendente de aprobar o concurso público para a concesión da instalación do mobiliario urbano. Levamos con este tema xa nin quero saber canto tempo. Daquela iniciiei xuntanzas cunha serie de mulleres das parroquias e dos barrios de Vigo, coas vocalías das asociacións de veciños e con diferentes grupos de mulleres e un dos principais problemas que temos nesta cidade é o do transporte público e da accesibilidade a ese transporte de toda a poboación en xeral.

Todos e todas sabemos que as principais usuarias do transporte públicos somos as mulleres. Mulleres que viven nas parroquias, que ó mellor teñen un coche na casa que evidentemente leva o marido e elas teñen que coller o autobús. Hai múltiples problemas con transporte urbano.

Unha das cousas que manifestan é que non hai liñas suficientes, a frecuencia dos autobuses, etc., queixas repetidas barrio por barrio e asociación por asociación. Outra das queixas repetidas é que fan falla máis marquesiñas en todos os barrios e sobre todo nas parroquias.

Xa que non se resolve o concurso, eu tomei a decisión de ir pedindo marquesiñas en cada Pleno, a ver se algún día se resolve o concurso ou senón facemos unha marquexiña aínda que sexa os concelleiros. Neste caso concreto do que xa falamos dúas veces e que mo mandaron as mulleres da parroquia de Castrelos, piden se é posible, por favor, a instalación de dúas marquesiñas, unha en Porto Lourido e outra na Costa, porque se levan unhas molladuras terribles neste inverno tan chuvioso e o problema segue sen resolver, iso si, nos Pleno debatemos moito.

Sra. Alcaldesa, o rogo é de que se resolva a maior brevidade posible o concurso e que vaian tomando nota onde fan falla as cousas nesta cidade para que a cidadanía de Vigo de verdade teña o servizo que se merece.

E sen ter máis asuntos para tratar, o Sr. Presidente deu por rematada a sesión, ás doce horas e vintetrés minutos, da que se redacta a presente acta; como secretario dou fé do seu contido e incorpórase ó libro de actas do Pleno autorizada coa miña sinatura e maila do Excma. Sra. Alcaldesa-Presidenta, conforme ó previsto no artigo 110.2 do RD 2568/1986.

kv.

A ALCALDESA,

O SECRETARIO XERAL DO PLENO,

M^a Corina Porro Martínez

José Riesgo Boluda.